



DOLORES PEREIRA OLIVEIRA
OLIMPIA LÓPEZ RODRÍGUEZ
MARIÁM MARIÑO COSTALES

Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista



**Informe sobre os arquivos públicos en Galicia.
Unha perspectiva de xénero e feminista**

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2019
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Documentalista

Susana Guitar Novo

Revisión lingüística

Laura Piñeiro Pais

Imaxe da cuberta

Fonte: <http://www.archives.gov.on.ca/fr/index.aspx>

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Realiza


Lúdica7

Depósito Legal: C 251- 2019

ISBN 978-84-17802-00-4

**DOLORES PEREIRA OLIVEIRA
OLIMPIA LÓPEZ RODRÍGUEZ
MARIÁM MARIÑO COSTALES**

**Informe sobre os
arquivos públicos en
Galicia. Unha perspectiva
de xénero e feminista**



Agradecementos

A Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega xunto coas autoras deste informe que-
ren agradecer o apoio recibido tanto de amizades e compañeiras coma doutras persoas, ins-
titucións, organizacións e arquivos que, sen nos coñecer, nos facilitaron xenerosamente os
datos, as achegas de contidos, os matices, os comentarios, as estatísticas e as informacións
que conforman este informe. Sen o seu apoio e colaboración, este traballo non podería terse
levado a cabo. Agradecemos pois expresamente a colaboración:

Ás seguintes institucións: Escola Galega de Administración Pública, Subdirección Xeral de
Arquivos da Xunta de Galicia, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Com-
postela, Valedor do Pobo de Galicia e Consello Consultivo de Galicia.

Á organización BAMAD–Galicia.

Aos seguintes arquivos e bibliotecas: Arquivo da Consellería de Industria (A Coruña),
Arquivo de Castilla-La Mancha, Arquivo do Consello de Contas, Arquivo da Emigración Gale-
ga, Arquivo do Parlamento de Galicia, Arquivo Militar Intermedio do Noroeste, Arquivo Muni-
cipal de Ferrol, Arquivo Municipal de Oleiros, Arquivo Sonoro de Galicia, Arquivo da Univer-
sidade da Coruña, Arquivo da Universidade de Santiago, Arquivo da Universidade de Vigo,
Arquivo Xudicial da Coruña, Arquivo Xudicial de Lugo, Arquivo Xudicial de Pontevedra, biblio-
teca do Consello da Cultura Galega e Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia.

E moi especialmente ás seguintes persoas: María Lorena Antelo Romero, Vanessa Brea,
Isabel Buján Fernández, Beatriz Díaz Vázquez, Jaime Fariña Fernández, José Felipe Fernán-
dez López, Carolina García Borrazás, Teresa García Domínguez, Teresa García Fernández,
Marina García Pita, Susana Guitar Novo, Dolores Lestón Suárez, M^a José Liñares Noya, Pedro
López Gómez, Luis Martínez García, Pilar Martínez García, Aurora Maya Trujillo, Susana Mayo
Redondo, Carmen Moreiras Plaza, Rosario Pérez Magdalena, Carmen Pérez Pais, Cristina
Pujales Prats, Carmen Rial Quintela, Cristina Ramos, José Rodríguez Villasante, Rodrigo Silva
Poceiro, Anxos Sumai García e Consuelo Tacón Sanjuás.

documentos & informes

Índice

12 PRESENTACIÓN

14 ADRO

18 SIGLAS EMPREGADAS

22 ÍNDICE DE CADROS E GRÁFICAS

25 INTRODUCCIÓN

31 MÉTODOS E TÉCNICAS

**35 O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A SÚA COMISIÓN DE IGUALDADE.
INICIATIVAS EN PATRIMONIO DOCUMENTAL**

O patrimonio documental e as súas unidades de xestión no CCG

Arquivos e centros de documentación

Arquivo da Emigración Galega

Arquivo Sonoro de Galicia

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

Álbum de mulleres

Arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia

Libros

Informes

Xornadas

Xénero e documentación

45 ARQUIVOS, XÉNERO E FEMINISMOS. EXPERIENCIAS ATA 2017

51 ARQUIVOS PÚBLICOS EN GALICIA

Os arquivos públicos en Galicia e as súas características

Arquivos de titularidade estatal xestionados pola Xunta de Galicia

Arquivos territoriais da Xunta de Galicia

Arquivos centrais da Xunta de Galicia

Arquivos xudiciais

Arquivos dos órganos estatutarios

Arquivos universitarios

Arquivos das administracións locais

Outros arquivos en Galicia

Iniciativas de xénero/feminismo/igualdade nos arquivos públicos

- Arquivos de titularidade estatal xestionados pola Xunta de Galicia
- Arquivos territoriais da Xunta de Galicia
- Arquivos centrais da Xunta de Galicia
- Arquivos xudiciais
- Arquivos dos órganos estatutarios
- Arquivos universitarios
- Arquivos das administracións locais

65 ARQUIVISTAS

Arquivistas nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia

- Arquivistas nos arquivos de titularidade estatal
- Arquivistas nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia
- Arquivistas nos arquivos centrais da Xunta de Galicia
- Arquivistas na Subdirección Xeral de Arquivos
- Arquivistas nos arquivos xudiciais

Arquivistas nos arquivos dos órganos estatutarios

Arquivistas nos arquivos universitarios

Arquivistas nos arquivos das administracións locais

85 TRATAMENTO ARQUIVÍSTICO DOS FONDOS DOCUMENTAIS

A recollida

A custodia

O servizo

Outros ámbitos: política de xestión de documentos, arquivo único e outras normas e modelos

95 REFLEXIONANDO SOBRE USUARIAS E USUARIOS DE ARQUIVOS

101 FORMACIÓN E PLANS DE ESTUDOS

Estudos universitarios

Outros cursos

113 PARA UN USO NON SEXISTA DA LINGUA NOS ARQUIVOS

117 A MODO DE CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

123 REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS, DOCUMENTAIS E WEBGRÁFICAS

Presentación

A Comisión de Igualdade, sempre atenta ao seu papel de canle para a análise de todos os aspectos da vida sociocultural de Galicia desde unha ollada feminista, achégase ao estado da cuestión nos arquivos públicos e propón un desafío: atender á revisión dos conceptos de xénero, memoria e patrimonio, e á súa renovación e adaptación aos novos paradigmas sociais e culturais.

As nocións de patrimonio e xénero son construídas social e simbolicamente, polo que é fundamental que organismos como os arquivos, que ao igual que as bibliotecas e centros de documentación teñen a súa misión vinculada ao patrimonio e á memoria colectiva, se fagan responsables da representación equitativa de todas as persoas, desde unha perspectiva real, creativa, con metodoloxía científica, e crítica coas discriminacións en xeral e coas das mulleres en concreto.

Condénsanse así os elementos e ideas que impulsaron —e impulsan— a liña de traballo «Xénero e documentación», posta en marcha pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega en 2007. Nela enmárcanse catro edicións das xornadas desenvolvidas baixo o mesmo rótulo e o informe que agora presentamos.

Trátase dunha publicación que deriva das xornadas realizadas o 8 de xuño de 2017 tituladas *Xénero e documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*. O informe afonda nestas cuestións e formula propostas para contribuír a que as institucións públicas, incluída a propia, se impliquen no fomento de políticas activas de igualdade nos arquivos públicos galegos, cunha axenda permanente e planificada de accións que desde perspectivas de xénero e/ou feministas contribúan a diminuír as desigualdades e a falta de equidade entre os sexos.

Tamén queremos facer un chamamento á comunidade de profesionais da arquivística para que responda conxuntamente a este desafío, se implique contra as barreiras de xénero e aplique unha perspectiva integradora, revisando e perfeccionando as ferramentas técnicas do seu traballo e tamén as de difusión do patrimonio cultural.

Somos conscientes de que hai que empezar —practicamente— desde cero e que o labor de posta ao día se prolongará durante un longo tempo. Isto suporá un esforzo maior e unha decidida implicación da totalidade de axentes que interveñen no proceso. Daquela, poñemos enriba da mesa este reto ás institucións e ás persoas porque estamos convencidas de que, desde a Comisión de Igualdade, debemos participar activamente na formulación de propostas transversais, que poñan en valor o noso patrimonio documental desde perspectivas feministas, e de que isto redundará en beneficios para o conxunto do país e da súa cidadanía.

María Xosé Porteiro

Coordinadora da Comisión de Igualdade

Adro

Un paso esencial e necesario para o avance e afianzamento das mulleres na sociedade é o coñecemento da propia historia delas mesmas, do feminismo e das súas contribucións ao longo do tempo nos distintos países e ámbitos sectoriais, profesionais, artísticos, científicos, culturais etc.

Para procedermos a desenvolver ese coñecemento é indispensable a identificación, a recompilación, a custodia e a posta á disposición para a investigación de fontes documentais e testemuños. A relación de fontes é considerable: documentos de arquivo, libros, publicacións periódicas, fotografías, películas, fontes orais, fontes epigráficas, pintura, cerámica, páxinas web, redes sociais, obxectos e un longo etcétera. E todo iso a través de séculos.

O desenvolvemento do movemento feminista impulsou estudos e deu lugar á produción dunha documentación específica (libros, revistas, artigos, folletos, entrevistas, chapas, adhesivos, carteis, pancartas, informes etc.). Así mesmo, a súa entrada no mundo académico, en particular a partir dos anos setenta do século xx, incentivou liñas e proxectos de investigación, organización de congresos e seminarios, e xerou máis textos. O sinal do feminismo foise expandindo por diferentes ámbitos: sindical, político, cultural, artístico e social. Todo iso, á parte doutros tipos de publicacións, determinou a elaboración por parte das administracións e organismos intergubernamentais de informes e estatísticas cuxo obxecto de estudo eran as mulleres.

Paralelamente foron xurdindo varias iniciativas desde distintos ámbitos e territorios, como librerías especializadas en libros, documentos e información sobre as mulleres como a Librería Mujeres e Mujeres & Compañía de Madrid, Llibrería de Dones en Barcelona ou Librería Lila de Lilith en Santiago de Compostela. Tamén bibliotecas e centros de documentación como a Biblioteca de Mujeres de Madrid, o Centro de Documentación del Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades ou a Red de Centros de Documentación y Bibliotecas de Mujeres de ámbito estatal, e, en Galicia, o Centro de Documentación e Recursos Feministas dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e, concretamente dentro do Consello da Cultura Galega (CCG), as diversas iniciativas da Comisión de Igualdade, que se expoñerán no presente informe. Convén lembrar tamén experiencias noutros países, como a Biblioteca Italiana delle Donne en Boloña, o Archivo Mujeres y Género en Chile ou en Amsterdam ATRIA. Institute of gender equality and women's history (antes, International Information Centre and Archives of the Women's Movement), coñecido polas súas coleccións documentais e pola biblioteca Women's thesaurus.

A perspectiva feminista e de xénero leva a cuestionar a linguaxe habitualmente utilizada así como categorías e conceptos que marcan discursos, actividades e estruturas tamén no mundo documental. E, así, por exemplo, empezáronse a analizar, sobre todo en centros de documentación e bibliotecas, descritores e encabezamentos de materias; a desenvolver actividades de apoio ao 8 de marzo e ao 25 de novembro; a destacar a mulleres sobranceiras tanto a título individual como colectivo (científicas, mestras, escritoras, obreiras); a promover

exposicións centradas na vida e no traballo das mulleres; a constituír coleccións especializadas en feminismo etc. Pero aínda queda moito camiño por percorrer. Nun ámbito profesional altamente feminizado, como os arquivos, bibliotecas e centros de documentación, semella aínda máis urxente a revisión dos traballos realizados ata agora e as pautas de funcionamento establecidas anos atrás baixo un prisma androcéntrico e patriarcal, sen ter en conta nin a lexislación vixente nin os novos criterios igualitarios.

Hai que destacar o papel da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, creada inicialmente como Comisión Técnica de Xénero en 2005, por ter sempre entre as súas preocupacións e obxectivos o tratamento da información desde un enfoque feminista e/ou de xénero. Con esa premisa levou adiante diversas iniciativas: a creación de espazos de difusión como o *Álbum de mulleres*, *A Saia* (un repositorio de publicacións periódicas feministas), a recompilación da documentación do Movemento Feminista Organizado en Galicia ou a planificación de xornadas e encontros. Nese camiño, as *IV Xornadas Xénero e Documentación, Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia 2017* constituíron un interesante achegamento a eses arquivos. O presente *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista*, promovido pola Comisión de Igualdade, vai supoñer unha valiosa contribución, da que habería que resaltar o seu carácter pioneiro.

O informe, feito desde a perspectiva de xénero e feminista como se especifica no subtítulo, presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galicia relativa a diferentes aspectos (traxectoria dos arquivos do CCG, características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos) e finaliza co apartado «A modo de conclusión e propostas», de sumo interese, no que quedan destacadas as lagoas e os problemas detectados. Aínda que os resultados do informe sexan un tanto desalentadores, este capítulo final reúne unha ampla batería de ideas que poden ser unha excelente folla de ruta para trasladar ás distintas administracións, asociacións profesionais e ao persoal dos arquivos, na procura da mellora do funcionamento dos arquivos tanto na dimensión social coma no enfoque de xénero.

Sen dúbida, son necesarias investigacións, como o presente informe, que con rigor recollen e analicen datos, enquisas e testemuños. Só desta maneira se poderá avanzar no coñecemento da historia das mulleres e no seu afianzamento na sociedade, xa que as bases para ese coñecemento están en parte na documentación depositada nos arquivos.

Por último, hai que agradecer a iniciativa do informe á Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega e a elaboración ás súas redactoras, tres recoñecidas profesionais: Dolores Pereira Oliveira e Olimpia López Rodríguez, ambas as dúas arquivistas, e Mariám Mariño Costales, técnica da Comisión de Igualdade do CCG. Haberá que favorecer a difusión, repercusión e posta en práctica das propostas recollidas no informe, non só nos arquivos públicos senón tamén nos arquivos de empresa e nos arquivos persoais. E, mirando máis aló e por esta senda, arquivos, bibliotecas, centros de documentación e museos deberán confluír interconectados nun mundo dixital e máis igualitario.

Carmen Pérez Pais

Siglas empregadas

ADHUC: ADHUC–Centre de Recerca, Teoria, Gènere, Sexualitat
AEG: Arquivo da Emigración Galega
AHP: Arquivo Histórico Provincial
AMFOG: Arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia
AMTEGA: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
ARG: Arquivo do Reino de Galicia
ASG: Arquivo Sonoro de Galicia
BAMAD-Galicia: Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia
BOE: Boletín Oficial do Estado
CCG: Consello da Cultura Galega
CDG: Centros de Documentación de Galicia
CDSG: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia
CIA: Consello Internacional de Arquivos
CIFEX: Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero
CNEDA: Comisión de Normas Españolas de Descrición Arquivística
DOG: Diario Oficial de Galicia
e-EMGDE: Esquema de Metadatos para a Xestión do Documento Electrónico
EGAD: Grupo de Expertos/as en Descrición Arquivística
EGAP: Escola Galega de Administración Pública
FEGAMP: Federación Galega de Municipios e Provincias
IEB: Instituto de Estudos Brasileiros
ISAAR (CPF): Norma Internacional sobre os Rexistros de Autoridade de Arquivos relativos a Institucións, Persoas e Familias
ISAD (G): Norma Internacional de Descrición Arquivística
ISDF: Norma Internacional para a Descrición de Funcións
ISDIAH: Norma Internacional para Describir Institucións que Custodian Fondos de Arquivo
ISO: Organización Internacional de Normalización
LOD: Linked Open Data
MoReq: Modelo de Requisitos para a Xestión de Documentos Electrónicos de Arquivo
NEDA-MC: Modelo Conceptual de Descrición Arquivística
NEDA-Voc: Vocabulario para a Descrición Arquivística
ODS: Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
ONG: Organización/s Non Gobernamental/ais
ONU: Organización das Nacións Unidas
PARES: Portal de Arquivos Españóis
RiC-CM: *Records in Contexts – Conceptual Model*
RIC-O: *Records in Contexts – Ontology*

RPT: Relación de Postos de Trabajo

UDC: Universidade da Coruña

UNESCO: Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura

USC: Universidade de Santiago de Compostela

UVigo: Universidade de Vigo

Índice de cadros e gráficas

Cadros

- Cadro nº 1. Volume de fondos custodiados en 14 arquivos municipais da provincia de Pontevedra, 61.
- Cadro nº 2. Arquivistas nos arquivos de Galicia de titularidade estatal, 71.
- Cadro nº 3. Arquivistas nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia, 72.
- Cadro nº 4. Arquivistas nos arquivos centrais da Xunta de Galicia, 73.
- Cadro nº 5. Arquivistas na Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia, 74.
- Cadro nº 6. Arquivistas nos arquivos xudiciais de Galicia, 75.
- Cadro nº 7. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. I: Parlamento e Consello de Contas, 77.
- Cadro nº 8. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. II: Consello Consultivo, 77.
- Cadro nº 9. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. III: Consello da Cultura Galega, 78.
- Cadro nº 10. Arquivistas nos arquivos universitarios de Galicia, 79.
- Cadro nº 11. Arquivistas na Administración local. I: As deputacións provinciais de Galicia, 80.
- Cadro nº 12. Arquivistas na Administración local. II: Os concellos de Galicia, 82.
- Cadro nº 13. Outras categorías profesionais á fronte dos arquivos municipais de Galicia, 83.
- Cadro nº 14. Usuarias e usuarios do AHP de Lugo en 2017, 98.
- Cadro nº 15. Alumnado matriculado no Grao de Historia da USC, 2010-2018, 104.
- Cadro nº 16. Alumnos e alumnas matriculadas no Grao de Historia da USC, 2010-2018, 105.
- Cadro nº 17. Profesoras e profesores no Grao de Historia da USC, 2010-2018, 105.
- Cadro nº 18. Alumnas e alumnos matriculados no Grao de Información e Documentación da UDC, 2013-2018, 106.
- Cadro nº 19. Alumnas e alumnas matriculadas no Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da UDC, 2015-2018, 107.
- Cadro nº 20. Profesorado e alumnado, desagregado por sexos, dos cursos de interese para arquivistas organizados pola EGAP entre 2015 e 2017, 108.
- Cadro nº 21. Matriculadas e matriculados nos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2016, 110.
- Cadro nº 22. Profesoras e profesores nos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2016, 110.
- Cadro nº 23. Matriculadas e matriculados nos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2017, 110.
- Cadro nº 24. Profesoras e profesores dos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2017, 110.
- Cadro nº 25. Matriculadas e matriculados no curso organizado pola BAMAD-Galicia para profesionais de arquivos en 2017, 111.

Gráficas

Gráfica nº 1. Arquivistas nos arquivos de Galicia de titularidade estatal, 71.

Gráfica nº 2. Arquivistas nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia, 72.

Gráfica nº 3. Arquivistas nos arquivos centrais da Xunta de Galicia, 73.

Gráfica nº 4. Arquivistas na Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia, 74.

Gráfica nº 5. Arquivistas nos arquivos xudiciais de Galicia, 76.

Gráfica nº 6. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. I: Parlamento e Consello de Contas, 77.

Gráfica nº 7. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. II: Consello Consultivo, 77.

Gráfica nº 8. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. III: Consello da Cultura Galega, 78.

Gráfica nº 9. Arquivistas nos arquivos universitarios de Galicia, 79.

Gráfica nº 10. Arquivistas na Administración local. I: As deputacións provinciais de Galicia, 81.

Gráfica nº 11. Arquivistas na Administración local. II: Os concellos de Galicia, 82.

Gráfica nº 12. Outras categorías profesionais á fronte dos arquivos municipais de Galicia, 84.

INTRODUCCIÓN

O presente informe ten como obxectivo afondar na realidade actual da rede dos arquivos públicos con actividade en Galicia en toda a súa complexidade desde unha ollada de xénero e feminista, avaliar o camiño andado e xerar propostas críticas co patriarcado e o androcentrismo dominantes que teñan a posibilidade de se traducir en liñas consolidadas de traballo efectivas.

A súa realización é unha consecuencia lóxica dunha primeira aproximación ás cuestións aquí propostas, que no ano 2017 levaron a que o Consello da Cultura Galega, por iniciativa da súa Comisión de Igualdade, promovesse dentro da súa liña de traballo Xénero e Documentación (iniciada en 2007), a realización dunha xornada que permitise centrar a atención, os debates e as propostas sobre o marco da rede dos arquivos públicos en xeral e, sobre todo, nos que desenvolven a súa actividade en Galicia¹. Pretendíase dar visibilidade, coñecer e revelar, no caso de habelas, as actuacións feministas e/ou de xénero existentes nos arquivos. Tratábase, en todo caso, de explorar sobre a necesidade de instalar discusións para promover a reflexión e fomentar a revisión de estruturas que tradicionalmente reproducen e non cuestionan o androcentrismo e as discriminacións e as divisións sociais inscritas na sexuación dos corpos.

Partindo dun rápido percorrido polas circunstancias históricas que configuran a realidade actual, dentro e fóra de Galicia, reveláronse algúns dos elementos que explican as discriminacións inscritas nas presenzas e ausencias das mulleres nos arquivos públicos tanto no que se refire ao desempeño da profesión coma nos documentos, nos usos das fontes documentais, na investigación ou nas propias ferramentas de organización, descrición e difusión dos fondos. Abríronse vías de análise das diferentes realidades, preguntas arredor destas e ante situacións nas que é preciso pór en práctica estratexias que permitan cambialas. En definitiva, púidose visualizar unha parte importante dos elementos do camiño que os arquivos públicos deben percorrer para a construción dunha memoria máis xusta e representativa tanto das institucións como da sociedade civil e que configuran as preguntas, razóns e decisións das que parte a articulación deste informe.

Os arquivos públicos en Galicia son unidades de xestión documental integradas no seo das institucións públicas que os orixinan. Serven á xestión administrativa das súas organizacións encargándose ademais dunha parte singular da custodia, organización e difusión do patrimonio cultural: o referido ao patrimonio documental. Afectan ademais de forma concreta aos dereitos constitucionais e ao dereito da cidadanía a acceder á información do seu interese.

Coma calquera outra unidade administrativa, participan das políticas xerais levadas a cabo polas organizacións ás que pertencen. Neste senso, deberíase sentir tamén neles a acción das políticas referidas á perspectiva de xénero ou á igualdade entre homes e mulleres derivadas das resolucións do Consello Económico e Social das Nacións Unidas desde 1997 ata a actualidade, resolucións ás que se veñen adherindo continuamente todas as administracións públicas do país.

¹ Trátase da cuarta edición das *Xornadas Xénero e Documentación*. Celebráronse o día 8 de xuño de 2017. Nelas, baixo o subtítulo *Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, puxéronse de manifesto diversos aspectos relativos á (in)visibilización das mulleres e das perspectivas de xénero e/ou feministas nos arquivos. Pódense consultar e descargar os materiais derivados en http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=1098 [Última consulta: 18/04/2018].

Ao fío destas consideracións emerxen as preguntas que vertebran estas páxinas e tamén as xornadas mencionadas con anterioridade: participan os arquivos de Galicia e o persoal vinculado a eles dos posicionamentos internacionais e nacionais nesta materia? Son conscientes desta realidade? Actúan de acordo con estas circunstancias? Existen, no marco dos arquivos e da arquivística, políticas activas desenvolvidas desde perspectivas feministas e/ou de xénero? Téñense en conta estas olladas nas propostas formativas orixinadas dentro e fóra do mundo académico? Visualízanse accións ou actitudes proactivas nesta materia?

No que se refire aos fondos custodiados nestes centros, que recollen a produción documental das administracións públicas, custodian os arquivos públicos de Galicia documentos de mulleres, sobre mulleres? Custodian, ou interésanse por custodiar, os documentos do movemento feminista ou dos feminismos? Onde van parar os documentos producidos por elas e sobre elas? Consérvanse? Como? É doado acceder a eles?

Nunha primeira ollada, todo apuntaba e apunta a que nos arquivos públicos de Galicia nin as perspectivas de xénero e/ou feministas, nin os feminismos, nin as organizacións de mulleres, nin a existencia de documentación de e sobre elas son obxecto de atención clara, incluso figuran fóra do ámbito de interese das e dos profesionais. É preciso mudar esta realidade e, desde a Comisión de Igualdade do CCG, esperamos que este informe contribúa a facelo.

Nace pois este informe cunha tripla intención: 1) a de continuar afondando na realidade da arquivística en Galicia, 2) a de seguir afondando nas propostas de xénero e/ou feministas máis actuais ocorridas no marco dos arquivos, no camiño de establecer rutas de traballo e accións máis axustadas á realidade destas unidades de xestión documental e aos obxectivos que deben cumprir no contexto dunha sociedade democrática e 3) a de se dirixir en primeira instancia aos organismos de xestión da rede de arquivos públicos en Galicia sen esquecer a todas e cada unha das unidades físicas que a conforman e a todas e cada unha das persoas que se implican na súa actividade e existencia, incluídas, por suposto, usuarias e usuarios, co obxectivo de ofrecer unha ferramenta de utilidade.

Neste informe preséntase a información distribuída en nove capítulos.

No primeiro, expóñense os métodos e técnicas de investigación empregados nas pescudas. A delimitación do obxecto de estudo —rede de arquivos públicos con actividade en Galicia— amosa as contradicións arredor da realidade dos arquivos e a presenza de persoal ocupado en que estes centros desenvolvan as súas actividades como tal. Révelanse tamén importantes dificultades na obtención de datos cuantitativos e cualitativos e explícanse as técnicas empregadas.

O Consello da Cultura Galega e a súa Comisión de Igualdade, as iniciativas arredor do patrimonio documental e as propostas en materia de igualdade, xénero e feminismos desenvolvidas por este organismo son o centro de atención do segundo capítulo.

No terceiro elabórase unha cartografía das achegas que abordan as problemáticas dos arquivos e da arquivística desde perspectivas feministas e/ou de xénero en Galicia ata 2017. Visibilízanse dez anos de percorrido, de experiencias que poden contribuír a mellorar o deseño e desenvolvemento de futuras propostas.

No capítulo catro, amais de facer unha pequena achega á definición de arquivo público, dáse conta, sempre e cando os datos obtidos o permiten, dalgunha das características físicas dos arquivos públicos en Galicia, e máis concretamente dos arquivos obxecto de interese neste informe. Descóbreanse importantes carencias e préstase ademais particular atención á existencia de iniciativas relacionadas coas políticas de igualdade, coas mulleres, co xénero e cos feminismos reflectidas nos espazos web destas unidades de xestión documental.

Os perfís do persoal á fronte dos arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia, e máis concretamente as arquiteiras, protagonizan as páxinas do capítulo cinco. Pronto se revela que son moi poucos os arquivos públicos que cumpren a Lei de transparencia, o que dificulta enormemente a obtención de datos. A análise realizada, e aínda a sabendas de que no ámbito profesional arquivístico a presenza de mulleres é maioritaria, amosa unha

progresiva incorporación de varóns ás prazas de arquivista, que se vai acentuando nos últimos anos. Desvélanse tamén faltas significativas e casos de prácticas de contratación discutibles.

Ocúpase o capítulo seis de realizar unha análise crítica dos procesos e ferramentas arquivísticas atendendo a todas as funcións dun arquivo. Incídese na necesidade de deixar de traballar con modelos que perpetúan a conservación, organización, descrición e servizo dos documentos desde presupostos propios do modelo sexoxenérico e heterocéntrico dominante. É especialmente importante afastarse del tanto na valoración documental coma na descrición. Unha forma de facelo posible consiste no aproveitamento das achegas que os novos paradigmas descritivos e os novos modelos conceptuais propoñen para presentar a información dun modo máis xusto e non discriminatorio, fomentando por exemplo a representación contextualizada de documentos de arquivo e tamén de axentes e funcións.

No sétimo capítulo reflexiónase sobre os e as usuarias de arquivos. Posto que os centros non adoitan contar con ferramentas que permitan a desagregación de persoas usuarias por sexo e tampouco ofrecen información sistemática sobre e de mulleres nos seus instrumentos de descrición, achegámonos ao tema proposto a través de exemplos e dunha pequena cata realizada no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Unha pequena achega á formación e aos plans de estudo vixentes dirixidos a arquivistas e organizados desde dentro e fóra do ámbito académico centraliza o interese do penúltimo capítulo, onde tamén se fai un rápido repaso aos datos relativos a alumnado e profesorado.

Xa no capítulo nove reflexiónase sobre o sexismo presente na maioría da produción escrita dos arquivos obxecto de interese e recóllense unha serie de recursos para o galego e o castelán, a maioría deles accesibles a través de Internet, que esperamos sexan de utilidade para o uso dunha linguaxe non sexista no ámbito da arquivística e dos arquivos. Seguen a este capítulo as conclusións da análise realizada acompañadas dalgunhas propostas. O informe pecha cun apartado de referencias bibliográficas, documentais e webgráficas.

MÉTODOS E TÉCNICAS

Como xa se indicou, este informe ten como obxectivo xeral realizar unha achega analítica á realidade actual da rede do sistema arquivístico activo en Galicia en toda a súa complexidade e desde unha ollada de xénero e feminista, na procura de propostas que se poidan traducir en liñas consolidadas de traballo destinadas a paliar as discriminacións das mulleres neste campo.

Pártese da premisa de que os arquivos públicos custodian documentos que son froito das funcións que cumpriron e que están a cumprir aínda hoxe unhas organizacións nas que o punto de vista desde o que se enfocan os traballos é patriarcal e androcéntrico e onde as perspectivas de xénero e/ou feministas non son obxecto de atención. Enténdese que o colectivo galego de arquivistas parece estar absorto nun traballo calado de organización de fondos tan pechado en si mesmo que o mantén á marxe de perspectivas críticas coas discriminacións e divisións sociais inscritas na sexuación dos corpos, e ocorre o mesmo nos plans de formación dirixidos ao persoal de arquivos e producidos dentro e fóra da comunidade académica. Nin as perspectivas de xénero e/ou feministas, nin os feminismos, nin as mulleres son obxecto de atención clara, incluso semellan estar fóra do ámbito de interese das e dos profesionais. Pensamos que tampouco se atende ás disposicións legais vixentes en materia de igualdade. Consecuencias disto son, entre outras, a invisibilización das producións de e sobre mulleres, os xéneros e os feminismos nos arquivos ou a falta de información sobre as propias arquiteiras.

A identificación das unidades que compoñen a rede do sistema arquivístico público activo en Galicia é fundamental para a delimitación do marco e a estruturación deste informe. O devandito sistema comprende o Consello de Arquivos de Galicia, o Consello de Avaliación Documental de Galicia e as unidades de arquivo dependentes das institucións públicas (Xunta de Galicia, órganos estatutarios, universidades, deputacións e concellos). Unidades que, para ser contempladas como obxecto de estudo deste informe, deben contar con persoal responsable do seu funcionamento. Enténdese aquí que, no caso de non telo, non pode ser definido como arquivo propiamente dito, senón máis ben como depósito ou almacén de documentos. Son de interese nas páxinas que seguen, polo tanto, os arquivos con actividade en Galicia, as persoas que se implican na súa existencia, incluídas usuarias e usuarios, e os plans de formación arquivística ofertados dentro e fóra do mundo académico universitario. Contéplanse ademais unha serie de obxectivos específicos dos que falamos a continuación.

Dado que a entidade promotora desta pescuda é o Consello da Cultura Galega a través da súa Comisión de Igualdade, quérese dar a coñecer o traballo desenvolvido por esta institución arredor do patrimonio documental e as súas unidades de xestión.

Perséguese tamén cartografar iniciativas e propostas construídas desde olladas feministas e/ou de xénero dirixidas a ou organizadas por unidades de xestión documental en xeral e por arquivos en concreto nos últimos anos, procurando dar visibilidade, coñecer e analizar, no caso de habelas, as actuacións existentes en materia de xénero, feminismos, igualdade e contra a discriminación das mulleres no sistema arquivístico activo en Galicia.

Coñecer de preto a rede dos arquivos públicos galegos máis alá da súa presenza nominal é fundamental para realizar unha análise cuantitativa e cualitativa sobre as persoas que prestan servizos na rede do sistema arquivístico de Galicia.

Quérese realizar, ademais, unha revisión dos métodos e sistemas arquivísticos coa intención de comprobar se a percepción de ocultación da información relativa ás mulleres, aos feminismos e ao xénero nos arquivos públicos é real.

Pechan a lista de obxectivos específicos que se perseguen aquí a realización dunha pequena achega a usuarias e usuarios de arquivos e tamén ao lugar ocupado polo xénero, os feminismos e as mulleres nos plans de estudos, cursos, xornadas e propostas de formación máis recentes dirixidas ao mundo da arquivística.

Canto ás fontes documentais empregadas, tomáronse como punto de partida as intervencións, os relatorios e os debates xerados ao fío da celebración da xornada *Xénero e documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, promovida polo CCG en 2017. Foron tamén de especial axuda as comunicacións relacionadas e presentadas nas *II Xornadas Olga Gallego de Arquivos*, impulsadas pola Fundación Olga Gallego, e en xeral os diferentes artigos en que se abordan directa ou indirectamente as cuestións aquí formuladas.

A localización de información e datos sobre os arquivos públicos con actividade en Galicia foi a que presentou maior dificultade. Apenas existe información previa sobre a presenza de arquivistas neles e, como xa se indicou, este dato é fundamental para a delimitación dos arquivos obxecto de estudo. Consultáronse os espazos web institucionais relacionados, os propios dos arquivos e o portal Arquivos de Galicia. A información obtida resulta insuficiente e, amais de revelar importantes carencias no sistema arquivístico activo en Galicia, obrigou a realizar pequenas entrevistas, ben de xeito presencial, ben por vía telefónica ou a través de correos electrónicos, a persoas vinculadas a estas unidades de xestión documental.

**O CONSELLO DA CULTURA GALEGA
E A SÚA COMISIÓN DE IGUALDADE.
INICIATIVAS EN PATRIMONIO
DOCUMENTAL**

O Consello da Cultura Galega foi creado conforme ao artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia. Réxese pola Lei de creación aprobada polo Parlamento de Galicia o 8 de xullo de 1983, polo regulamento de organización e funcionamento aprobado pola Xunta de Galicia no Decreto 162/2008, do 10 de xullo², e polas normas de funcionamento interno do CCG aprobadas, na súa última versión, no pleno do 29 de novembro de 2009.

Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao CCG compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, incluído o relativo ao patrimonio documental. Neste sentido, correspóndelle asesorar os poderes da comunidade autónoma na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego e elevar informes e propostas a aqueles con este fin³.

Desde os seus inicios, o CCG acometeu a promoción e a difusión da cultura, do patrimonio e a historia galega desde diversos ámbitos. Para este fin foise dotando de distintas seccións, arquivos e comisións técnicas que dispoñen de instrumentos que posibilitan a intervención no ámbito cultural na súa globalidade. No apartado seguinte recóllese información pormenorizada das iniciativas desenvolvidas por esta institución arredor do patrimonio cultural, centros de documentación e arquivos, e préstase especial atención aos traballos realizados desde perspectivas feministas e promovidos pola súa Comisión de Igualdade, a principal impulsora deste informe.

A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade dunha sociedade democrática moderna e Galicia, no seu eido de competencias, comprometeuse no desenvolvemento das obrigas impostas no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, na defensa da igualdade. Son froito deste compromiso a creación desde 1991 de organismos ad hoc e a elaboración de plans de igualdade, a constitución no Parlamento galego en 1994 da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres e a elaboración desde 2004 de diferentes disposicións legais en materia de igualdade que se verán refundidas e aprobadas no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro⁴. Este último está vixente no momento da realización do presente informe e, ao igual que a lexislación elaborada nove anos atrás, propón a transversalidade como instrumento imprescindible para o exercicio da totalidade das competencias autonómicas nesta materia.

No tocante ao Consello da Cultura Galega, a comezos de século XXI, abriuse un proceso de reflexión e debate. Pensouse en iniciar unha liña de actuación dentro do CCG que contribuíse á visibilización das mulleres e as súas producións incorporando o enfoque de xénero.

Entendendo que xénero remite «á organización social das relacións entre sexos» e ás súas especificidades históricas, culturais, sociais, étnicas, de clase; que este enfoque non é reducible á ecuación xénero=muller, nin á simple descrición do que fan as mulleres; que aglutina unha parte importante das investigacións actuais e que constitúe a base sobre a que as institucións elaboran programas e medidas para corrixiren as desigualdades entre sexos, considerouse a pertinencia de que a institución contase cunha comisión específica.

² A lexislación aquí nomeada está dispoñible en <http://consellodacultura.gal/paxina.php?id=4678> [Última consulta: novembro 2018].

³ Información procedente da páxina oficial do CCG. Dispoñible en <http://consellodacultura.gal/paxina.php?id=4655> [Última consulta: novembro de 2018].

⁴ Dispoñible en https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160217/AnuncioG0244-110216-0005_gl.html [Última consulta: novembro de 2018].

Tratábase de aplicar o devandito enfoque a todo o relativo á cultura e á realidade social vivida por mulleres e homes en Galicia, dando conta dos significados de ‘ser muller’ e ‘ser home’ a través da súa presenza nos estudos histórico-antropolóxicos e atendendo á noción de cultura na que se sustentan; elaborando traballos que fagan posible que unha institución como o CCG contribúa á incorporación plena das mulleres na historia, na ciencia, na arte, nos medios de comunicación, nas formas de fala, na Galicia interior e na exterior... e poñendo á disposición informes, recursos e materiais que non asuman representacións tópicas, idealizadas ou ideoloxizadas da «muller galega» e reflectan as realidades plurais vividas polas mulleres galegas.

Froito deste proceso de reflexión, o 24 de febreiro de 2005 constituíuse a Comisión Técnica de Xénero adscrita á Sección de Filosofía e Pensamento. Tivo como coordinador a Andrés Torres Queiruga e contou con mulleres pertencentes a distintas seccións e arquivos do CCG e con outras estudosas do enfoque de xénero⁵.

A Comisión Técnica de Xénero do CCG tiña carácter non permanente e desenvolveu a súa actividade ata maio de 2007. Nese momento, veuse a necesidade de conformar unha comisión permanente que levase a cabo traballos de forma transversal e máis axeitados ás necesidades e obxectivos do propio CCG. Isto tivo como resultado que o 12 de xuño de 2007 se constituíse a Comisión de Igualdade, non adscrita a ningunha Sección, dependente da Presidencia e da Comisión Executiva do CCG e coordinada por María Xosé Agra Romero, que permaneceu neste cargo ata finais de 2016. A composición da Comisión de Igualdade, desde setembro de 2018, é a que segue⁶:

Coordinadora:

María Xosé Porteiro

Membros:

Carmen Cajide Hervés

Luz Darriba

Inma López Silva

Luzia Oca González

Dolores Pereira Oliveira

Alba María Rodríguez Díaz

María Nieves Santomé Couto

Xosé Manuel Santos Solla

O PATRIMONIO DOCUMENTAL E AS SÚAS UNIDADES DE XESTIÓN NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Atendendo ás súas propias competencias, o CCG acometeu varias propostas e actividades relacionadas coa arquivística e o patrimonio documental que se viron materializadas na creación de arquivos e centros de documentación, na publicación de libros, na elaboración de informes e na articulación de xornadas.

⁵ María Xosé Agra Romero asumiu a dirección da comisión, que tiña como membros a Carme Adán Vilamarín, Pilar Cagiao Vila, Encarna Otero Cepeda, Carmen Pérez Pais, Ana Romaní Blanco, María Luísa Sobrino Manzanares, Carme Vidal Lage e Dolores Vilavedra Fernández.

⁶ Nestes 10 anos de existencia pasou por varias renovacións e contou, ademais de coas persoas citadas na nota anterior, con membros como: Aurora Marco, Pascuala Campos de Michelena, Arturo Casas Vales e Narciso de Gabriel Fernández.

Arquivos e centros de documentación

Os arquivos sustentan unha parte fundamental da memoria colectiva, ao mesmo tempo que constitúen o soporte testemuñal da historia. Son depositarios de información de carácter social e cultural, funcionan como custodios da documentación da actividade social e cultural e amósanse, polo tanto, como unha imprescindible ferramenta de coñecemento común. Tendo en conta isto, no seo do CCG, na década dos noventa do século xx, xurdiu a necesidade de actuar en tres áreas de recuperación documental concretas: fondos da emigración, fondos sonoros e fondos sociolingüísticos, que daría lugar á creación de dous arquivos e un centro de documentación, a saber: Arquivo da Emigración Galega (AEG), Arquivo Sonoro de Galicia (ASG) e Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG). Será na metade da década seguinte, xa nos comezos do século xxi, cando, da man da Comisión de Xénero e logo de Igualdade da que se acaba de falar, tomen corpo dúas propostas específicas sobre os fondos relativos ás mulleres e ás súas producións: o *Álbum de mulleres* e a formación do Arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia (AMFOG). No que segue esbózanse breves liñas das propostas indicadas ata aquí.

*Arquivo da Emigración Galega*⁷

Construído desde unha perspectiva interdisciplinar, o Arquivo da Emigración Galega configúrase desde o ano 1992 como un espazo para conservar a memoria viva da emigración galega a través da recuperación do seu patrimonio cultural: fondos de biblioteca e fondos arquivísticos, gráficos e documentais, establecendo, sempre que son precisas, relacións de intercambio con centros de documentación e investigación, tanto no ámbito nacional como internacional. Na actualidade é un centro de documentación, información e investigación referencial para as institucións e para investigacións con interese no fenómeno migratorio. Unha das súas liñas de traballo concrétase na firma, por parte do CCG e da Secretaría Xeral de Emigración, do Plan Director do Patrimonio Documental no exterior 2014-2018. A posta en marcha deste plan permitirá coñecer o patrimonio depositado nos centros e institucións galegas da emigración e elaborar liñas de actuación para velar pola súa protección e posta en valor.

*Arquivo Sonoro de Galicia*⁸

O Arquivo Sonoro de Galicia desenvólvese de xeito continuado desde 1995, aínda que os seus primeiros traballos comezan en 1992. O labor esencial deste arquivo consiste na recuperación do patrimonio oral e musical galegos. As súas tarefas artículanse arredor da constante busca de gravacións sonoras (etnográficas, rexistros etnomusicolóxicos, material radiofónico, músicas galegas —cultura, tradicional, pop, rock—...) e da conservación, dixitalización, catalogación e difusión dos seus fondos.

*Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia*⁹

Desde as súas orixes en 1996, o principal obxectivo do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia é participar, como axente activo, no proceso de normalización do idioma galego, propiciando o intercambio e a difu-

⁷ O Arquivo da Emigración Galega ten o seguinte espazo web <http://consellodacultura.gal/aeg/index.php> [Última consulta: 18/12/2018].

⁸ O Arquivo Sonoro de Galicia ten o seguinte espazo web <http://consellodacultura.gal/asg/> [Última consulta: 18/12/2018].

⁹ Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia ten o seguinte web <http://consellodacultura.gal/cdsg/> [Última consulta: 18/12/2018].

sión dos materiais xerados neste proceso e mediante a creación de foros de debate e reflexión arredor da planificación lingüística en Galicia. Compila a documentación relacionada coa planificación tanto do galego como doutras linguas en situacións sociolingüísticas semellantes e xestiona a documentación e a información que xera a planificación lingüística para que volva reverter en diferentes axentes sociais con vínculos neste proceso. Ao se tratar dun centro de documentación, fica fóra do obxecto de estudo do presente informe.

*Álbum de mulleres*¹⁰

O *Álbum de mulleres* navega en Internet desde o dous de decembro de 2005. Ten como principais obxectivos recuperar e facilitar progresivamente o acceso á información, datos, voces, imaxes, escritos, traballos e traxectorias de mulleres galegas e/ou relacionadas con Galicia. Configúrase como un centro de documentación dixital que ten a intención de ser de utilidade en dous niveis: un, de divulgación máis xeral e empregable como fonte de referencias informativas básicas, e outro, que, de forma máis concreta, poida ser empregado como ferramenta de traballo en ámbitos especializados de investigación, ensino etc. Componse dos seguintes espazos: Galería biobibliográfica, que achega datos biográficos, producións de e sobre mulleres concretas e xa finadas e de grupos e organizacións de mulleres con actividade no pasado; Liñas do tempo, nas que se recollen de forma cronolóxica e en tres niveis (Galicia, territorio español e mundo) acontecementos e datas relevantes facendo fincapé nas referencias de e sobre mulleres; Especiais, que son espazos temáticos construídos a teor dunha procura documental en profundidade e que permiten aproximacións ao lugar das mulleres nos diferentes eidos de produción e acción social e cultural; Xornadas, que presentan os materiais derivados deste tipo de eventos organizados pola Comisión de Igualdade do CCG; Cartografías, que mostran un tratamento documental en profundidade de mulleres concretas en razón dunha por ano; Bibliografía, que recolle todas as referencias consultadas na elaboración das biobibliografías, e, por último, ligazóns a diferentes espazos web agrupados en 26 categorías. O *Álbum de mulleres* inclúe ademais un acceso directo a *A Saia. Publicacións periódicas feministas*¹¹ e ao epistolario de Rosalía de Castro¹², ambos os dous proxectos foron realizados de xeito conxunto entre a Comisión de Igualdade do CCG e mais o ADHUC (antes Centre Dona i Literatura) da Universitat de Barcelona. O espazo web *A Saia* foi presentado ao público en 2014. Pon en acceso aberto, de xeito progresivo, as publicacións periódicas feministas producidas en Galicia, coa reprodución de todos os números e cunha indexación completa e moi detallada dos seus contidos e persoas que interviñeron nelas. Canto ao epistolario de Rosalía de Castro, a súa primeira parte, composta polas cartas remitidas pola propia Rosalía e con datos relativos ás persoas destinatarias, foi presentada ao público en 2014 e na actualidade estase traballando nas cartas dirixidas a ela para facelas públicas coa información detallada correspondente. Ao igual que o CDSG, polo seu carácter de centro de documentación e non de arquivo, fica fóra do obxecto de estudo do presente traballo.

Arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia

A andadura do AMFOG comeza en 2005 coa posta en marcha dunha serie de traballos destinados á recuperación da documentación e a memoria de grupos e colectivos feministas con actividade en Galicia. Trátase dunha liña de traballo encamiñada á reunificación parcial, á conservación, á posta en valor e á difusión da documenta-

¹⁰ O *Álbum de mulleres* ten o seguinte enderezo web <http://culturagalega.org/album/> [Última consulta: 29/12/2018].

¹¹ *A Saia. Publicacións periódicas feministas* pódese consultar en http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050 [Última consulta: 02/01/2018].

¹² O epistolario de Rosalía de Castro está recollido en <http://epistolarios.consellodacultura.gal/rosalia.php> [Última consulta: 02/01/2018]

ción e materiais xerados por esas organizacións. Fondos documentais de interese fundamental á hora de entender e explicar as transformacións cualitativas e cuantitativas máis actuais relacionadas co lugar social ocupado polas mulleres no decorrer da historia galega e universal (estudos, documentación interna, libros, axendas, obxectos, fotografías, cartas, publicacións periódicas, literatura gris...). Os traballos realizados ata 2012 foron recollidos no informe publicado en 2013¹³, do que se volverá a falar a continuación. Cómpre indicar ademais que unha parte da documentación que compón este arquivo se fai pública a través dos diferentes espazos que compoñen o *Álbum de mulleres*. Débese isto a que a maioría dos traballos encamiñados á recuperación da memoria das mulleres realizados ata ben entrada a década de noventa do século xx son obra de feministas organizadas.

Libros

Seguindo a Rosario Álvarez (2016), a andaina de edición de fontes documentais do Consello da Cultura Galega comeza no ano 1988 co *Inventario das fontes documentais da Galicia Medieval*. Con esta obra iniciouse a colección de *Fontes documentais para a historia de Galicia*, editada en papel, que reúne unha boa mostra da documentación medieval galega distribuída por todo o arco temporal e orixinada por toda a xeografía de Galicia: Mondoñedo, Lugo, Santiago de Compostela, Toxos Outos, Dozón, Ourense, Celanova, Posmarcos, Pontevedra, Montederramo... As edicións en papel non tardaron en ir acompañadas da difusión en aberto a través de Internet, nun formato dixital que facilita a consulta e a procura de información, nin mesmo en ser substituídas por edicións soamente electrónicas, iniciando así unha nova etapa na que muda o título da colección a *Gallaeciae Monumenta Historica* (<http://gmh.consellodacultura.gal/>), o nome da plataforma a través da cal se poñen á disposición en aberto edicións e recursos fornecidos dun sistema de busca que permite penetrar nos textos á procura de información (persoas, lugares, materias) ou da súa forma lingüística.

Informes

Son catro os informes relativos ao patrimonio documental e/ou ás súas unidades de xestión realizados polo Consello da Cultura Galega. O primeiro, xa nomeado anteriormente, publicouse en 2013 co título *Recuperación da documentación e memoria do movemento feminista organizado en Galicia*¹⁴. Este informe remite á liña de traballo iniciada en 2005 pola Comisión de Igualdade, destinada á recuperación de fondos de organizacións, grupos e colectivos feministas con actividade en Galicia desde finais da década dos sesenta do século xx. Logo de constatar que, a pesar da importancia dos materiais e os documentos producidos, a bibliografía, aínda que estaba a experimentar importantes incrementos nos últimos anos, era escasa, a documentación estaba dispersa e con frecuencia desaparecida ou en estado ruinoso, cumpría comezar a realizar os traballos con certa urxencia e cunha planificación axustada. No informe explícase o deseño e o desenvolvemento da colección especial resultante dos traballos realizados ata 2012 e as propostas de consolidación e acción deseñadas cara ao futuro.

Outros dous informes foron realizados polo Observatorio da Cultura Galega. O primeiro, *Os arquivos e a protección do patrimonio documental*¹⁵, publicado no ano 2013, recolle antecedentes conceptuais da arquivística, amosa datos estatísticos dos arquivos galegos desde diferentes indicadores, como tipo de arquivo, institución xestora ou titularidade, e estuda outros indicadores transversais como hábitos e prácticas culturais, ensinanzas,

¹³ A publicación en formato dixital pode ser descargada na seguinte ligazón: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=1909> [Última consulta: 21/01/2018].

¹⁴ O informe pódese consultar e descargar en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=1909> [Última consulta: 18/12/2018].

¹⁵ O documento relativo ao informe pódese consultar e descargar en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2057> [Última consulta: 18/12/2018].

emprego e a actividade de empresas relacionadas. O segundo, *Arquivos e bibliotecas*¹⁶, publicado en 2015, recolle os principais datos das actividades culturais desenvolvidas polas unidades de catalogación do patrimonio documental e bibliográfico en Galicia.

*Informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Bos Aires*¹⁷, publicado a comezos de 2018, fai un percorrido pola historia do citado centro, dá conta do patrimonio que este salvagarda e recomenda a súa protección e a súa conservación íntegra, en canto relevante manifestación material e inmaterial da cultura de Galicia.

Xornadas

Canto ás xornadas promovidas polo CCG dirixidas a persoas vinculadas con arquivos, bibliotecas, centros de documentación e museos, teñen o seu inicio en 2007 da man da súa Comisión de Igualdade, que, naquela altura, vira a necesidade de abrir unha liña de actuación relacionada e que denominou Xénero e Documentación. Esta liña continúa aberta na actualidade e darase conta das actividades asociadas a ela logo de falar doutras cinco xornadas vinculadas coas cuestións de interese neste informe e organizadas polo CCG entre 2011 e 2017.

Mulleres e historia. Olga Gallego Domínguez. Organizada pola Comisión de Igualdade do CCG, foi realizada o día 27 de outubro de 2011 e estruturouse arredor de dúas vertentes: unha máis concreta e centrada no estudo e recoñecemento da obra da arquiteira e historiadora Olga Gallego Domínguez, proporcionando reflexións sobre as distintas facetas do seu traballo profesional e investigador, e unha segunda que, de forma xeral, perseguíu aproximar e analizar o lugar das mulleres no presente e o pasado do sistema de arquivos e bibliotecas públicas en Galicia.

Os arquivos e o patrimonio documental de Galicia: Memoria pública, memoria privada, memoria social. Foi unha xornada organizada conxuntamente pola ANABAD Galicia e o CCG. Tivo lugar os días 22 e 23 novembro de 2012. Nela debateuse sobre os aspectos que teñen que ver coa formación, control e explotación da memoria social que representan os arquivos, tanto os dirixidos a preservar a memoria pública como os que o fan no tocante á memoria privada¹⁸.

Converxencia dixital das institucións da memoria, organizada pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG co obxectivo de reflexionar arredor dos retos que a dixitalización do patrimonio cultural suxire nos centros involucrados na xestión e difusión cultural¹⁹, celebrouse entre os días 6 e 7 de maio de 2015.

O patrimonio compartido? Colaboración aberta e institucións da memoria. Foi organizada pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG e tivo lugar os días 10 e 11 de maio de 2017. Consistiu nunha achega ao territorio do crowdsourcing, abastecemento participativo ou colaboración aberta. Abordáronse cuestións esenciais desta modalidade de traballo voluntario, habitualmente gratuíto, masivo, comunitario e anónimo, e déronse a coñecer algunhas experiencias nesta materia²⁰.

Dixitalización de arquivos. Tendencias, procesos e plans de execución realizouse o 15 de xuño de 2017. Tivo como obxectivos prioritarios: a análise da evolución dos procesos de dixitalización dos arquivos nos últimos anos, o coñecemento das tendencias máis actuais nesta materia e as oportunidades abertas por este tipo de soportes na difusión e na accesibilidade por parte da cidadanía ao patrimonio documental²¹.

¹⁶ Consultar e descargar na seguinte ligazón <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2780> [Última consulta: 18/12/2018].

¹⁷ Pódese consultar e descargar en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4307> [Última consulta: 18/01/2018].

¹⁸ Máis sobre esta xornada en <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200103> [Última consulta: 18/12/2018].

¹⁹ Máis información sobre esta xornada en <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200295> [Última consulta: 18/12/2018].

²⁰ Amplíase a información sobre esta xornada en <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200569> [Última consulta: 18/12/2018].

²¹ Máis sobre esta xornada en <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200577> [Última consulta: 18/12/2018].

Xénero e Documentación

Esta liña de traballo, como xa se indicou, foi aberta pola Comisión de Igualdade do CCG en 2007. Naquela altura, e logo de dous anos de actividade, pareceu urxente abrir propostas dirixidas ás persoas relacionadas con institucións, organizacións e centros vinculados co patrimonio documental, prestando especial atención ao tratamento da información desde un enfoque feminista e/ou de xénero.

Xénero e Documentación I. Celebrouse os días 21 e 22 de xuño de 2007 e centrouse sobre todo nas experiencias de centros de documentación e bibliotecas con actividade en Galicia, Andalucía, Cataluña e Boloña e máis ou menos especializados en mulleres / feminismos / xénero. Atendeuse tamén a cuestións vinculadas ás políticas públicas e a recentes reflexións arredor da cidadanía, a igualdade, o feminismo e os estudos das mulleres. Cos materiais derivados construíuse a publicación dixital *Xénero e Documentación. Unha ferramenta de achega ao tratamento documental*²².

A necesidade de seguir avanzando na recuperación e conservación de documentación relacionada con actividades protagonizadas por mulleres leva a que en 2012 a Comisión de Igualdade organizase as xornadas de *Xénero e Documentación II*, dedicadas nesta xeira á recuperación da memoria do movemento feminista²³. Nestas, amais de presentar un avance do informe xa mencionado²⁴ sobre os traballos que a Comisión de Igualdade desenvolveu desde 2005 a propósito desta cuestión e que deu lugar a un fondo de arquivo que responde aos esquemas dunha colección especial, fíxose unha achega a diferentes experiencias desenvolvidas arredor dos feminismos organizados con actividade en Euskadi e as desenvolvidas a propósito dos fondos relacionados con mulleres do Centro Documental da Memoria Histórica de Salamanca.

Dous anos despois tivo lugar a xornada *Xénero e Documentación III. Hemeroteca Feminista Galega A Saia*²⁵. Esta centrouse na presentación pública da primeira entrega dun proxecto vinculado cos traballos de recuperación da documentación e a memoria dos feminismos organizados en Galicia, máis concretamente coa posta á disposición pública das súas publicacións periódicas. O proxecto tiña como axentes impulsores a propia Comisión de Igualdade e o ADHUC da Universitat de Barcelona. Ten continuidade hoxe en día e presenta ampliacións periódicas²⁶.

Finalmente, cómpre sinalar as xornadas *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, realizadas o día 8 de xuño de 2017 e especificamente centradas nos asuntos tratados neste informe, que son a base do mesmo e que, tal e como se di nas páxinas de presentación, poden ser entendidos e explicados como unha primeira achega á temática proposta e á orixe das preguntas centrais que se formulan ao inicio deste informe.

²² De libre acceso desde 2008 en <http://culturagalega.org/xeneroedocumentacion/> [Última consulta: 19/12/2018].

²³ Máis información sobre esta xornada en http://culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=446 [Última consulta: 19/12/2018].

²⁴ Este informe, publicado en 2013, pódese consultar e descargar en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=1909> [Última consulta: 19/12/2018].

²⁵ Máis información sobre esta xornada en http://culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=1058 [Última consulta: 19/12/2018].

²⁶ A *Hemeroteca Feminista Galega A Saia* pasou tamén por un cambio na denominación. Desde o ano 2017 pasa a se chamar *A Saia. Publicacións periódicas feministas*. Pódense realizar consultas e descargar arquivos desta hemeroteca en http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050 [Última consulta: 19/12/2018].

**ARQUIVOS, XÉNERO E FEMINISMOS.
EXPERIENCIAS ATA 2017**

Pescudar e dar a coñecer o camiño andado polas achegas aos arquivos desde perspectivas feministas e/ou de xénero é o obxectivo central deste capítulo. Interesan sobre todo as propostas que contribuíron a recuperar, conservar e difundir a produción, documentación e a memoria das mulleres e dos feminismos dentro e fóra de Galicia.

Será a comezos do século XXI, concretamente en 2007, cando, no contexto dunhas xornadas, se comece a tratar os arquivos desde perspectivas diferentes á tradicional, comunmente situadas na óptica patriarcal e androcéntrica dominante. Nesa altura articúlase unha proposta para o tratamento e a análise da documentación para poder deste xeito estudar as mulleres. Trátase das xornadas *Xénero e Documentación*, organizadas pola Comisión de Igualdade do CCG e xa mencionadas con anterioridade. Foi o primeiro foro onde se abordou o coñecemento da relación arquivos / documentos / mulleres desde unha perspectiva global e isto convérteas en pioneiras. Nesta xornada, achegas como «Álbum de mulleres»²⁷ e «Mapa de fontes de información para estudos de xénero»²⁸ conforman un punto de inflexión, o principio do camiño da investigación en arquivos públicos e xénero.

Ata o «Mapa de fontes de información para estudos de xénero», nas investigacións sobre as mulleres, os arquivos públicos só aparecían nas referencias ás fontes documentais ou nas notas onde se indicaba a localización dos documentos. Este relatorio supón un cambio de enfoque: os arquivos públicos agroman como obxecto de análise para saber de e sobre mulleres e é a primeira vez que isto se recolle en letra impresa. O relatorio sobre o *Álbum de mulleres* reflicte tamén este cambio de visión. No propio texto expónse:

Coñecer máis de preto necesidades e propostas que desenvolver na construción de procesos de documentación e arquivos non nesgados polo androcentrismo e o sexismo fai parte dos obxectivos destas xornadas. Recuperar e facilitar o acceso á información, datos, voces, imaxes, escritas, traballos e traxectorias de mulleres emerxe como o obxectivo principal do *Álbum de mulleres*.

Trátase dunha declaración de intencións: por unha banda, recoñécese a obriga de reflexionar sobre os arquivos e, por outra, expónse a necesidade de recuperar e facilitar datos sobre as mulleres, estean onde estean. Comézase a vincular o coñecemento dos arquivos e o coñecemento das mulleres, e apúntase un concepto de arquivo máis amplo, o arquivo social. Estas xornadas foron tamén o marco propicio para falar da necesidade de fixar como eixes de traballo: a recollida de documentos que testemuñan o movemento feminista, a creación dun arquivo de feminismos en Galicia ou a necesidade de evitar a perda de documentos de organizacións de mulleres.

Dous anos despois, en 2009, Ánxela Caramés, Carme Nogueira e Uqui Permui crean, para as xornadas *Contra vento e marea. Verbas e pegadas dos feminismos*, realizadas na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, o Contedor de feminismos, un proxecto de arquivo móbil ideado para o espazo público coa finalidade de recuperar, docu-

²⁷ Pódese acceder ao texto completo en <http://culturagalega.org/xeneroedocumentacion/xornadas/8.html> [Última consulta: 05/01/2018].

²⁸ Pódese acceder ao texto completo en <http://culturagalega.org/xeneroedocumentacion/xornadas/7.html> [Última consulta: 05/01/2018].

mentar e visibilizar as historias das mulleres, os feminismos e as loitas pola liberación sexual dos últimos trinta anos en Galicia e que, con certas modificacións, se mantén activo en Internet²⁹.

A xornada *Mulleres e Historia. Olga Gallego Domínguez*³⁰, organizada polo CCG en 2011 a través da súa Comisión de Igualdade, é fundamental para coñecer a pegada de Olga Gallego como arquivista, como mestra de moitas e moitos arquivistas e como estudosa das mulleres na historia. Coñecer a súa figura e os seus traballos e investigacións como arquivista e como investigadora é imprescindible para entender os arquivos e as mulleres en Galicia. Neste senso pode ser de utilidade a cartografía Olga Gallego Domínguez³¹ do *Álbum de mulleres*, presentada no marco da xornada de que se está a falar; trátase dun espazo/arquivo virtual, dunha achega documental á vida e obra da arquivista galega máis recoñecida e relevante dentro e fóra de Galicia.

As xornadas *Xénero e Documentación II. A recuperación da memoria do movemento feminista*, celebradas en 2012, amais de dar a coñecer cuestións relativas ao fondo de arquivo no que a Comisión de Igualdade do CCG estaba a traballar e do que xa se falou con anterioridade, achegaron outras dúas experiencias relacionadas coa recuperación das fontes de información do movemento feminista levadas a cabo en Euskadi. Unha delas polo Centro de documentación de mulleres Maite Albiz, con actividade desde 1982³², e outra desenvolvida pola organización Bilgune Feminista, que se publicou en papel no ano 2015 co título *Gure genealogia feministak. Euskal Herriko Mugimendu Feministaren kronikabat*³³. Introdúcese ademais neste marco a participación de María José Turrión García co relatorio «Memoria e visibilización da muller a través dos fondos documentais de xénero. Experiencias no Centro Documental de la Memoria Histórica». Trátase, segundo Olimpia López (2017), do primeiro relatorio dunha arquivista sobre a recollida de fondos documentais de mulleres para formar parte dun arquivo público.

O proxecto colaborativo posto en marcha desde 2013 entre asociacións feministas chamado Archivo de Feminismos de León debe ser tamén tido en conta aquí. Trátase dun arquivo xenealóxico dos movementos feministas da cidade de León desde os anos setenta ata a actualidade. Preséntase nun formato en liña que vai sendo ampliado e enriquecido paulatinamente³⁴.

As *III Xornadas Xénero e Documentación*, de 2014, centráronse, como xa se indicou, nos fondos hemerográficos feministas producidos en Galicia desde mediados da década dos sesenta do século xx e na súa posta á disposición pública a través de Internet. Trátase de ferramentas esenciais para coñecer e investigar tanto os feminismos organizados como a historia recente de Galicia, e, conscientes disto, a Comisión de Igualdade, en colaboración co Centre Dona i Literatura (logo ADHUC) da Universitat de Barcelona, realiza un tratamento documental exhaustivo destes fondos (referencias bibliográficas, indización e descripción) que van sendo postos á disposición pública a través de Internet de xeito progresivo. Incrementáanse as entregas cada 8 de marzo e cada 28 de xuño e preséntanse no espazo web *A Saia. Publicacións periódicas feministas*³⁵.

Tamén no ano 2014, aínda que foi publicado en 2016, Núria Jornet Benito e Núria Tuset Páez elaboran o artigo «Construyendo la memoria de los feminismos: archivos, bibliotecas y centros de documentación. Una mirada al pasado, una reflexión para el futuro»³⁶.

²⁹ Máis información sobre este proxecto en <http://contenedordefeminismos.org/es> [Última consulta: 19/12/2018].

³⁰ Máis información desta xornada en http://culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=1054 [Última consulta: 19/12/2018].

³¹ Pódese visitar en <http://culturagalega.org/album/detallecartografia.php?id=232> [Última consulta: 05/01/2018].

³² Pódese visitar en <http://www.emakumeak.org/es/> [Última consulta: 19/12/2018].

³³ O libro, editado por Emagin Dokumentazio eta Ikerkuntza Zentro feminista, ten como autoras a Edurne Epelde Pagola, Miren Aranguren Etxarte e Iratxe Retolaza Gutiérrez.

³⁴ Pódese visitar en <http://www.archivofeminismosleon.org/> [Última consulta: 19/12/2018].

³⁵ Pódese visitar en http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050 [Última consulta: 05/01/2018].

³⁶ O artigo foi publicado en 2016 no nº 36 de *Bid. Textos universitaris de biblioteconomía i documentació*. Pódese consultar e descargar en <http://bid.ub.edu/es/36/jornet.htm> [Última consulta: 19/12/2018].

Un ano despois, nas *Jornadas Archivando: valor, sociedade y archivos* (León, novembro de 2015), María Adeline Codina-Canet e Rosa San Segundo presentaron unha comunicación sobre a constitución dun arquivo do movemento feminista³⁷. Estas autoras seguiron traballando nesta liña e un ano despois publicaron na *Revista Española de Documentación Científica* o artigo «Propuesta de un centro de archivo del feminismo tras el análisis de los fondos documentales del movimiento feminista»³⁸. Cómpre sinalar que a Asociación de Archiveros de Castilla y León (ACAL) presentou un *post* que fai referencia ás mesmas autoras sobre a mesma cuestión³⁹.

Fóra do noso contorno máis próximo, non se poden esquecer os traballos das arquiteiras chilenas que puxeron en marcha en 2011 o Archivo Mujeres y Géneros. No seu web explican: «es una iniciativa destinada a visibilizar, proteger, poner en valor y otorgar carácter patrimonial a las producciones culturales que dan cuenta de la cotidianidad de las mujeres, de las construcciones de género y de los quehaceres femeninos en Chile». Esta iniciativa tivo o seu lugar nas xornadas orixe deste informe da man de Francisca Marticorena Galleguillos.

Outros traballos en activo son os iniciados pola Red Iberoamericana de Investigación en Historia; Mujeres y Archivo, como a organización desde o ano 2012 das *Jornadas de Investigación y Reflexión sobre Mujeres, Historia y Archivos*, que preparan cada dous anos —as segundas celebráronse en 2014, as terceiras en 2016⁴⁰ e as cuartas en 2018.

Resulta tamén de interese o *I Seminario Internacional Archivos, Mulheres e Memórias*⁴¹, organizado polo Instituto de Estudos Brasileiros (IEB). Tivo lugar a finais de marzo de 2017. Nel presentáronse reflexións epistemolóxicas e metodolóxicas de carácter interdisciplinar acerca dos desafíos e potencialidades dos arquivos de mulleres.

O visto ata aquí permite falar de algo máis de 10 anos que foron marcando un camiño, xa que se comezou a traballar sobre os arquivos, os documentos e as fontes documentais ligadas ás mulleres, organizadas ou non, desde olladas antes invisibilizadas, se non inexistentes. Nas experiencias detalladas fábase fundamentalmente de proxectos que, na procura de documentos producidos por ou relativos ás mulleres, deben facer uso de estratexias e prácticas que na maioría dos casos fican fóra das canles máis tradicionais de localización de fontes documentais. É esta unha das razóns que explican o feito da escaseza de referencias ás mulleres e aos feminismos organizados nos arquivos públicos, non só como produtoras ou protagonistas de documentación, senón tamén como profesionais destes. Isto pon de manifesto a necesidade de seguir a reflexionar e debater sobre a aplicación de perspectivas de xénero e/ou feministas na teoría arquivística e no desenvolvemento dos traballos dos e das arquivistas.

Dito en palabras de Remei Perpinyà Morera, profesora da Universitat Autònoma de Barcelona, nunha entrada do blog da Escola Superior de Arquivística e Xestión de Documentos: «Es hora, pues, de que las mujeres no sólo estén presentes entre los custodios y gestores de fondos documentales, sino también en estos últimos»⁴².

³⁷ Ten como título «Centro de Archivo para la Memoria del Feminismo: Un Proyecto Pendiente». Pódese consultar e descargar en https://archivosierrapambley.files.wordpress.com/2015/12/maria-adelina_master_archivando_2015.pdf [Última consulta: 19/12/2018].

³⁸ Pódese consultar no vol. 39, nº 1 (2016) (<http://redc.revistas.csic.es/index.php/redc/article/view/920/1328>) [Última consulta: 19/12/2018].

³⁹ Pódese consultar en <http://www.acal.es/index.php/archivpost-actualidad/item/2044-propuesta-de-un-centro-de-archivo-del-feminismo-a-raiz-del-analisis-de-los-fondos-documentales-del-movimiento-feminista> de setembro de 2016 [Última consulta: 19/12/2018].

⁴⁰ Ligazón das actas das III Xornadas en <https://ighcs-conicet.gob.ar/nuevo-libro-actas-de-las-iii-jornadas-de-investigacion-y-reflexion-sobre-historia-mujeres-y-archivos/> [Última consulta: 19/12/2018].

⁴¹ Pódese consultar en <https://centrodepesquisaeformacao.sescsp.org.br/atividade/i-seminario-internacional-arquivos-mulheres-e-memorias> [Última consulta: 19/12/2018].

⁴² Entrada do blog Factor GDA titulada «La mujer, la gran ausente en los archivos» en <https://esaged.wordpress.com/2016/04/19/la-mujer-la-gran-ausente-en-los-archivos/> [Última consulta: 19/12/2018].

ARQUIVOS PÚBLICOS EN GALICIA

Unha primeira definición de arquivos públicos pode ser tomada da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que di no seu art. 12:

Son arquivos públicos os que recollen, custodian, comunican e difunden os documentos producidos e recibidos polos órganos e entidades públicas relacionados no artigo 5⁴³ no exercicio das súas competencias.

Mais, para entendelos e explicalos en toda a súa complexidade e transcendencia, é importante non perder de vista a súa dimensión social, xa que, como sinala Luis Martínez:

Difícilmente poderíamos encontrar unas institucións que afecten de maneira directa a un número tan considerable de derechos constitucionais. La gestión de los archivos atañe a la eficacia de las administraciones públicas, al derecho de los ciudadanos a acceder a la información que les interesa, al derecho de todos los españoles a la cultura y a la identidad de nacionalidades y regiones (1999).

Os documentos dos arquivos, e polo tanto estes últimos, son, por unha banda, o testemuño sobre o que se constrúe a memoria colectiva, social e institucional, e pola outra, o soporte dunha gobernabilidade máis eficaz e democrática.

⁴³ Artigo 5. *Documentos de titularidade pública*

1. Para os efectos da presente Lei, son documentos de titularidade pública os das persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas coma privadas, enumeradas no punto seguinte, producidos e recibidos no exercicio das competencias que lles son propias, sen prexuízo da normativa estatal ou internacional que os afecte.
2. Para os efectos da presente Lei, son documentos de titularidade pública:
 - a) Os do Parlamento de Galicia, os do Consello de Contas, os do Valedor do Pobo e os do Consello da Cultura Galega.
 - b) Os do Consello da Xunta e os da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) Os das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
 - d) Os das corporacións de dereito público de Galicia, no relativo ás súas funcións públicas atribuídas.
 - e) Os das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e os dos entes, organismos ou empresas delas dependentes.
 - f) Os das universidades públicas radicadas en Galicia e os dos centros e estruturas delas dependentes.
 - g) Os da Administración do Estado e os dos organismos públicos, sociedades mercantís e fundacións dela dependentes radicados en Galicia.
 - h) Os dos órganos da Administración de xustiza radicados en Galicia.
 - i) Os das notarías e rexistros públicos radicados en Galicia.
 - j) Os dos organismos dependentes das institucións da Unión Europea, así como os de calquera outro organismo público internacional, radicados en Galicia.
 - k) Os das entidades dotadas de personalidade xurídica propia creadas, participadas maioritariamente ou controladas efectivamente por calquera das entidades e persoas xurídicas mencionadas neste artigo no exercicio de potestades administrativas ou funcións públicas.
 - l) Os das persoas físicas ou xurídicas xestoras de servizos públicos de ámbito galego, en canto aos documentos xerados na prestación dos ditos servizos.
 - m) Os de calquera outra entidade pública non incluída nos supostos anteriores no exercicio de potestades administrativas ou funcións públicas.

Mais, sobre todo, é importante lembrar que un arquivo, para ser tal, ten que ter cando menos unha persoa responsable do seu funcionamento. No caso de non tela, trataríase dun almacén ou dun depósito. En definitiva, para falar de arquivo non é suficiente con organizar un depósito de papeis, senón que se debe situar ademais á súa fronte unha ou varias persoas que se encarguen de que preste servizo. Isto explica a demarcación do obxecto de estudo deste informe.

OS ARQUIVOS PÚBLICOS EN GALICIA E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

No capítulo que segue especificábase cales son as unidades que conforman o obxecto de estudo deste informe, isto é, aqueles arquivos que teñen persoal ao seu cargo, destacando información relativa ás súas características espaciais. Esta, polo xeral, extráese do portal web Arquivos de Galicia e sempre que foi posible completouse con información obtida por outras vías. Será o próximo capítulo, máis centrado no persoal a cargo do funcionamento dos arquivos, o que complete a información que xustifica a escolla destas unidades de arquivo e non outras nesta análise.

Arquivos de titularidade estatal xestionados pola Xunta de Galicia

Os arquivos dotados con persoal técnico correspondentes a este apartado ascenden a un total de catro: o do Reino de Galicia e os Histórico Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra. A entidade responsable deles é a Consellería de Cultura e Turismo.

O Arquivo do Reino de Galicia (ARG) reúne máis de 250 fondos diferentes que comprenden 154 000 unidades de instalación e 132 000 unidades documentais. En total, os fondos ocupan aproximadamente 22 500 metros lineais de andeis⁴⁴, dun total de 24 000 metros de capacidade, e restan só 1500 metros de espazo baleiro. Insuficiente para continuar recollendo fondos.

O Arquivo Histórico Provincial de Lugo custodia 19 477 metros lineais de documentación. Están identificados, organizados, instalados e descritos 16 586; é dicir, un total de 132 153 unidades de instalación, ás que habería que lle sumar os documentos en curso de organizar e os especiais, dispostos de xeito diferente por razóns de formato⁴⁵. Dos seus 20 quilómetros de capacidade total, están baleiros só 523 metros, insuficientes para asumir novas transferencias.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense reúne 221 fondos, que ocupan aproximadamente uns 5000 metros lineais de andeis, cunha cronoloxía que abrangue desde o século XI a principios do século XXI⁴⁶. Non conta con ningún espazo baleiro que lle permita seguir recollendo fondos ou documentos e está ateigado e incapacitado desde hai uns 30 anos⁴⁷.

O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra⁴⁸ dispón de 11 000 metros lineais de espazo, unha parte no propio edificio do arquivo e outra en depósitos externos, ocupados na súa totalidade e sen opción de seguir recollendo fondos. O seu colapso produciuse hai uns 30 anos.

⁴⁴ Información extraída de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/> [Última consulta: 26/12/2018].

⁴⁵ Información extraída de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-lugo/> [Última consulta: 26/12/2018].

⁴⁶ Información procedente de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-ourense/> [Última consulta: 26/12/2018].

⁴⁷ Desde hai 18 anos, o conxunto conventual de San Francisco está en obras para albergar o AHP de Ourense e a Biblioteca Pública, polo que nalgún momento este arquivo será o que en Galicia dispoña de máis espazo para recoller a documentación da súa provincia.

⁴⁸ Información extraída de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-pontevedra/index.html> [Última consulta: 26/12/2018].

Arquivos territoriais da Xunta de Galicia

Ascenden a un total de catro os arquivos que forman parte deste apartado: o Arquivo de Galicia e os territoriais de Lugo, Pontevedra e Vigo. Coma no caso dos da epígrafe anterior, a entidade responsable deles é a Consellería de Cultura e Turismo.

No Arquivo de Galicia os fondos ocupan un total de 16 513,63 metros lineais⁴⁹. Consérvanse entre o edificio da Cidade da Cultura, compartido coa biblioteca, no que está a súa sede, e unha nave no polígono do Tambre. Dispón de 11 866 metros lineais de espazo baleiro, insuficiente para recibir a documentación producida polos servizos centrais da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela e que se atopa actualmente dispersa por diversos locais sen control arquivístico.

No Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, a comisión xestora destinou uns 100 metros cadrados para oficinas e tres locais para depósitos nos sotos do edificio, un deles xa dotado inicialmente con estantes compactos con capacidade total para recoller 3700 metros de documentos⁵⁰. Non ten espazo baleiro que lle permita seguir cumprindo coa súa función de recoller, custodiar e servir documentos.

No que atinxe ao Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, creado en febreiro de 2012, é preciso indicar que conta cunha capacidade para 105 447 caixas de tamaño normalizado, distribuídas en 12 125 metros lineais de estantes⁵¹. Están ocupados 6500 e baleiros 5500, aproximadamente.

Finalmente, o Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo dispón dun total de 7100 metros de andeis⁵², 3322 ocupados e 3778 baleiros.

Arquivos centrais da Xunta de Galicia

Os dotados con persoal técnico ascenden a un total de dous: o da Consellería de Cultura e o da Delegación de Industria na Coruña. A entidade responsable técnica é a Consellería de Cultura, mais organicamente cada arquivo depende da unidade á que serve.

O Arquivo Central da Consellería de Cultura conta con 728 metros en total. Están ocupados 653 con 4845 unidades de instalación⁵³ e ten 75 baleiros. Pola súa banda, o Arquivo da Delegación de Industria na Coruña conta con 3600 metros lineais de capacidade e quédanlle libres uns 50 metros⁵⁴.

Arquivos xudiciais

Ascenden a un total de catro, un por provincia. A entidade responsable destes é a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Aínda que non se atopa información pública sobre eles, podemos aproximar datos sobre algún grazas aos datos facilitados por diferentes persoas⁵⁵, se ben hai que manexalos con cautela,

⁴⁹ Información extraída de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/index.html> [Última consulta: 26/12/2018].

⁵⁰ Información extraída de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-territorial-da-xunta-en-lugo/> [Última consulta: 26/12/2018].

⁵¹ Información procedente de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-territorial-da-xunta-en-pontevedra/index.html?lang=es> [Última consulta: 26/12/2018].

⁵² Información extraída de <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-territorial-da-xunta-en-vigo/> [Última consulta: 26/12/2018].

⁵³ A fonte desta información é <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivo-central-da-secretaria-xeral-de-cultura/index.html> [Última consulta: 26/12/2018].

⁵⁴ Información extraída de <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/pt/consulta/registro.do?id=1228026> [Última consulta: 26/12/2018].

⁵⁵ De feito, hai arquivos dos que non nos foi posible fornecer ningún dato sobre o espazo total e o espazo ocupado.

posto que nestes centros se producen constantes cambios no volume de documentos custodiados, derivados tanto das transferencias recibidas coma dos expurgos realizados.

- Arquivo Xudicial da Coruña. Dispón de 18 134 metros en total de andeis de capacidade, dos que están ocupados 16 134 e fican 2000 de espazo libre.
- Arquivo Xudicial de Lugo. Dispón de 2047 metros en total de andeis de capacidade, dos que están ocupados 1402 e quedan uns 645 como espazo para novas transferencias.
- Arquivo Xudicial de Ourense. Neste caso non foi posible atopar información sobre a capacidade total nin sobre o espazo ocupado polos fondos deste arquivo.
- Arquivo Xudicial de Pontevedra. Conta cunha capacidade de 4300 metros de andeis en tres depósitos, dos que 2860 están ocupados.

Arquivos dos órganos estatutarios

É preciso comezar indicando que non hai datos públicos e sistematizados relativos aos arquivos dos órganos estatutarios nin sobre a existencia de persoal neles. A información aquí recollida obtívose a través do teléfono. É importante destacar tamén o feito de que o/a Valedor/a do Pobo carece de persoal a cargo do arquivo e, deste xeito, non foi posible obter ningún dato relativo ao volume dos seus fondos. Son, polo tanto, sete o número de arquivos que tratar neste apartado e catro as institucións encargadas destes: Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello Consultivo e Consello da Cultura Galega. Este último é responsable, como xa se indicou, de máis dun arquivo.

No arquivo do Parlamento de Galicia, os documentos do fondo de actividade parlamentaria, os máis antigos da institución, ocupan aproximadamente uns 600 metros. A documentación de xestión administrativa e económica así como a do fondo da Xunta Electoral de Galicia atópase dispersa por distintas dependencias da institución, o que dificulta que se poidan ofrecer datos sobre ela.

Pola súa banda, o Consello de Contas xestiona o seu arquivo conxuntamente coa biblioteca. O fondo do primeiro ocupa uns 3185 metros e dispón de espazo para seguir recibindo documentación.

Non se obtiveron datos do volume dos documentos que custodia o Arquivo do Consello Consultivo pero sábese que dispón de espazo para recibir documentación.

No que concirne aos arquivos do Consello da Cultura Galega, cómpre dicir que a documentación da que se compón o arquivo institucional está distribuída en tres espazos: a máis antiga ocupa 15 metros de andeis nun almacén da institución e a máis recente está na súa sede central no pazo de Raxoi; ocupa 20 metros nunha das oficinas, seis metros máis na biblioteca e dispón de espazo para a recepción de nova documentación. Os fondos do Arquivo Sonoro de Galicia e os do Arquivo da Emigración Galega, ambos os dous fisicamente situados nas dependencias desta institución na Cidade da Cultura, están depositados en andeis compactos. Os fondos do primeiro ocupan neste momento 337 metros lineais, os do segundo 449,4. Ambos os dous contan con espazo para a recepción de novos documentos a curto e medio prazo. Finalmente, os fondos de arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia, ao igual que ocorre co arquivo institucional, está distribuído en varios espazos: dous deles están situados na sede central e contan con 10,50 metros lineais na biblioteca e algo máis de catro metros nunha oficina. Os materiais de maior tamaño, concretamente as pancartas, están depositadas en andeis compactos situados nas dependencias desta institución na Cidade da Cultura. Pódese dicir neste momento que, a medio prazo, ten espazo suficiente para medrar.

Arquivos universitarios

Son un total de tres, un por universidade. As entidades responsables son as propias universidades ás que están adscritos: a da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

No Arquivo Universitario da Coruña, os fondos ocupan uns 1500 metros e ten libres para o seu crecemento outros tantos.

No Arquivo Universitario de Santiago de Compostela, os fondos ocupan uns 14 000 metros. Ten libres para crecemento outros 500.

Canto ao Arquivo Universitario de Vigo, cómpre indicar que é unha sección da biblioteca da universidade á que pertence, non un servizo propio⁵⁶. O despacho da responsable está na biblioteca. A sala de consulta é a da biblioteca. Ten tres depósitos propios no edificio da biblioteca non compartidos con esta. Custodia 1550 metros de documentos nun espazo total de 2364 metros de andeis, polo que ten libres 814 metros para crecemento, o que resulta insuficiente.

Arquivos das administracións locais

Trátanse neste apartado os arquivos das deputacións provinciais e os dependentes dos concellos.

Arquivos das deputacións

Existen un total de catro arquivos, un por provincia, dependentes da deputación á que se adscriben: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

- Arquivo da Deputación da Coruña⁵⁷. Aproximámonos ao volume de fondos custodiados, aínda que non ao espazo total de depósitos dos que dispón, a través da guía do arquivo existente no seu web. A guía indica que os fondos ocupan 5322 metros, aos que habería que sumar os ocupados polos documentos especiais⁵⁸.
- Arquivo da Deputación de Lugo. O único elemento que atopamos referente aos fondos custodiados neste arquivo é a guía do arquivo, datada en 2009, á que se accede en liña⁵⁹. O documento sinala que o arquivo custodia aproximadamente 2300 metros lineais, con 11 309 caixas, 3084 libros e oito armarios con planos. Non indica se dispón de espazo libre ou non. En todo caso, son datos que conviría que se actualizasen.
- Arquivo da Deputación de Ourense. Non conseguimos acceder a ningunha información relativa ao volume de fondos custodiados ou aos espazos totais e/ou ocupados por este arquivo⁶⁰. Si puidemos saber, practicamente ao remate das pescudas, que o arquivista se xubilou en datas recentes e que, na actualidade, non hai arquivista á súa fronte. Optamos por mantelo como parte do obxecto de estudo debido a que a praza non foi eliminada e a que confiamos que sexa cuberta en breve.

⁵⁶ A pesar de que os estatutos desta universidade contemplan no seu art. 63 que son responsabilidade da Secretaría Xeral, non da biblioteca. Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, que aproba os estatutos da Universidade de Vigo (DOG 21, do 2 de febreiro de 2010).

⁵⁷ http://arquivo.dacoruna.gal/?page_id=243&lang=es [Última consulta: 05/03/2018].

⁵⁸ Entre outros: 8231 fotografías, 1144 carteis, 211 gravados, 5863 planos, mapas, 1978 discos de vinilo...

⁵⁹ http://deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_4282_1.pdf [Última consulta: 05/03/2018].

⁶⁰ Tampouco hai datos actualizados sobre fondos ou ocupación na páxina correspondente do Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica (<http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/archivodetail.htm?id=55750>). Os datos correspóndense co ano 1985, polo que aparece como responsable o arquivista, actualmente xubilado [Última consulta: 05/03/2018].

- Arquivo da Deputación de Pontevedra: A Deputación de Pontevedra é, con diferenza, a que ofrece máis datos sobre o seu arquivo⁶¹. É, ademais, a única das galegas que conta cun servizo completo de arquivo, que atende non só ás necesidades da propia institución provincial, senón tamén ás dos concellos da provincia. Segundo os datos do seu web, o arquivo custodia 3105 metros de documentos e 39 937 unidades de instalación nuns depósitos cuxa superficie é de 1100 metros cadrados en andeis compactos.

Arquivos municipais

O número total de concellos en Galicia ascende a 313 e a información existente sobre os seus arquivos en Internet é practicamente nula. Os concellos galegos, na súa maioría pequenos e faltos de recursos, nos seus respectivos espazos web ofrecen información sobre os servizos que presta o propio concello en xeral; rara vez proporcionan datos sobre os seus arquivos, menos aínda sobre o persoal, no caso de habelo, que traballa neles, e en xeral non se reactualizan. Moi probablemente isto teña que ver co feito de que os espazos web da maioría dos concellos se elaboran contando, en momentos puntuais, con persoal externo a estas entidades. Unha consecuencia disto é que os seus mantementos poden non ser o suficientemente eficientes e pérdense ou dúplícanse en moitas ocasións datos e enlaces. Convén lembrar aquí que as administracións locais están a piques de esgotar o tempo límite para poñer en funcionamento a Administración electrónica. É, polo tanto, necesario que se lles preste axuda, xa que está en risco o patrimonio documental e algo máis.

Volvendo aos arquivos municipais obxecto de estudo deste informe, téñense en conta aquí un total de 32, ao seren os únicos que contan con persoal encargado do seu funcionamento se ben, como se verá no seguinte capítulo, non sempre coa categoría de arquivistas. No proceso de recollida de datos púxose de manifesto que o que se atopa na maior parte dos concellos é documentación instalada, non sempre organizada, nas dependencias municipais sen ningunha persoa ao cargo. O dato é desalentador e é particularmente lamentable que os concellos de Vigo ou de Santiago de Compostela se atopen nesta situación. Téñase en conta que o primeiro é o que ten o maior número de poboación de Galicia, que os fondos depositados nel abranguen amais dos propios do concello actual, os dos concellos que absorbeu —como o de Bouzas ou o de Lavadores— e que ten a responsabilidade de custodiar os protocolos da cidade, actualmente depositados nun soto da casa consistorial. Pódese dicir por tanto que a cidade de Vigo que, pola súa envergadura debería estar entre as principais nas iniciativas de xestión documental e de Administración electrónica de Galicia, arrastra unha eiva incomprendible⁶². Non menos lamentable é a ausencia de arquivista na cidade de Santiago de Compostela, que depositou o seu fondo antigo no arquivo da USC⁶³ pero que ten entidade máis que suficiente para soste a súa propia memoria, para custodiar o seu rico patrimonio e para apoiarse nos e nas arquivistas para abordar os retos da xestión documental e da Administración electrónica.

⁶¹ <http://arquivos.depo.gal/?1,5539> [Última consulta: 05/03/2018].

⁶² Curiosamente, unha alto cargo da Administración municipal de Vigo divulga nos foros profesionais o papel central do arquivo municipal —do que o Concello carece— en materia de xestión documental e de Administración electrónica (<http://concepcioncampos.org/como-implantar-la-administracion-electronica-programa-de-12-pasos-1a-parte-2/>) [Última consulta: 24/04/2018].

⁶³ A práctica de depositar noutros centros os fondos municipais é frecuente. Probablemente respondeu no seu momento a unha necesidade das propias cidades, favorecida pola política de concentración de fondos da Administración do Estado cando se crearon os AHPs. Neste senso, por exemplo, o AHP de Lugo custodia o fondo antigo do Concello de Lugo, o AHP de Ourense custodia fondos da cidade de Ourense e de Ribadavia e o AHP de Pontevedra garda parte dos fondos do Concello de Pontevedra. En calquera caso, a estas alturas as cidades deberían tomar conciencia do valor dos seus fondos e actuaren en consecuencia, dotando os seus arquivos axeitadamente e asumindo as súas responsabilidades de custodia e servizo dos fondos documentais. Ver Olimpia López Rodríguez: «Os arquivos municipais de Galicia e os profesionais: onde están, onde estamos?», comunicación presentada nas *II Xornadas Olga Gallego de Arquivos*, A Coruña, 2016, e dispoñible no web da Fundación Olga Gallego (<http://www.fundacionolgallego.gal/inicio.htm>) [Última consulta: 16/01/2018].

Acceder á información sobre o volume de fondos custodiados nos arquivos municipais galegos non é doado. No seguinte apartado fornecemos a información que se atopou separada por provincias.

Arquivos municipais na provincia da Coruña

A provincia da Coruña conta con 93 concellos. Forman parte desta mostra un total de 14: A Coruña, A Laracha, Ames, Arteixo, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Ferrol, Oleiros, Ortigueira, Pontedeume e Ribeira.

Dos arquivos de sete deles —Arteixo, A Laracha, Arzúa, Cambre, Culleredo, Oleiros e Pontedeume— non obtivemos datos relativos ao volume de fondos custodiados, espazo total e/ou espazo ocupado; unicamente dispoñemos dun cadro de clasificación no portal web Arquivos de Galicia⁶⁴.

Dos arquivos doutros catro concellos —Ames, Bergondo, Ortigueira e Ribeira— atopamos datos de volume no web de Arquivos de Galicia a través de Galiciana. Estes indícanos que:

- O de Ames custodia 1669 unidades de instalación. Estimando que oito unidades de instalación de tamaño estándar, a máis frecuente nos arquivos, ocupan 1 metro, calculamos unha ocupación aproximada de 208,6 m.
- O de Bergondo garda 769 caixas, 103 libros e 1965 unidades de instalación compartidas, o que non permite calcular o volume de documentos en metros.
- O de Ortigueira custodia 1773 unidades de instalación, as propias do concello e as doutros desaparecidos e integrados. Se se aplica a estimación de oito unidades de instalación por metro, estaríase a falar dunha ocupación de 221 metros aproximados.
- O de Ribeira, aínda que ten incorporado datos a Galiciana, non ofrece referencias sobre o total de metros de capacidade do arquivo, nin dos documentos custodiados.

Os datos con que contamos dos arquivos dos tres concellos restantes —Betanzos, Ferrol e A Coruña— son os que seguen:

- O de Betanzos no seu web⁶⁵ non ofrece datos globais de espazo total nin de ocupación. Si recolle, porén, un inventario de fondos que presenta o número de unidades de instalación para cada serie documental. Isto permitiría coñecer os globais sumando todos os parciais serie a serie, un esforzo este que non se vai realizar aquí.
- O de Ferrol ten incorporados datos de descrición de fondos en Galiciana, mais non presenta información sobre o volume de fondos custodiados nin sobre o espazo total co que conta o arquivo. O seu web⁶⁶, indica que contan con «cerca de 2000 metros lineales de estanterías, cantidad que se ve incrementada cada año de forma notoria por la incorporación de nuevos documentos».
- O da Coruña, tamén con espazo web propio⁶⁷, ofrece un cadro de clasificación dos fondos con indicación do número de unidades de instalación que lles corresponden. Da suma delas dedúcese que custodia unhas 9010 unidades. Se lles aplicamos a fórmula de 8 por metro, resulta un total de 1127 metros aproximados de ocupación. Nada sabemos do espazo libre.

⁶⁴ <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/arquivos-de-galicia/index.html> [Última consulta: 05/03/2018].

⁶⁵ <http://archivomunicipal.betanzos.net/> [Última consulta: 05/03/2018].

⁶⁶ http://www.ferrol.es/archivo/index_es.asp [Última consulta: 05/03/2018].

⁶⁷ <http://www.coruna.gal/portal/es/ciudad/cultura/archivo-municipal/clasif-de-los-fondos-documentales> [Última consulta: 05/03/2018].

Arquivos municipais na provincia de Lugo

Lugo ten 56 concellos. Fan parte desta mostra tres: Lugo, Foz e Monforte de Lemos. É preciso dicir sobre os seus arquivos que:

- O de Lugo ten unha parte do seu fondo baixo a custodia do Arquivo Histórico Provincial da cidade, onde se entregou en depósito. Está composto por un total de 2647 unidades de instalación: 1582 caixas e 1065 libros, que ocupan un total de 240 metros de espazo. O resto dos documentos gárdanse no propio concello e, malia que no seu web hai un espazo dedicado ao arquivo municipal⁶⁸, nel non se atopa ningunha información sobre fondos ou espazos.
- O de Foz ofrece datos globais en Galiciana: custodia 2912 unidades de instalación, aproximadamente uns 364 metros de documentos.
- Do de Monforte de Lemos non atopamos nada máis que o cadro de clasificación con series e datas extremas no web dos Arquivos de Galicia. Hai tamén un enlace ao sitio web do concello, mais este non ofrece datos referidos ao arquivo municipal⁶⁹.

Arquivos municipais na provincia de Ourense

Ourense conta con 92 concellos. Unicamente forma parte desta mostra o de Ourense, xa que os 91 restantes non teñen persoal a cargo dos seus arquivos.

Do arquivo do Concello de Ourense non podemos ofrecer ningún dato sobre a súa extensión e unidades de instalación. Nin o Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica⁷⁰, nin o portal web dos Arquivos de Galicia, nin o web do propio concello achegan información ao respecto e non obtivemos ningunha por outras vías.

Arquivos municipais na provincia de Pontevedra

Pontevedra ten 64 concellos e son 15 os que dispoñen de arquivo municipal con persoa/s ao cargo. O do concello de Pontevedra é un deles e conta cun espazo propio no web municipal⁷¹, que nada di de fondos custodiados nin do espazo co que conta, polo que non podemos ofrecer información ao respecto.

Canto aos catorce restantes, os datos recollidos no cadro que segue proceden do apartado de Patrimonio Documental Provincial do web arquivos.depontevedra.es, xestionado pola Deputación Provincial de Pontevedra⁷² e sobre o que se volverá a falar no capítulo seguinte.

⁶⁸ http://www.lugo.es/cs/Satellite?c=Spark_TextGenerico&cid=1227499381618¢ral=Lugo%2FCentroSeccion%2FLugoListadoTextoGenerico&idioma=gl&pagename=Lugo%2FSpark_TextGenerico%2FLugoTexto&tipoLetra=Texto1 [Última consulta: 05/03/2018].

⁶⁹ <http://www.monfortedelemos.es/> [Última consulta: 05/03/2018].

⁷⁰ <http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/archivodetail.htm?id=55751>[Última consulta: 05/03/2018].

⁷¹ <http://www.pontevedra.gal/arquivo/> [Última consulta: 05/03/2018].

⁷² <http://arquivos.depo.gal/?1,1003> [Última consulta: 05/03/2018].

Arquivo	Unidades de instalación
Baiona	5690
Bueu	4631
Cangas	2119
Estrada, A	11 240
Grove, O	5035
Moaña	4649
Mos	7039
Nigrán	9653
Poio	5596
Ponteareas	2839
Redondela	8072
Sanxenxo	12 842
Tui	6119
Vilagarcía de Arousa	15 940

Cadro nº 1. Volume de fondos custodiados en 14 arquivos municipais da provincia de Pontevedra.

Ao lle aplicar ao conxunto destes catorce concellos a fórmula estándar de oito unidades de instalación por metro que se veu empregando, atopamos que estes, en total, custodian aproximadamente 12 683 metros de documentos, que forman parte do patrimonio documental do país. Estes máis de 12 quilómetros e medio pódennos dar unha idea do volume de fondos patrimoniais galegos sen control, isto é, dos documentos dos concellos que carecen de arquivo con persoal ao cargo.

Outros arquivos en Galicia

Ademais dos arquivos que dependen das administracións galegas (autonómica e local), existen en Galicia outros dous arquivos, ambos os dous de titularidade e xestión estatal, que non se inclúen no ámbito deste informe, aínda que si debemos sinalar a súa existencia e dar unhas pinceladas básicas sobre eles. Trátase do Archivo Militar Intermedio Noroeste⁷³ e do Archivo Naval de Ferrol⁷⁴, situados na cidade de Ferrol. Os arquivos militares presentan certas especificidades en materia de persoal e á súa fronte sempre hai unha autoridade militar que os dirixe e, cando existe, un/unha arquivista que exerce a dirección técnica baixo a supervisión militar.

O Archivo Militar Intermedio Noroeste depende do Instituto de Historia e Cultura Militar do Exército de Terra e forma parte do sistema arquivístico do Ministerio de Defensa. Conta con 1703 metros cadrados de superficie, repartidos entre 13 depósitos, nos que se custodian máis de 9500 metros de documentos xerados polos gobernos militares e as capitanías, polas diferentes unidades do Exército de Terra⁷⁵ e os hospitais militares da antiga VIII Rexión Militar. Garda tamén, en depósito, o fondo do Tribunal Militar Territorial Catro, con sede na Coruña, que reúne os procedementos ditados polos tribunais militares entre 1809 e 1998. Á súa fronte hai unha arquivista, do Corpo Facultativo de Arquivistas do Estado.

O Archivo Naval de Ferrol, dependente tamén do Ministerio de Defensa, é un arquivo intermedio que forma parte do subsistema arquivístico da Armada e reúne os fondos da Mariña de Guerra de Ferrol e da antiga Zona

⁷³ <http://www.ejercito.mde.es/unidades/Madrid/ihycm/Archivos/archivos-intermedios/ferrol-archivo-intermedio.html> [Última consulta: 05/03/2018].

⁷⁴ <https://patrimoniocultural.defensa.gob.es/es/centros/archivo-naval-ferrol/portada> [Última consulta: 05/03/2018].

⁷⁵ Incluídos os expedientes persoais de tropa antes de ser transferidos ao Arquivo Xeral Militar de Guadalajara.

Marítima do Cantábrico. Segundo o seu web⁷⁶ custodia un total de 6334 metros de documentos e non nos consta a existencia de arquivista ao seu cargo.

INICIATIVAS DE XÉNERO/FEMINISMO/IGUALDADE NOS ARQUIVOS PÚBLICOS

Atendendo aos artigos do capítulo II do Decreto lexislativo 2/2015 vixente en Galicia en materia de igualdade, centrados integramente na erradicación dos usos sexistas da linguaxe institucional e social⁷⁷, é importante comezar indicando que, logo de visitar os diferentes espazos web dos arquivos obxecto de estudo neste informe, pódese extraer unha característica común a todos eles: a existencia dunha despreocupación case xeneralizada polo uso dunha linguaxe non discriminatoria e a continua reprodución de usos sexistas da lingua. Existen algunhas excepcións, como por exemplo o web do Arquivo Provincial de Ourense, que fai uso dunha linguaxe non sexista unicamente cando dá conta de dúas actividades relacionadas coa educación; o Arquivo Histórico Universitario da USC presenta apartados nos que se fai uso de expresións sexistas e outros nos que non se fai. En todo caso, é preciso que os arquivos, na súa presenza pública a través da rede de Internet, realicen esforzos efectivos para cumpriren a lexislación vixente e, así, erradicar os usos sexistas da linguaxe empregada.

Atopouse tamén que é habitual que sexa sexista a linguaxe utilizada nas relacións de postos de traballo (RPT) e nos cadros de persoal de arquivos publicados nos boletíns e diarios oficiais. É preciso mudar tamén esta realidade. É importante lembrar aquí que o último capítulo deste informe ofrece algunhas ferramentas de utilidade para tal fin.

Noutra orde de cousas e, retomando a estrutura das epígrafes anteriores, recóllese no que segue información, caso de habela nos seus respectivos espazos web, sobre as actividades desenvolvidas polos arquivos arredor da visibilización das mulleres e as súas relacións e accións individuais ou colectivas.

Arquivos de titularidade estatal xestionados pola Xunta de Galicia

Non se atopou ningún tipo de iniciativa no web do Arquivo Histórico Provincial de Ourense respecto ás mulleres, mais si nos outros tres de titularidade estatal e son as que seguen.

O Arquivo do Reino de Galicia, arredor da celebración do 8 de marzo do ano 2017, deu forma no seu espazo web á exposición virtual *Conflitividade laboral feminina na provincia da Coruña (1938-1944)*; trátase dunha pequena mostra documental dunha selección de expedientes de traballadoras da provincia da Coruña nos anos posteriores ao remate da Guerra Civil española⁷⁸. Anteriormente, no mes de agosto de 2016, publicaran dúas fotografías procedentes do fondo do xornalista Ricardo Palmás, nas que se amosan leiteiras en Santiago de Compostela⁷⁹.

Pola súa banda, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo inaugurou no mes de outubro de 2017 a exposición *Por feiras e mercados. Ver, comprar, vender...*, que consta de 60 fotografías de feiras realizadas na cidade de Lugo, no Páramo, en Nadela, no Cebreiro, en Monterroso...; están datadas entre 1914-1984 e poñen de manifesto o repartimento desigual das tarefas en función dos sexos nas feiras e mercados⁸⁰. Uns anos antes, entre

⁷⁶ <https://patrimoniocultural.defensa.gob.es/es/centros/archivo-naval-ferrol/portada> [Última consulta: 19/04/2018].

⁷⁷ Publicado no DOG nº 32, mércores, 17 de febreiro de 2016. Versión dixital en <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOG-g-2015-90667> [Última consulta: 07/11/2018].

⁷⁸ Pódese visitar virtualmente en http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/export/sites/default/arquivo-do-reino-de-galicia/resources/downloads/dia_muller_2017_02.pdf [Última consulta: 22/12/2018].

⁷⁹ Pódense ver en http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/content/actividades/actualidad/actual_0069.html [Última consulta: 22/12/2018].

⁸⁰ Máis información en http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-historico-provincial-de-lugo/content/actividades/actualidad/actual_0013.html [Última consulta: 26/12/2018].

novembro de 2013 e marzo de 2014, dera forma a outra exposición, *Mulleres do século xx. Luces e sombras: fotografías sobre muller e traballo no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*⁸¹. Comprendía esta un total de 65 imaxes coas que se amosaban as condicións de vida e a participación das mulleres en diferentes traballos na provincia de Lugo ao longo do século xx.

Finalmente, o Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra publicou unha serie de documentos de mulleres vinculadas ao mundo do toureo titulada *Camiños de igualdade: a loita da muller pola integración da figura feminina en ámbitos propios do xénero masculino. As matadoras*, arredor da celebración do 8 de marzo do ano 2017.

Arquivos territoriais da Xunta de Galicia

Nos espazos web dos arquivos territoriais de Lugo, Pontevedra e Vigo non consta que desenvolvesen ningunha iniciativa arredor das mulleres, a igualdade, o xénero ou os feminismos.

Algo diferente é o caso do web do Arquivo de Galicia. O dito espazo recolle unha nova datada en outubro de 2012 na que se informa de que o Arquivo de Galicia recibirá o fondo documental e a biblioteca de Olga Gallego⁸². Dous anos máis tarde, con data de novembro de 2014, publica documentación que demostra a diferenza salarial entre homes e mulleres na industria conserveira desde os anos trinta do século xx⁸³. Xa máis recentemente, en 2016, e arredor da celebración do 8 de marzo, este arquivo inaugura unha serie de exposicións co título Mulleres sobranceiras, que están dedicadas a unha muller concreta e, amais de informar sobre os aspectos da vida e a traxectoria da protagonista, dá difusión aos seus propios fondos de arquivo. A primeira exposición homenaxeou a arquiteira Olga Gallego e a segunda, de marzo de 2017, tivo como protagonista á deseñadora María Moreira. Todas elas son mulleres que, neste caso, teñen en común o feito de que os seus arquivos persoais foron doados ao Arquivo de Galicia⁸⁴.

Arquivos centrais da Xunta de Galicia

Non se atopou ningunha iniciativa relativa a mulleres, xénero, feminismos ou igualdade no Arquivo Central da Consellería de Cultura nin no da Delegación de Industria na Coruña.

Arquivos xudiciais

Ningún dos catro arquivos xudiciais dispón de páxina web, mais pénsase que non é aventurado afirmar que non realizaron ningunha iniciativa.

Arquivos dos órganos estatutarios

Os webs do Parlamento de Galicia, do Consello de Contas e do Consello Consultivo non dedican ningún espazo aos seus arquivos e, polo tanto, non é posible coñecer as súas actividades e tampouco obter datos relativos ao

⁸¹ http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/export/sites/default/arquivo-historico-provincial-de-lugo/resources/downloads/Trxp_AHPLug_Mull.pdf [Última consulta: 10/04/2018].

⁸² Máis información en <http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/index.html?pagina=37> [Última consulta: 17/01/2018].

⁸³ Máis información en http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/content/actividades/actualidad/actual_0064.html [Última consulta: 17/01/2018].

⁸⁴ Máis información sobre Olga Gallego e Eva Moreiras en <http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/index.html?pagina=15> e http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivo-de-galicia/content/actividades/actualidad/actual_0130.html [Última consulta: 17/01/2018].

desenvolvemento dalgunha iniciativa arredor das mulleres, a igualdade, o xénero ou os feminismos por outras vías.

Tamén o arquivo institucional do CCG carece de páxina web e pódese afirmar que non ten desenvolvida ningunha acción deste tipo. No tocante aos outros arquivos dependentes da institución, dos que se falará deseguido, é preciso dicir que sempre que se lles solicita colaboran coa súa Comisión de Igualdade.

O espazo web do Arquivo Sonoro de Galicia reflicte que non levou a cabo ningún proxecto sobre mulleres, xénero, feminismos ou igualdade. Cómpre sinalar que inclúe un vínculo a outro espazo web: Vento que zoa, no que se recollen datos dunha compositora, Margarita Viso Soto⁸⁵ (a única muller fronte a 17 compositores).

É importante dicir respecto do Arquivo da Emigración Galega que a única información relacionada con este informe atopada na súa páxina web remite a 2016, o ano en que se publicou o monográfico *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*.

Remataremos dicindo que o Arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia carece ata o de agora de páxina web propia, mais, como o seu nome indica, é unha iniciativa centrada nos feminismos organizados en Galicia e, con frecuencia, os seus fondos alimentan os diferentes apartados do *Álbum de mulleres*, un espazo este que, como xa se indicou, é un particular centro de documentación dixital integramente construído desde olladas feministas e/ou de xénero.

Arquivos universitarios

Ningún dos espazos web dos arquivos das tres universidades galegas dá conta do desenvolvemento do tipo de iniciativas que se están a analizar aquí. Outras vías para obter información permiten indicar que o arquivo da USC colabora co Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX), da mesma universidade, na visualización de mulleres científicas a través dos expedientes persoais conservados no fondo do arquivo.

Arquivos das administracións locais

Nada se atopou en Internet relativo a iniciativas de xénero, igualdade, mulleres ou feminismos nos arquivos das deputacións nin nos arquivos dos diferentes concellos.

⁸⁵ Pódese visitar en <http://consellodacultura.gal/ventoquezoa/fichadoautor.php?id=483> [Última consulta: 17/01/2018].

ARQUIVISTAS

Os e as arquivistas realizan as súas funcións nun ámbito preferentemente público, malia que hai profesionais que traballan en arquivos privados, como os eclesiásticos, os de empresas ou de grandes familias; non obstante, en número moi menor ás magnitudes de profesionais que exercen a súa actividade nas entidades públicas, nas que se centra este informe.

Segundo Luis Martínez García no seu relatorio «Archivar en femenino» (2017)⁸⁶, cando se trata de localizar no conxunto do Estado español datos que poidan dar conta do papel das e dos profesionais da arquivística nas redes de goberno das políticas públicas, o número tan sequera aproximado, a procedencia académica, os postos que ocupan e onde exercen, ponse de manifesto que os datos existentes son poucos, apenas sistematizados, fragmentados e dispersos. Tratar de recuperalos, aínda que sexa parcialmente, esixe realizar complexas buscas por webs institucionais, estatísticas (sempre parciais), informes, boletíns e bibliografías. Tamén se descoñece, por suposto, cal é a porcentaxe de mulleres arquivistas.

A primeira percepción da profesión é que se trata dun ámbito fortemente feminizado⁸⁷. Non obstante, segundo o xa mencionado Luis Martínez García, esta intuición non é clara na Administración do Estado, onde, nun corpo que inicialmente foi competencia exclusiva dos homes pero que se abriu cedo ás mulleres, que pronto chegaron a acadar maiorías⁸⁸, se vai apreciando nos últimos 25 anos unha tendencia crecente ao aumento da presenza de homes, sobre todo nas prazas de categoría superior (A1). Isto relaciónase cos diversos factores que inciden na profesión e nas transformacións dos propios arquivos. Estes pasan de ser meros contedores dun patrimonio documental só válido para a investigación histórica a ser unidades de xestión administrativa depositarias de documentos indispensables para o acceso á información e á transparencia. Implica a normalización técnica da metodoloxía que hai que empregar, unha nova batería de coñecementos e tamén a transformación do corpo de arquivistas, que pasan a formar parte dun novo modelo de funcionariado público, integrado nunha Administración democrática cuxos valores son os mesmos que os da cidadanía —«preparados, eficaces e eficientes»— e que deben prestar servizos públicos cunha dimensión que se desenvolve, ademais de nas áreas patrimoniais tradicionais, nos novos campos da xestión administrativa, da incorporación das novas tecnoloxías, da Administración electrónica e do acceso á información administrativa. Documentos estes imprescindibles para autenticar dereitos e deberes da cidadanía na súa relación cos poderes públicos. Estase, polo tanto, nos últimos trinta anos, ante un cambio transcendental para os arquivos públicos e para as e os arquivistas, no que a fenda dixital entre os sexos ten o seu lugar.

Ata agora deuse conta dunha tendencia contrastada no conxunto do Estado e da maior parte das comunidades autónomas. Toca agora prestar atención ao caso galego e dilucidar se tamén aquí teñen ou tiveron lugar estes

⁸⁶ Relatorio presentado no marco das xornadas *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, no que se pode ampliar a información sobre a localización de fontes de información sobre arquivistas.

⁸⁷ Certas cuestións reforzan esta tese da feminización: os postos de arquivista case sempre están integrados nos departamentos de Cultura. Estes son comunmente marxinados, con peor remuneración económica que a doutros departamentos, menores orzamentos, promocións e relacións, combinados cunha titulación académica «de letras» e un menor prestixio social recoñecido pola opinión pública. Esta situación dá lugar a un bucle sen fin de postos mal retribuídos que ocupan mulleres, con salarios sempre baixos a causa da habitual discriminación por sexos.

⁸⁸ A primeira muller en aprobar as oposicións ao corpo facultativo do Estado foi Ángeles García Rives en 1913. Para máis datos Luis Martínez García, *op. cit.* na nota 87.

cambios. Neste senso, facer unha aproximación á cuestión de se tamén na Administración galega se rompeu ou se está a romper co acceso masivo de mulleres ao corpo de arquivistas pasa por atender os resultados dos procesos de oposición convocados pola Xunta de Galicia. Os datos din o que segue:

- A primeira convocatoria, realizada en 1991, deu entrada a tres mulleres, todas para o grupo A2, e a dous homes, un para o A1 e outro para o A2.
- A segunda convocatoria, celebrada en 2001, a máis ampla de todas ata o de agora, tivo como resultado nove aprobadas e un aprobado para o grupo A1, 17 aprobadas e dous aprobados para o grupo A2.
- Na convocatoria de 2007 houbo dous aprobados para o grupo A1 e só unha aprobada, mentres que para o grupo A2 aprobaron dous homes e ningunha muller.
- Na última convocatoria, que tivo lugar en 2013, as dúas prazas A1 que se ofertaron foron aprobadas por un home e unha muller, e as nove do grupo A2 conseguíronas cinco mulleres e catro homes.

Segundo estes datos, pódese dicir que nos procesos de oposición a arquivos da Xunta de Galicia ocorridos entre 1991 e 2013, agás na segunda das convocatorias, onde o número de aprobadas supera con moito ao de aprobados⁸⁹, non se produce o fenómeno de acceso masivo de mulleres. Polo xeral, nas convocatorias a tendencia é a da existencia dun número semellante de homes e mulleres que superan as probas.

Seguir coa tarefa de saber máis sobre o lugar das e dos arquivistas no conxunto dos arquivos públicos con actividade en Galicia pasa tamén por coñecer o número de persoas que traballan neles. A tarefa, ao igual que ocorre no conxunto do Estado, é ardua e implica visitar complexos e confusos espazos web institucionais, onde non adoitan aparecer datos ou se mostran espaxados por unha labiríntica estrutura que dificulta enormemente obter información clara e concreta ao respecto. A cousa complícase cando o que se quere é coñecer a formación das e dos arquivistas ou os postos de traballo que ocupan e onde exercen. Por suposto, apenas se conta con datos indicativos para poder coñecer a porcentaxe de mulleres no conxunto do corpo nin que postos e responsabilidades ocupan. Vexamos isto con detalle.

O web que dedica maior espazo aos arquivos públicos galegos, xa nomeado no capítulo anterior, é o portal Arquivos de Galicia⁹⁰, dependente da Xunta. Este espazo persegue recoller e, polo tanto, centralizar información sobre a totalidade dos arquivos da comunidade, independentemente de que a súa titularidade sexa privada ou pública (concellos, deputacións, centros de ensino público ou universidades). Ao analízalo, pronto se descobre que non existe ningún directorio público da Xunta de Galicia que recolla os datos do persoal de xeito unificado. No ámbito de Internet, o único instrumento posible para tentar completar os datos é de uso interno; trátase da Intranet da Administración pública galega, mais esta unicamente permite consultas a persoal traballador da Xunta. Pódese afirmar entón que a institución infrinxe a Lei de transparencia ao non proporcionar accesibilidade á cidadanía ou a calquera persoa interesada neste tipo de datos en xeral. Para cumprir a citada Lei, é preciso que a Administración faga o posible para que esta información, indispensable tanto para a cidadanía como para a propia Xunta e, desde logo, para os e as arquivistas, exista, estea sistematizada e sexa facilmente localizable.

O directorio interno de persoal da Xunta de Galicia podería servir como punto de partida na identificación dos e das traballadoras dos arquivos que dependen desta entidade. Non obstante, como xa se indicou, resulta insuficiente para facilitar a localización rápida debido a que os datos relativos ao persoal dos arquivos non aparecen de forma conxunta, senón que se presentan subsumidos na totalidade da información pertencente á unidade administrativa da que dependen ou á que serven; así, por exemplo, os datos dos arquivos histórico-provinciais e

⁸⁹ Destes datos deducimos que cando as mulleres compiten en igualdade de condicións cos homes obteñen unhas porcentaxes iguais ou superiores ás deles.

⁹⁰ <http://arquivosdeg Galicia.xunta.gal/portal/arquivos-de-galicia/index.html> [Última consulta: 11/04/2018].

territoriais intégranse nos dos departamentos de Cultura e, os dos arquivos das consellarías, no caso de existir, nas consellarías correspondentes. Hai que indicar ademais que, con frecuencia, os datos que ofrece cada unha destas unidades son incompletos. Precísase, pois, que sexan completados e que se articule unha base de datos que unifique todo o relativo ao persoal que traballa nos arquivos.

Se no ámbito de Internet localizar información sobre arquivistas na Administración autonómica é difícil, tratar de atopala para o conxunto das 313 administracións locais é un punto case imposible. O portal web dos Arquivos de Galicia, como xa se indicou no capítulo anterior, presenta certos datos sobre os arquivos dos concellos, de feito recolle unha relación de arquivos municipais. Na maioría dos casos, tras o nome e xeolocalización do concello, un vínculo redirixe ao espazo web daquel⁹¹ e, en xeral, ofrece desigual información sobre cada un deles, a maioría desactualizada, e presenta ás veces datos de hai máis de 14 anos e sen apenas referencias á existencia de persoal á fronte dos arquivos. O habitual é que, cando estes datos aparecen, a referencia se reduza á mención dunha «persoa responsable», sen ningún dato da profesión, formación ou calquera outra que permita coñecer a situación real.

Concretamente, nos arquivos da provincia de Lugo hai unha soa mención ao persoal técnico no concello da Fonsagrada. Indícase «responsable: arquiteira». Aparecen tamén esporadicamente os nomes dos e das titulares das bolsas que traballaron na organización do arquivo, xunto coa alusión a algunhas das persoas que exerceron como persoal técnico e que forman ou formaron parte das unidades centrais de arquivos da Xunta. Na provincia da Coruña menciónase unicamente a existencia de «responsable» no Arquivo Municipal de Betanzos, no de Arzúa, no de Boqueixón, no de Ferrol, no de Narón e no de Ortigueira. Chama a atención neste caso que non se citen datos dos arquivos de Oleiros ou de Ribeira, ambos os dous con arquivistas do grupo A1 desde hai máis de 20 anos. No tocante aos arquivos municipais da provincia de Ourense, só hai un arquivista á fronte do arquivo municipal da cidade⁹² e ningún outro concello conta con persoal a cargo dos arquivos. En calquera caso, a información proporcionada sobre os arquivos dos concellos da Coruña, Ourense e Lugo é insuficiente. Non permite esclarecer se falamos de arquivistas, secretarias / secretarios dos concellos, persoal administrativo e subalterno ou bolseiras e bolseiros que, nun período determinado, puidesen ter traballado na organización do centro do que se trate.

Mención á parte merece o caso dos arquivos da provincia de Pontevedra. O portal Arquivos de Galicia recolle referencias dos arquivos dos 61 concellos desta provincia seguindo o mesmo perfil que o empregado para o conxunto de arquivos galegos. Engade ademais un elemento de máximo interese, o enlace co sitio web da Deputación de Pontevedra. Nesta atópanse datos moi completos sobre cada un dos arquivos⁹³, pero seguen faltando os datos básicos necesarios para o caso que se está a tratar neste capítulo, os relativos ao persoal que traballa neles. É a comunicación de Olimpia López Rodríguez «Os arquivos municipais de Galicia e os profesionais: onde están, onde estamos?» a que proporciona o dato de que son cinco os arquivos da provincia que contan con arquivista⁹⁴: Pontevedra, Pontearreas, Baiona, Poio e Bueu. Obtense información sobre outros dez concellos —Cangas, A Estrada, O Grove, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, Sanxenxo e Vilagarcía— no relatorio de Lourdes Penas-Santama-

⁹¹ Un espazo web que, como xa se indicou, non adoita ofrecer información específica sobre o arquivo e, nos contados casos en que o fai, apenas mostra datos sobre persoal.

⁹² Recentemente xubilado e sen substituír.

⁹³ Persoas que traballaron nas diferentes campañas, desde a primeira en 1986 ata a última en 2016, fondos, servizos, datos de actualización das descripcións, mapas, fotografías, planos... Isto débese a que a Deputación de Pontevedra iniciou en 1981, por iniciativa do seu arquivista, Miguel Pereira Figueroa, un proxecto de organización dos arquivos municipais da provincia, que 37 anos máis tarde ten fornecido un sólido traballo de ordenación de fondos e de protección e posta en valor do patrimonio documental. Lamentablemente, este proxecto, admirable e de grande envergadura, non logrou crear dinámicas de corresponsabilidade nos concellos en beneficio dos arquivos e, polo tanto, da cidadanía.

⁹⁴ Comunicación presentada nas *II Xornadas Olga Gallego de Arquivos*, A Coruña, 2016. Dispoñible no web da Fundación Olga Gallego (<http://www.fundacionolgagallego.gal/inicio.htm>) [Última consulta: 10/01/2018].

ría Feijoo e José Luis Castro Carpintero titulado «Os arquivos da administración local na provincia de Pontevedra: Actuacións e situación actual»⁹⁵. Neste infórmase de que esas administracións locais dotaron os arquivos con persoal auxiliar ou administrativo.

Talvez sexa conveniente revisar qué se pode facer para mudar este estado da cuestión porque, se ben hai un elevado número de pequenos concellos que precisan o apoio das Deputacións, hai outros que poden, e aínda deben, optar por outras vías⁹⁶. En calquera caso, no resto das provincias non hai en marcha ningunha iniciativa planificada e sistemática de apoio aos arquivos municipais. É precisa unha acción urxente.

No que se refire aos arquivos universitarios, cómpre comezar por destacar o caso do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela e o do Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña, xa que son as únicas institucións públicas galegas que nos seus espazos web, en materia de persoal de arquivo, cumpren coa Lei de transparencia. Estes inclúen claramente os datos do persoal traballador do centro e expresan a praza que ocupan, o nome (o que permite saber se son homes ou mulleres) e os datos de contacto con cada unha das persoas que traballan nos arquivos⁹⁷, máis completos no caso da USC, onde amais dos teléfonos se engaden direccións de correo electrónico. Aínda que as listaxes teñen algunha eiva, estas experiencias poderían servir como modelo para a realización dun directorio de arquivistas para o conxunto dos arquivos públicos con actividade en Galicia. Non ocorre o mesmo coa Universidade de Vigo; no espazo web do seu arquivo non se recollen datos relativos ao persoal traballador.

Detéctanse, por tanto, unha serie de deficiencias xeneralizadas nos arquivos públicos con actividade en Galicia: o descoñecemento do número de arquivistas que traballan neles, os postos que ocupan, o seu nivel de responsabilidade, o seu sexo e o tipo de formación coa que contan. Nestas circunstancias é preciso reclamar o fornecemento dun directorio completo e exhaustivo que cumpra coas leis de transparencia e igualdade en materia de datos sobre traballadores e traballadoras dos arquivos públicos.

Coñecendo este panorama, para poder completar os datos necesarios e cumprir os obxectivos sobre arquivistas perseguidos neste informe, quedan poucos recursos. No tocante aos arquivos de titularidade estatal e aos propios da Administración autonómica, poderíase pensar que, se se seguen os resultados das oposicións, sería posible coñecer o número de traballadoras e traballadores e extraer a consecuente proporción en función dos sexos. Porén, tal e como se veu máis arriba para o caso das convocatorias da Xunta de Galicia, dese xeito só se obtén información sobre o número de aprobados e aprobadas. Un dato este ao que lle habería que aplicar factores de corrección, xa que nas convocatorias hai quen promociona do grupo A2 ao A1, quen concursa entre prazas de maior nivel dun centro a outro, quen accede ás prazas de persoal interino etc. Hai que ter en conta ademais, e isto é extensible á maioría de arquivos, a existencia dun elevado número de convocatorias destinadas a cubrir un posto de arquivista nas que non está claro que praza se ofrece ou de que categoría profesional se fala e que non se van rastrexar aquí. Neste caso, como xa se indicou na parte dedicada aos métodos e técnicas empregados neste informe, para completar a información fíxose uso de contactos persoais, presenciais ou telefónicos, con arquivistas e realizáronse por vía telefónica consultas directas ás institucións. Falemos dos resultados.

⁹⁵ Presentado nas *II Xornadas Olga Gallego de Arquivos*, A Coruña, 2016. Dispoñible no web da Fundación Olga Gallego e recollido na nota anterior.

⁹⁶ É importante lembrar que o anteproxecto da Lei de arquivos e documentos de Galicia contemplaba a obrigatoriedade de que todos os concellos de máis de 10 000 habitantes contasen cun arquivista con formación universitaria. Esta medida, compartida pola FEGAMP, nunca apareceu na Lei e nunca se explicou o porqué. Para máis información ver o artigo de Olimpia López (2017) xa referenciado neste apartado.

⁹⁷ Os datos da USC están en <http://www.usc.es/gl/servizos/arquivo/persoal.html> e os da UDC en http://www.udc.es/srda/quen_somos.html [Últimas consultas: 09/01/2018].


ARQUIVISTAS NOS ARQUIVOS XESTIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA

Neste capítulo preséntanse os datos sobre arquivistas en cadros acompañados das súas correspondentes gráficas, xa que estas proporcionan unha visión máis rápida e clara da información relativa a arquivistas por grupos e sexos.

Arquivistas nos arquivos de titularidade estatal

Arquivos de titularidade estatal	Arquivistas por grupos e sexo				Notas
	A1		A2		
	M	H	M	H	
ARG	3	1	5	0	
AHP de Lugo	3	0	4	1	
AHP de Ourense	1	1	5	1	
AHP de Pontevedra	1	0	5	1	1 A1 vacante
Totais	8	2	19	3	1 A1 vacante

Cadro nº 2. Arquivistas nos arquivos de Galicia de titularidade estatal.



Gráfica nº 1. Arquivistas nos arquivos de Galicia de titularidade estatal.


Atendendo aos datos maniféstase que, tanto no Arquivo do Reino de Galicia coma nos Histórico Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, o número de arquivistas é superior ao de arquivistas homes, se ben é certo que o nomeado en último lugar ten unha vacante do grupo A1 que, no caso de que fose cuberta por un home, igualaría as cifras presentadas para este grupo neste arquivo. En todo caso, pódese afirmar que nos arquivos de titularidade estatal xestionados pola Xunta de Galicia o número de mulleres é bastante superior ao de homes, catro veces maior no grupo A1 e sete veces maior no A2.

Para dar cumprida información relativa aos cargos, é preciso atender ao sexo das persoas titulares da dirección nestes arquivos xa que, como é lóxico, nas táboas aparecen integradas nos grupos. Tamén neste caso, tomados os datos de xeito conxunto, o número de directoras é superior ao dos directores ao ser o Arquivo Histórico Provincial de Ourense o único no que un varón desempeña este cargo.

Arquivistas nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia

Arquivos territoriais da Xunta de Galicia	Arquivistas por grupos e sexo				Notas
	A1		A2		
	M	H	M	H	
Arq. de Galicia	3	1	1	1	1 A1 vacante
AX Lugo	1	0	1	0	
AX Pontevedra	0	1	0	0	
AX Vigo	0	0	1	0	
Totais	4	2	3	1	1 A1 vacante

Cadro nº 3. Arquivistas nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia.



Gráfica nº 2. Arquivistas nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia.

O Arquivo de Galicia é o que presenta un maior número de persoas traballando nel, un total de seis: catro do grupo A1 (un técnico superior varón do grupo A1 e tres mulleres —a xefa do servizo do Arquivo de Galicia, a xefa de sección do arquivo dixital e unha técnica superior de arquivos—) e dúas persoas do grupo A2 (unha de cada sexo), tamén hai unha praza vacante de xefe/a de sección de arquivo A1. Séguelle a este en número de arquivis-


tas o territorial da Xunta de Galicia en Lugo con dúas mulleres, unha en cada grupo. Os territoriais da Xunta en Vigo e Pontevedra contan cunha única persoa ao cargo. No primeiro, unha muller do grupo A2 e, no segundo, un home do grupo A1, que, en ambos os casos, asumen tamén as tarefas de dirección. É este o único caso no que un varón desempeña este cargo no conxunto dos arquivos territoriais.

Tomando os datos de forma xeral pódese dicir que nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia é lixeiramente maior o número de arquivistas que de arquivistas.

Arquivistas nos arquivos centrais da Xunta de Galicia

Arquivos centrais da Xunta de Galicia	Arquivistas por grupos e sexo			
	A1		A2	
	M	H	M	H
Cultura	0	1	0	0
Industria (A Coruña)	0	0	3	0
Totais	0	1	3	0

Cadro nº 4. Arquivistas nos arquivos centrais da Xunta de Galicia.



Gráfica nº 3. Arquivistas nos arquivos centrais da Xunta de Galicia.


A información recollida indica que é unha a persoa que se encarga do Arquivo Central da Consellería de Cultura e trátase dun home do grupo A1, que ademais asume as tarefas de dirección. No arquivo da Delegación de Industria na Coruña traballan dúas mulleres do grupo A2 e unha delas é a directora. Disto infírese que nos dous arquivos centrais da Xunta de Galicia contemplados nesta mostra o número de traballadoras é tres veces maior que o de traballadores e que nas tarefas de dirección hai o mesmo número de mulleres que de homes.

Arquivistas na Subdirección Xeral de Arquivos

O sistema de arquivos da Xunta, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, conta cun órgano de dirección e coordinación no que traballan profesionais arquivistas: a Subdirección Xeral de Arquivos. A pesar de que son profesionais que non desempeñan as súas tarefas en ningún arquivo propiamente dito, deben ser tomadas en conta neste informe porque é evidente que forman parte do organigrama arquivístico da Comunidade Autónoma.

Subdirección Xeral de Arquivos	Arquivistas por grupos e sexo			
	A1		A2	
	M	H	M	H
Subdirección	1	0	0	0
Servizo	0	0	1	0
Sección	1	0	0	0
Totais	2	0	1	0

Cadro nº 5. Arquivistas na Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia.



Gráfica nº 4. Arquivistas na Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia.

Unicamente mulleres, un total de tres, son as traballadoras desta Subdirección Xeral: unha subdirectora do grupo A1, unha xefa de servizo de arquivos do grupo A2 e unha xefa de sección de arquivos do grupo A1.

O Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental de Galicia

Directamente vinculados á Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia, que os coordina e integra no sistema, existen dous órganos colexiados que se encargan da asesoría en materia de arquivos: o Consello de Arqui-

vos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental de Galicia. Ambos os dous foron creados pola Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia⁹⁸.

O primeiro é un órgano consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos no ámbito da nosa comunidade autónoma e nel «estarán representados os distintos arquivos que integran o sistema de Arquivos de Galicia». O segundo é un órgano consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame sobre as cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos e polas empresas e entidades deles dependentes, así como para a súa integración nos arquivos e para o réxime de acceso e inutilidade administrativa de tales documentos no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia. Como o anterior, conta tamén este organismo con representantes do Sistema de Arquivos de Galicia. Isto significa que, entre outras e outros profesionais, ambas as entidades contan con arquivistas vinculadas e vinculados con diferentes unidades da rede de arquivos de Galicia, o que quere dicir, polo tanto, que nesta investigación se trata de persoas xa incluídas no cadro correspondente á entidade en que traballan e que as cifras que se recollen máis abaixo non poden ser engadidas ao cómputo total de arquivistas. Convén aclarar entón que o obxectivo deste apartado é o de poñer de relevo a presenza de profesionais de arquivos desagregados por sexo en cada un destes consellos.

O Consello de Arquivos de Galicia componse de 18 persoas, nove homes e nove mulleres. Isto significa que cumpre a disposición adicional cuarta da lei pola que foi creado mencionada máis arriba, unha disposición que prevé que se atenderá ao principio de presenza equilibrada entre homes e mulleres neles. No que respecta a arquivistas, conta cun total de oito: catro mulleres e dous homes do grupo A1 e unha muller e un home do A2. En total, cinco arquivistas fronte a tres arquivistas.


Non podemos precisar con exactitude o número total de membros que compoñen o Consello de Avaliación Documental de Galicia e polo tanto nada podemos dicir do cumprimento ou non da disposición recollida arriba. Si sabemos que participan nel seis arquivistas: dous homes e dúas mulleres do grupo A1 e unha muller e un home do grupo A2. Isto representa o mesmo número de arquivistas que de arquivistas neste organismo.

Arquivistas nos arquivos xudiciais

Arquivos xudiciais	Arquivistas por grupos e sexo			
	A1		A2	
	M	H	M	H
A Coruña	0	0	1	0
Lugo	0	0	1	0
Ourense	0	0	1	0
Pontevedra	0	0	0	1
Totais	0	0	3	1

Cadro nº 6. Arquivistas nos arquivos xudiciais de Galicia.

⁹⁸ Art. 29.1.b. Pódese consultar o texto íntegro en <https://www.boe.es/buscar/pdf/2014/BOE-A-2014-10825-consolidado.pdf> [Última consulta: 11/04/2018].



Gráfica nº 5. Arquivistas nos arquivos xudiciais de Galicia.

Tal e como xa se indicou, son catro os arquivos xudiciais dependentes da Xunta de Galicia, un por provincia. Conta cada un deles cunha persoa ao cargo, que en todos os casos é do grupo A2. Son mulleres no caso dos da Coruña, Lugo e Ourense, e é home no de Pontevedra. En todos os arquivos estas persoas desempeñan tamén as tarefas de dirección. Tomados os datos na súa globalidade, pódese afirmar que o número de arquivistas dos arquivos xudiciais triplica o número de arquivistas.

É pertinente pechar este apartado dedicado a arquivistas nos arquivos dependentes ou xestionados pola Xunta de Galicia facendo unha serie de consideracións de carácter xeral.


Como xa se expuxo, traballan nestes arquivos un total de 50 arquivistas. Son 17 do grupo A1 —12 mulleres e cinco homes— e 33 do grupo A2 —28 mulleres e cinco homes—. Hai tamén neste conxunto dúas prazas vacantes do grupo A1 e cómpre sinalar aquí a existencia doutra praza libre do grupo A1 no Arquivo da Consellería de Política Social, non contemplado na mostra por se tratar dun arquivo que no momento da realización deste informe non tiña ningunha persoa ao seu cargo, isto é, non cumpría o principal requisito que define os arquivos obxecto do noso estudo. Engadindo a estes datos os das tres arquivistas —dúas do grupo A1 e unha do grupo A2— que, sen traballar fisicamente nos arquivos, conforman a Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta, o total global ascende a 19 persoas do grupo A1 —das que 14 son mulleres e cinco son homes— e 34 do grupo A2 —29 mulleres e cinco homes—. Cando se toma o número total de profesionais de arquivos da Xunta de Galicia sen usar ningún filtro, a cifra ascende a 53. Aplicado a este número o filtro por sexos, o resultado final é de 43 arquivistas e 10 arquivistas; é dicir, o número de mulleres que traballan nos arquivos dependentes da Xunta de Galicia cuadruplica o de homes.

ARQUIVISTAS NOS ARQUIVOS DOS ÓRGANOS ESTATUTARIOS

Elabóranse neste caso tres táboas diferentes: unha para o Parlamento e o Consello de Contas, outra para o Consello Consultivo e unha terceira para o Consello da Cultura Galega. Débese isto a que as dúas primeiras institucións cobren as prazas de arquivo con funcionariado, mentres que as dúas segundas o fan con persoal laboral. Ademais, o Consello da Cultura Galega, como xa se indicou antes, ten ao seu cargo máis dun arquivo e os datos correspondentes a cada un deles só se poderían reflectir se esta institución contase cun cadro diferenciado.

Arquivos dos órganos estatutarios de Galicia	Arquivistas por grupos e sexo			
	A1		A2	
	M	H	M	H
Parlamento	0	0	1	0
Consello de Contas	0	0	2	0
Totais	0	0	3	0


Cadro nº 7. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. I: Parlamento e Consello de Contas.



Gráfica nº 6. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. I: Parlamento e Consello de Contas.

Arquivos dos órganos estatutarios de Galicia	Arquivistas por grupos e sexo			
	Grupo I		Grupo II	
	M	H	M	H
Consello Consultivo	1	0	0	0


Cadro nº 8. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. II: Consello Consultivo.



Gráfica nº 7. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. II: Consello Consultivo.

Arquivos do Consello da Cultura Galega	Arquivistas por grupos e sexo			
	Grupo 1		Grupo 2	
	M	H	M	H
Institucional	2	0	0	0
CDSG	2	0	0	0
AEG	2	0	0	0
ASG	1	0	0	0
AMFOG/Álbum	1	0	0	0
Totais	8	0	0	0

Cadro nº 9. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. III: Consello da Cultura Galega.



Gráfica nº 8. Arquivistas nos órganos estatutarios de Galicia. III: Consello da Cultura Galega.

Cómpre dicir, entón, do persoal dos arquivos dos órganos estatutarios que, segundo os datos recollidos no Parlamento de Galicia, da documentación xerada polo Parlamento ocúpase unha bibliotecaria do grupo A2. Por outro lado, no Consello de Contas hai dúas profesionais, ambas as dúas A2, que ocupan prazas mixtas de arquivo e biblioteca. Por último, no Consello Consultivo encárgase do arquivo unha arquivista-bibliotecaria, que se corresponde con persoal laboral do grupo II.


No tocante ao Consello da Cultura Galega, no arquivo da propia institución traballan dúas mulleres, ambas son persoal laboral do grupo I, unha delas de categoría 2 e a outra de categoría 3, que tamén se encargan da marcha da biblioteca da institución. Algo semellante ocorre no Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, xa que son dúas as traballadoras, ambas as dúas do grupo I, unha delas de categoría 2 e a outra de categoría 3. No Arquivo da Emigración Galega son na actualidade dúas as mulleres do grupo I —categoría 3— as que se ocupan do seu funcionamento. O Arquivo Sonoro de Galicia conta cunha muller do grupo I e categoría 2. E, finalmente, a persoa encargada dos fondos do Arquivo do Movemento Feminista Organizado en Galicia e da xestión do centro de documentación dixital *Álbum de mulleres* é unha muller do grupo I, categoría 3. En conclusión, nesta institución na actualidade todas as persoas que traballan nos seus arquivos son mulleres, ascenden a un total de oito, todas elas do grupo I, coa diferenza de que cinco delas son de categoría 2 e tres de categoría 3.

Tomados os datos dos arquivos dos órganos estatutarios en conxunto, documéntase un número total de 12 persoas traballando neles, once mulleres e un home. Polo tanto, neste caso a cifra das mulleres é once veces maior ca a de homes.

ARQUIVISTAS NOS ARQUIVOS UNIVERSITARIOS

Arquivos universitarios	Arquivistas por grupos e sexo			
	A1		A2	
	M	H	M	H
USC	0	0	4	1
UDC	0	1	1	0
UVigo	0	0	1	0
Totais	0	1	6	1

Cadro nº 10. Arquivistas nos arquivos universitarios de Galicia.



Gráfica nº 9. Arquivistas nos arquivos universitarios de Galicia.

Dos cadros dos arquivos universitarios dedúcese que o da USC é o que conta cun maior número de profesionais, un total de cinco persoas do grupo A2, maioritariamente mulleres, catro fronte a un home. Significa isto que dispón dun cadro de persoal moito máis completo que o do resto das universidades. Cómpre sinalar, ademais, que este arquivo ten o posto de dirección vacante A1 e que as funcións correspondentes son asumidas neste momento polo único home que aparece no cadro.

No que respecta á Universidade da Coruña, é importante dicir que conta con dúas persoas arquivistas: un home do grupo A1 e unha muller do grupo A2, e que exerce a dirección un técnico de administración xeral que non é arquivista.

Canto ao arquivo da Universidade de Vigo, conta cunha traballadora do grupo A2, e dado que como xa se indicou o arquivo depende da biblioteca desta institución e que a persoa que a dirixe é un home, do grupo A1, este último non se inclúe no cadro.

Tomados os tres arquivos universitarios no seu conxunto, atopamos que neles traballan un total de oito arquivistas, seis mulleres do grupo A2 e dous homes —un do grupo A2 e outro do grupo A1—; isto é, o número de arquivistas triplica o número de arquivistas. No tocante ás persoas que asumen as direccións, nos tres casos son homes: un arquivista A2, un bibliotecario A1 e un técnico de administración xeral.

ARQUIVISTAS NOS ARQUIVOS DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

No caso das Administracións locais, isto é, os arquivos das deputacións e os dos concellos, indicáronse xa as dificultades existentes non só para determinar se existe ou non arquivista e cal é o seu sexo, senón tamén para saber se o traballador ou a traballadora pertence ao grupo A1 ou ao grupo A2. Esta situación, aínda sabendo que talvez se produzan distorsións da realidade, levou a facer constar o grupo nos casos en que se obtivo o dato con certeza. Cando isto non sucedeu así, optouse por asimilar o persoal traballador ao grupo A1.

Arquivistas nos arquivos das deputacións


No web do grupo de traballo dos arquivistas das deputacións, consellos insulares e cabidos inclúese unha relación de persoas que traballan nos arquivos das deputacións sen indicar nin a categoría laboral nin a formación⁹⁹. Nesta situación óptase por entender o conxunto do persoal como arquivistas do grupo A1, aínda que os datos poden non responder con exactitude á realidade. Cómpre dicir do Arquivo da Deputación de Ourense que, como xa se indicou, no discorrer desta investigación tivemos noticia da xubilación do seu arquivista e que, a pesar de que polo de agora a praza non foi cuberta, decidimos non excluílo da lista de arquivos con persoal, porque a praza non foi amortizada e supoñemos que será cuberta proximamente por un ou unha arquivista.

Arquivos das deputacións	Arquivistas por grupos e sexo				Notas
	A1		A2		
	M	H	M	H	
A Coruña	2	0	0	0	
Lugo	1	0	0	0	
Ourense	0	0	0	0	1 A1 vacante
Pontevedra	4	2	0	0	
Totais	7	2	0	0	1 A1 vacante

Cadro nº 11. Arquivistas na Administración local. I: As deputacións provinciais de Galicia¹⁰⁰.

⁹⁹ <http://www.archiverosdiputaciones.com/archivos-de-las-diputaciones/#> [Última consulta: 09/02/2018].

¹⁰⁰ Táboa elaborada con información obtida exclusivamente de xeito verbal a través de chamadas telefónicas.



Gráfica nº 10. Arquivistas na Administración local. I: As deputacións provinciais de Galicia.

Atendendo a estes datos ponse de manifesto que, no que atinxe ás deputacións, o arquivo que conta con máis persoal —seis persoas do grupo A1— é o de Pontevedra. Catro delas son mulleres e dúas son homes, e é un destes o que desenvolve as tarefas de dirección. Segue a este en número de arquivistas o da Coruña con dúas mulleres do grupo A1, unha delas é a directora. O arquivo da Deputación de Lugo conta cunha muller do grupo A1, que asume tamén as tarefas de dirección. A praza do de Ourense, como xa se dixo, está vacante.

Sobre os totais, polo de agora e mentres non sexa cuberta a vacante do Arquivo da Deputación de Ourense, a cifra do persoal traballador ascende a un total de nove persoas, das que sete son mulleres e dúas son homes. O número de mulleres case cuadriplica o de homes. No tocante á cifra total de persoas encargadas da dirección destes arquivos, dúas son mulleres e unha —é dicir, a metade— é home.


Arquivistas nos arquivos municipais

Polo xeral espérase que os e as arquivistas da Administración pública, e como consecuencia o persoal a cargo dos arquivos, contan con prazas para as que se esixa formación universitaria. Verase aquí que unha parte dos arquivos municipais obxecto de estudo deste informe incumpren este suposto.

Diciase no capítulo anterior que do conxunto dos 313 concellos en que se divide administrativamente Galicia, unicamente 32 contan con arquivo propiamente dito, é dicir, con persoal a cargo do seu funcionamento. Cómpre indicar agora que son 22 os arquivos municipais nos que o persoal traballador responde a categorías en que son necesarios estudos universitarios (A1 ou A2). O persoal dos dez restantes obedece a categorías para as que non se esixe formación universitaria, senón que están cubertas por grupos C1, unha categoría á que se accede co bacharelato (tres concellos), ou por grupos C2, aos que se pode acceder con estudos básicos (sete concellos). Nesta situación óptase por elaborar cadros e táboas diferenciados segundo esta casuística.

Arquivos municipais	Arquivistas, grupos A1 e A2 e sexo			
	A1		A2	
	M	H	M	H
A Coruña	1	0	2	0
A Laracha	1	0	0	0
Ames	1	0	0	0
Arteixo	1	0	0	0
Bergondo	1	0	0	0
Betanzos	0	1	0	0
Cambre	1	0	0	0
Culleredo	1	0	0	0
Ferrol	1	0	0	1
Oleiros	1	0	0	0
Ortigueira	1	0	0	0
Pontevedra	0	1	0	0
Ribeira	0	1	0	0
Foz	1	0	0	0
Lugo	0	0	1	0
Monforte	1	0	0	0
Ourense	0	1	0	0
Baiona	1	0	0	0
Bueu	0	1	0	0
Poio	1	0	0	0
Ponteareas	0	1	0	0
Pontevedra	0	1	0	0
Totais	14	7	3	1

Cadro nº 12. Arquivistas na Administración local. II: Os concellos de Galicia.



Gráfica nº 11. Arquivistas na Administración local. II: Os concellos de Galicia.

Antes de pasar a falar dos resultados destas táboas, é importante indicar que algunha das prazas, concretamente as de Ferrol, Betanzos, Cambre e Monforte, ten carácter mixto. Quere dicir isto que a persoa encargada do arquivo é tamén responsable da biblioteca municipal. Outro caso diferente é o da persoa que se ocupa do funcionamento do arquivo do concello de Foz, que está contratada por media xornada. É preciso apuntar tamén que a praza do arquivo de Lugo non está creada na RPT.


Os datos recollidos expresan que os arquivos municipais con maior número de persoal traballador son os da Coruña con tres persoas —dúas mulleres do grupo A2 e unha muller do grupo A1— e o de Ferrol con dúas —unha muller do grupo A1, que comparte a dirección do arquivo coa da biblioteca, e un home do grupo A2—. Todos os restantes contan cunha única persoa a cargo. Esta é muller do grupo A2 no arquivo municipal de Lugo. É muller do grupo A1 nos casos dos 12 concellos que seguen: A Laracha, Ames, Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Ortigueira, Foz, Monforte, Baiona e Poio. Son homes do grupo A1 os que están á fronte dos arquivos dos seguintes sete concellos: Betanzos, Pontedeume, Ribeira, Ourense, Bueu, Ponteareas e Pontevedra. Isto é, nestes vinte e dous arquivos traballan un total de 25 profesionais, 17 mulleres e oito homes. As mulleres, polo tanto, representan algo máis do dobre que os homes.

É preciso rematar o relativo ao persoal de arquivos municipais do grupo A1 e A2 falando das persoas encargadas da dirección destes. Cómpre dicir neste caso que sete arquivos municipais —o de Betanzos, Pontedeume, Ribeira, Ourense, Bueu, Ponteareas e Pontevedra— son dirixidos por homes. Presentan mulleres na súa dirección os 15 restantes: A Coruña, Laracha, Ames, Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Ferrol, Oleiros, Ortigueira, Foz, Lugo, Monforte, Baiona e Poio. Tamén neste caso o número de mulleres directoras representa un pouco máis do dobre que o de homes.

Aténdese agora aos 10 arquivos municipais con persoal responsable dos grupos C1 e C2.

Arquivos municipais	Arquivistas, grupos C1 e C2 e sexo			
	C1		C2	
	M	H	M	H
Cangas	0	0	0	1
Estrada, A	1	0	0	0
Grove, O	1	0	0	0
Moaña	0	0	0	1
Mos	0	0	1	0
Nigrán	1	0	0	0
Redondela	0	0	1	0
Sanxenxo	0	0	1	0
Tui	0	0	1	0
Vilagarcía de Arousa	0	0	0	1
Totais	3	0	4	3

Cadro nº 13. Outras categorías profesionais á fronte dos arquivos municipais de Galicia.



Gráfica nº 12. Outras categorías profesionais á fronte dos arquivos municipais de Galicia.

Curiosamente, os concellos que crean prazas que non esixen formación universitaria para a atención do arquivo non son pequenos nin faltos de poboación e de recursos. Todos eles superan os 10 000 habitantes. O menos poboado é o do Grove con 11 241 habitantes, que ten á fronte do arquivo e ademais da Casa da Cultura a unha muller con categoría C1. Todos os demais teñen máis poboación.

Contan tamén con grupos C1 os concellos da Estrada, con 21 759 habitantes, e o de Nigrán, con 17 879, e ambos os dous arquivos son atendidos por mulleres. Teñen como persoal C2 nos seus arquivos os concellos de Cangas, con 26 121 habitantes, Moaña, con 19 336, e Vilagarcía de Arousa, con 37 903. Os tres son atendidos por homes auxiliares de arquivo, que no caso de Moaña é ademais o notificador do concello. Tamén atendidos por C2, neste caso mulleres, están os arquivos de Mos (14 942 habitantes), onde a encargada do arquivo se ocupa tamén da biblioteca, Redondela (30 006 hab.), Sanxenxo (17 586 hab.) e Tui (17 236 hab.).

Tomados os datos no seu conxunto atopamos que nestes dez arquivos traballan un total de 10 persoas, unha por unidade. Tres destas son mulleres do grupo C1 e as sete restantes son do grupo C2, catro mulleres e tres homes. As traballadoras, polo tanto, fan un total de sete, mentres que os traballadores suman tres. Vese que tamén neste caso o número de mulleres representa algo máis do dobre que o número de homes.

Semella que se entende que é posible contar á fronte dos arquivos con categorías inferiores facendo o traballo das superiores, o que desvaloriza as prazas, e isto reflíctese fundamentalmente nos salarios pagados, porque é probable que as persoas que ocupan prazas de tan baixa categoría teñan formación superior á esixida para ocupala e estean en condicións de desenvolver o traballo técnico requirido, o que é fondamente inxusto coas persoas. Con seguridade a ningún alcalde ou alcaldesa se lle ocorrería contratar a un auxiliar para facer ás veces dunha arquitecta, por exemplo. Claro que o panorama é aínda máis desolador se engadimos a esta notoria disfunción os casos xa mencionados de Vigo e Santiago de Compostela, ambos os dous sen servizo de arquivo e nos que é preciso un servizo completo, ou o caso dos concellos de Lugo (con 93 853 hab.) e Ourense (con 109 011), ambos os dous con arquivos infradotados.

TRATAMENTO ARQUIVÍSTICO DOS FONDOS DOCUMENTAIS

Como ben lembra Olga Gallego Domínguez (2008), nos arquivos públicos as fontes para o estudo das mulleres na historia están construídas desde un punto de vista patriarcal; son difusas, fragmentarias e dispersas. Sucede isto a pesar de que teñen presenza sobre todo en fondos xudiciais e notariais nos que polo xeral aparecen obxectualizadas ou tuteladas por homes do seu contorno, nas referencias documentais daquelas profesións adscritas tradicionalmente ao propio do feminino e das mulleres como mestras ou enfermeiras, e nas fontes que se refiren expresamente a elas, como por exemplo os documentos da Sección Femenina ou os das institucións concibidas para a reeducación daquelas que incumpren o modelo sexoxenérico social e culturalmente asignado, como os Patronatos de Protección a la Mujer¹⁰¹. Puntualmente están presentes noutros fondos: son obxecto de atención nos de servizos sociais e asistenciais, solicitan unha licenza de obra, liquidan o pago dun imposto, aparecen como titulares de parcelas ou doutras propiedades nos catastros ou sofren penas de prisión. Aparecen tamén en imaxes dos fondos fotográficos. Porén, o problema non é tanto a falta de fontes nos arquivos públicos senón a dificultade para a súa localización, e esta dificultade ou case ocultación dos documentos de ou sobre as mulleres é o reflexo da orientación androcéntrica á que, por suposto, non foi nin é alleo o tratamento arquivístico.

Mudar esta realidade require unha imprescindible análise dos procesos e as ferramentas arquivísticas, unha análise que debe chegar a todas as funcións dun arquivo, á recollida, á custodia e ao servizo dos documentos.

A RECOLLIDA

A primeira función dun arquivo público é a recollida de documentos da organización á que presta servizo. O sistema ordinario polo que chegan os documentos a un arquivo público son as transferencias documentais. A Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia defíneas no seu artigo 21 como «o procedemento administrativo en virtude do cal se realiza a entrega, ordenada e relacionada por escrito, dos documentos desde as oficinas ou desde un arquivo a outro, así como o traspaso das responsabilidades relativas á súa custodia, conservación e acceso».

As transferencias deben realizarse cunha periodicidade establecida, cumprindo uns prazos fixados previamente e de forma ordenada. O proceso está ligado a traballos de identificación e avaliación de series, nos que a intervención do persoal técnico é indispensable.

Tamén chegan documentos aos arquivos a través de compras, doazóns, legados ou comodatos (un tipo de contrato que inclúe o depósito de documentos e o dereito a usalos e consúltalos nun arquivo). Adoitan ser documentos de titularidade privada e para xustificar a súa adquisición é preciso realizar informes sobre a súa significación e transcendencia. Polo xeral, nin nestes informes nin nos traballos de identificación e avaliación de series, se adoita valorar a presenza das mulleres como criterio para ingreso ou adquisición de fondos documentais, o que os fai aparecer como eivados. Isto leva a considerar a necesidade de adoptar e activar accións positivas que favorezan a recollida de fondos producidos por mulleres e tamén sobre as mulleres e as súas relacións. Trataríase

¹⁰¹ Olimpia López Rodríguez / M^a Dolores Pereira Oliveira (2000): «Una institución franquista en la provincia de Lugo: La Junta Provincial de Protección a la Mujer», en *Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre Investigación en Archivos. El Franquismo: el régimen y la oposición*, Guadalajara, ANABAD / Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, v. I, 159-172.

dunha pauta de valoración destinada a equilibrar e compensar a desproporción de información dispoñible respecto á dos varóns. Conseguiríase tamén unha documentación máis axustada á realidade da que o arquivo debe dar conta.

A CUSTODIA

A segunda responsabilidade dun arquivo público é a custodia dos documentos, que supón non só a conservación en bo estado destes senón que implica tamén a súa organización e descrición. Fálase polo xeral de dous tipos de custodia: a física e a intelectual.

Custodia física

A custodia física ocúpase da preservación e/ou, se fose precisa, da restauración de documentos. As e os arquivistas na actualidade ocúpanse de adoptar medidas de preservación e seguridade de documentos en papel —pergameo, película fotográfica— e dos xerados ou gardados noutro tipo de soportes como os dixitais ou electrónicos.

Estas medidas son establecidas atendendo, entre outros, ao risco de perda da documentación e a necesaria intervención inmediata, ao risco de deterioración por un elevado número de consultas ou á valoración do interese informativo ou histórico. Nada do relativo á muller, mulleres, xénero ou feminismos forma parte dos criterios empregados.

Se se quixese romper coa cadea de silencio e invisibilización dominante, sería necesario incluír, entre os criterios da custodia física e entre as tarefas de preservación ou restauración, medidas de acción positiva que permitan corrixir as discriminacións establecidas en función dos sexos.

Custodia intelectual

A custodia intelectual ocúpase dos traballos de valoración, organización e descrición de fondos. Trátase de traballos de carácter técnico que proporcionan información sobre os documentos para poder localizalos e poñelos ao servizo dos e das usuarias.

Coma no caso anterior, polo xeral nada do relativo á muller, mulleres, xénero ou feminismos forma parte dos criterios empregados nas tarefas asociadas e isto impide axilizar a busca de documentación relativa a ou producida por mulleres.

É ben certo que nos traballos de clasificación e ordenación o campo de actuación é menor, mais a realidade sempre sorprende e tamén aquí é importante establecer medidas que posibiliten cambios nesta realidade.

Valoración

O concepto clásico de valoración, segundo o Dicionario de Terminología Archivística¹⁰², é a fase do tratamento arquivístico que consiste en analizar e determinar os valores primarios e secundarios das series documentais fixando os prazos de transferencia, acceso e conservación ou eliminación total o parcial.

Fronte a esta proposta, emerxe na actualidade unha nova concepción proveniente da arquivística posmoderna, que fala menos de valoración e máis de macrovaloración. Esta supón realizar unha análise das funcións das administracións e das interrelacións entre elas e a cidadanía para chegaren a coñecer os valores sociais. Estes,

¹⁰² Recurso electrónico publicado pola Subdirección General de Archivos (<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/mc/dta/diccionario.html>) [Última consulta: 18/12/2018].

por suposto, variarán dependendo do momento en que se apliquen, do lugar onde se realicen ou da cultura do país. En todo caso, a valoración comporta un posicionamento activo, responsable e comprometido das e dos arquivistas para chegaren a determinar que documentos se conservan e cales se eliminan. Os que permanezan serán os que constitúan a memoria arquivística e documentarán as funcións das administracións.

É indiscutible, polo tanto, que as e os arquivistas participan de forma determinante na configuración do patrimonio documental, como tamén o é o feito de que nos traballos de valoración realizados nos arquivos públicos con actividade en Galicia non se establece unha ollada feminista e/ou de xénero nos criterios de avaliación dos documentos. Emerxe entón a pregunta: de que maneira mudar esta situación? No que segue recóllense uns apuntamentos que poderían contribuír a facelo.

Se a opción escollida é a concepción máis clásica da valoración, deberíase analizar se a serie documental recolle información de ou sobre mulleres e as súas relacións e producións; dese xeito estaríase contribuíndo a sacalas da invisibilidade resultante de non teren sido tomadas en conta e camiñar así cara a unha maior equidade na documentación e na información dispoñible. No caso de optar pola macrovaloración, a propia concepción do modelo debería conducir á conservación de documentos que reflectan funcións, aspectos e relacións vinculadas no só aos homes, senón tamén ás mulleres; o que daría lugar á configuración dun patrimonio documental representativo da diversidade característica da vida real.

En todo caso, urxe deixar de traballar con modelos que perpetúan a conservación dos documentos de acordo co esquema sexoxenérico dominante en occidente, que esquece e discrimina todo o relativo ás mulleres. A aplicación de perspectivas de xénero e/ou feministas á valoración é fundamental na custodia dun acervo documental máis representativo e xusto.

Organización e descrición

Os traballos de organización son os que proporcionan unha estrutura ao fondo documental. Remiten á clasificación e tamén á ordenación dos expedientes dunha serie documental. A clasificación, aínda que é unha primeira presentación dun fondo e reflicte a estrutura informativa dos documentos dunha organización, ofrece poucos datos para atopar información sobre as mulleres, e máis cando esa estrutura informacional, na maioría dos casos, é o espello da concepción patriarcal e androcéntrica da propia organización. Tamén é certo que a ordenación dos expedientes non é fundamental á hora de localizar a información de interese. Non obstante, a realidade ás veces contradí esta afirmación. Así, por exemplo, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo consérvanse os expedientes do persoal docente de educación primaria desde comezos do século xx ata os anos setenta aproximadamente. A documentación recibíuse ordenada alfabeticamente por nome e separada en función do sexo, tal e como fora arquivada en orixe. Isto obedece, primeiro, ao feito de que este sistema de ordenación permitía a localización directa dos expedientes sen empregar un instrumento de descrición e, segundo, ao reflexo dunha realidade de escolarización diferenciada en función dos sexos. Trátase, entón, dun caso en que o sistema de ordenación permite localizar os datos sobre mestras en Lugo.

A descrición, en cambio, é o núcleo duro, a base sobre a que se asenta, o eixe sobre o que xira o acceso aos documentos. Na actualidade, fronte á concepción recollida no Dicionario de Terminología Archivística xa mencionado¹⁰³, que fala da descrición como a fase do tratamento arquivístico destinada á elaboración dos instrumentos de consulta para facilitar o coñecemento e o acceso aos fondos documentais e ás coleccións dos arquivos, estase a atravesar unha fase en que a descrición arquivística vai máis alá da elaboración dos instrumentos de descrición.

¹⁰³ Ver a nota anterior.

Avánzase cara a un modelo conceptual, iniciado no conxunto do Estado español pola Comisión de Normas Españolas de Descripción Archivística (CNEDA)¹⁰⁴ e que define a descrición como a elaboración de representacións de documentos de arquivo e, de ser o caso, doutras entidades archivísticas (axentes, funcións etc.). Este novo patrón mantén que a descrición se ocupa non só de rexistrar a información dos documentos de arquivo senón tamén dos axentes que interveñen nestes, das funcións que reflicten eses documentos e dos centros de arquivo que os custodian. Nesta mesma liña de traballo, o Consello Internacional de Arquivos (CIA) encomendoulles en 2012 a un grupo de expertos/as en descrición archivística (EGAD) o desenvolvemento dun modelo conceptual axeitado. O debate está en plena efervescencia e en fase de deliberación. O primeiro resultado do traballo do grupo EGAD foi a parte inicial do documento Records in Contexts - Conceptual Model (RiC-CM), aínda que a versión non é definitiva. Esta nova proposta pretende integrar as catro normas internacionais de descrición existentes ata agora, que afectan á descrición de:

- Documentos: ISAD (G). Norma Internacional de Descrición Archivística.
- Axentes: ISAAR (CPF). Norma Internacional sobre os Rexistros de Autoridade de Arquivos relativos a Institucións, Persoas e Familias.
- Funcións: ISDF. Norma Internacional para a Descrición de Funcións.
- Centros de arquivos: ISDIAH. Norma Internacional para Describir Institucións que Custodian Fondos de Arquivo.

Estase tamén a traballar sobre a segunda parte do documento Records in Contexts - Ontology (RIC-O), xa relacionada coas descricións en forma de datos abertos enlazados (Linked Open Data, LOD).

No capítulo que segue observarase cun pouco máis de detemento o documento da CNEDA e realizaranse tamén anotacións sobre as normas internacionais de descrición do CIA e outras.

Documento proposto pola Comisión de Normas Españolas de Descripción Archivística (CNEDA)

Neste momento están dispoñibles o documento NEDA-MC, Modelo conceptual de descrición archivística, que define as entidades, as relacións e os atributos de entidades e relacións, e o NEDA-Voc, Vocabulario para a descrición archivística, que precisa a terminoloxía empregada nos demais estándares¹⁰⁵.

Para este informe é fundamental a revisión do NEDA-MC, xa que nel se identifican os elementos que poden utilizarse para configurar un sistema de descrición archivística: entidades, relacións e atributos. Nesta norma defínese o tipo de entidade axente, como institución, familia ou persoa responsable ou involucrada na creación, produción, xestión documental etc. dos documentos de arquivo. Así pois, fíxanse tres subtipos de axentes: institución, familia e persoa. Desde a ollada crítica na que se elabora este informe, son varias as cuestións que anotar, se temos presente que as entidades axentes das que se está a falar sempre son persoas ou grupos de persoas organizadas.

Comezamos por indicar que os termos escollidos para designar os tipos de entidade, institución e familia insinúan nunha visión clasista e heteropatriarcal da realidade social.

¹⁰⁴ «La CNEDA se organiza como un grupo de trabajo compuesto por expertos de reconocida competencia y profesional y experiencia en el ámbito de la descripción archivística, con el objetivo principal de asumir el desarrollo y actualización del conjunto de normas profesionales que conformarán las Normas Españolas de Descripción Archivística» (<http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/mc/cneda/organizacion.html>) [Última consulta: 16/01/2018].

¹⁰⁵ <https://www.mecd.gob.es/cultura/areas/archivos/mc/cneda/documentacion/normas.html> [Última consulta: xaneiro de 2018].

A palabra «institución» asóciase tradicionalmente ás organizacións ligadas a estruturas de poder. As asociacións sociais ou culturais, as ONG e incluso as empresas encaixan mal na concepción máis clásica do termo «institución». Cunha nova mirada non sería difícil atopar outra denominación. Pensamos que o termo «organización» sería unha opción máis axeitada, pois perdería así esa vinculación á cousa pública ou á entidade social constituída formal e xuridicamente á que remite a entidade institución.

Sobre a familia, a súa concepción heteropatriarcal, a súa evolución e os novos modelos, moito se ten escrito desde a socioloxía, a antropoloxía ou a filosofía, e non é lugar este para afondar nestas cuestións. En todo caso, é común afirmar que a familia é unha forma de organización social, un xeito de agrupamento que remite a vínculos de parentesco sanguíneo ou establecidos por adopción, que pode incluír ademais relacións de parella ou vínculos establecidos por contrato matrimonial... Tendo isto en conta e insistindo na realidade de que se trata dunha forma de organización ou de agrupamento de persoas, a nosa proposta ante a entidade «familia» é a da súa eliminación e a súa substitución por «grupo de persoas».

Respecto á entidade «persoa», aínda que consideramos que a denominación é axeitada, na información recollida non se fai mención nin se identifica en ningún caso o sexo dos ou das aludidas. Máis concretamente, no modelo NEDA só se pode coñecer se os axentes persoas son homes ou mulleres cando remiten a grupos de parentesco e se fan constar as relacións que as e/ou os interconectan: nai, pai, fillo, filla, irmá etc. Cando as relacións remiten a outro tipo de organizacións, como por exemplo as de pertenza de persoas a institucións ou organizacións de base, empréganse as expresións «é membro/ten como membro», fórmulas estas que non permiten a distinción de sexo.

Na parte dedicada aos atributos de entidades e relacións, nada se atopa que permita identificar o sexo de axente persoa, agás que a propia redacción do atributo o permita distinguir coma no caso do atributo de identificación nome ou no atributo de contexto historia. En calquera caso, non se trata de recursos deseñados para permitir a rápida localización das mulleres nos documentos.

Como conclusión, este modelo conceptual de descrición parte de olladas patriarcalas, androcéntricas, clasistas e heterocéntricas. Unha das consecuencias lóxicas da proposta é que non permite recuperar información desagregada segundo os sexos das persoas responsables ou involucradas na creación, produción ou xestión documental dos documentos de arquivo.

Normas internacionais de descrición do CIA: a ISAAR (CPF), o RiC-CM e outros modelos

En relación coas normas do CIA, a ISAAR (CPF) esquece tamén abrir a posibilidade de indicar o sexo das persoas relacionadas cando se describen este tipo de entidades, ás que convén aplicar a mesma ollada crítica que a indicada no caso anterior.

Respecto ao modelo RiC-CM, os axentes son un dos catorce tipos de entidades e recolle «unha propiedade adicional específica para persoa e a identidade persoal asumida denominada en inglés *Gender*»¹⁰⁶. É a primeira vez que unha norma de descrición de arquivos recolle este termo, mais hai que ter presente que o documento é aínda provisional e só está dispoñible na súa versión en inglés. Lémbrese tamén que neste idioma o termo *gender* fai referencia tanto aos roles de xénero masculino/feminino como ás marcas de sexo home/muller. Trátase dunha norma de carácter internacional, o que debería implicar a súa aceptación e xeneralización de uso por parte da comunidade arquivística. Aparentemente supón un impulso, pero haberá que esperar á versión definitiva do texto e ás súas traducións para comprobar como resulta esta propiedade e se finalmente o termo remite aos roles de xénero ou á diferenciación das persoas en función do sexo.

¹⁰⁶ Propiedade que aparece no texto do RiC-CM: Additional Property Specific to Person and Person Assumed Identity. RiC-P36. Gender. Examples: male, female, unknown (<https://www.ica.org/sites/default/files/RiC-CM-0.1.pdf>) [Última consulta: 16/01/2018].

No tocante ao esquema de metadatos para a xestión do documento electrónico (e-EMGDE), que segundo o Real decreto 4/2010 é o instrumento que define a incorporación e a xestión dos metadatos de contido, contexto e estrutura dos documentos electrónicos durante o seu ciclo de vida, é preciso dicir que tampouco neste caso se atopa ningunha referencia ao sexo das persoas na entidade axente.

Quedarían máis ferramentas por analizar relacionadas coa descrición arquivística, pero estas son suficientemente representativas do que ocorre a nivel estatal, galego e internacional. Hai que engadir, ademais, que as aplicacións informáticas que empreguen estes modelos de descrición como base construíranse, consecuentemente, obviando a variable sexo, agás que o modelo RiC-CM sexa adoptado nas realidades máis próximas.

O SERVIZO

O servizo é o fin último da recollida e da custodia, é a función que relaciona estas institucións coa cidadanía. É, en definitiva, o labor que exercen os arquivos para dar acceso aos documentos, xa sexa para acreditar dereitos e obrigas, xa sexa para indagar na historia ou na identidade dun pobo.

A calidade do servizo dun arquivo vén determinada segundo como se realicen as funcións das que se acaba de falar: recollida, valoración, organización e descrición. Poder localizar e facilitar un documento á Administración ou ás persoas que o requiran depende de todo o proceso arquivístico. Mais, que pasa cando o que se quere é localizar información relativa a mulleres, muller, feminismos? Pode servir como exemplo realizar unha aproximación ao Portal de Archivos Españoles (PARES), máis concretamente á súa última versión, a 2.0 (beta)¹⁰⁷. Intereza saber se o seu sistema de busca e localización permite atopar datos vinculados coas mulleres e as súas relacións.

PARES é un proxecto do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte destinado á difusión en Internet do patrimonio histórico documental español conservado na súa rede de centros. Nel pódese localizar documentación ou información sobre documentos custodiados nos arquivos estatais. Este portal permite o achado de documentos descritos seguindo esas normas arquivísticas e non prevé desagregar os datos por sexo en ningún dos seus elementos.

Na pantalla de busca avanzada, en principio, non aparece ningún elemento que permita filtrar información por sexo, así que será preciso empregar as alternativas que presenta: facer unha busca libre utilizando as palabras muller ou mulleres, o que suporá localizar os documentos nos que estas palabras aparezan en calquera parte na súa descrición —sexa no título, en alcance e contido, ou en calquera outro dos elementos da descrición—, ou buscar nos índices de descrición esas mesmas palabras, que, neste caso, se empregan como materias. Vista esa pantalla e as opcións que presenta, parece que o resultado da busca será pouco refinado, xa que non permite desenvolver unha busca estruturada nos elementos da descrición.

Nesa busca xenérica¹⁰⁸, despois de introducir a palabra «muller» no campo «con alguna de las palabras», indícase: «se ha encontrado un número muy elevado de resultados». Sucede algo ben diferente cando a palabra a buscar é «home», xa que neste caso obtense un total de 2918 resultados. Tendo en conta o dato de que nos arquivos públicos, e sobre todo nos que son históricos, se custodia moita máis información sobre homes que sobre mulleres, este resultado é, cando menos, estraño. Ocorre algo semellante cando se introducen na busca as mesmas palabras en plural. A palabra «mulleres» devolve 4350 resultados fronte á palabra «homes», que rexistra 5021. A que se debe esta sobrerrepresentación? Indubidablemente a que a norma son os homes e non precisan indicación nin marca, e no caso das mulleres si. É significativo tamén como aparece o termo mulleres ao longo

¹⁰⁷ <http://www.mecd.gob.es/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/PARES20-beta/PARES20-beta.pdf> [Última consulta: 18/01/2018].

¹⁰⁸ Preséntanse aquí os resultados obtidos o 15 de xaneiro de 2018.

das descrições: como sinónimo de «esposas de» que non teñen nome ou como unha palabra que aparece no título Abono de pasaxe a Puerto Rico a una religiosa y dos mujeres. Entón a relixiosa que é?

Verase agora o que ocorre cando se filtra a información empregando o campo «índices de descripción». Ao introducir o termo «muller» como materia aparecen frases nominais como: «mujeres solteras», «mujeres casadas», «derechos de la mujer», «políticos, delincuentes» (mujeres), «feminismo», «indias» (mujeres), «masonería», «mujeres», «mujeres esclavas» e algunha máis. Ante o termo «home» os resultados son ben distintos: «gentilhombres de boca», «Declaración de los Derechos del Hombre y del Ciudadano (1789)», «gentilhombres», «gentilhombres de Cámara», «casados», «gentilhombres de la casa», «jueces», «gentilhombres de lanza» e «políticos». A diferenza de resultados no caso dos índices de descripción ten a mesma explicación que no caso anterior. A palabra «home» non é unha materia, porén «muller» si, e débese á concepción do masculino como xenérico e do feminino como algo específico que precisa indicación. Tampouco a palabra «casados» precisa da palabra «homes», pero parece necesario engadir a palabra «casadas» ás mulleres. Os solteiros non aparecen, pero si as mulleres solteiras, aínda que isto podería explicarse porque o status xurídico dos homes non variaba estivese solteiro ou casado. Poucas máis palabras referidas aos homes nas materias; non aparecen homes escravos, nin delincuentes (homes); eles son o habitual, o normal, a norma e a medida¹⁰⁹.

Parece pois que PARES non dispón de información desagregada por sexos. E, aínda que se pode localizar información sobre as mulleres se a palabra aparece na descrición ou como materia, non existe un tratamento da información con perspectiva de xénero que permita a localización de documentos de ou sobre mulleres dunha forma sistemática e estruturada. A información relativa aos homes descríbese de xeito diferente, xa que se considera como información xeral. A información sobre mulleres trátase coma se fose un colectivo específico, un tratamento este que non reflicte unha visión real da participación das mulleres no mundo, senón que responde máis ben a un modelo patriarcal, sexista e androcéntrico contra o que é preciso tomar partido.

As exposicións, as visitas escolares, os cursos, as conferencias, os obradoiros etc. tamén son actividades propias do servizo e son as que proxectan a dimensión cultural dos arquivos. Estes realizaron algunha actuación sobre as mulleres de carácter puntual. No capítulo «Arquivos públicos en Galicia» fíxose mención ás difundidas a través das súas páxinas web —exposicións temporais ou publicacións de documentos de arquivo relacionados con elas—, que revelan que, polo xeral, se trata de actividades ligadas a datas sinaladas como o 8 de marzo ou o 25 de novembro e pouco máis. Bótase en falta unha reflexión e unha planificación continuada e integrada sobre a divulgación dos documentos de ou sobre mulleres e as súas relacións construídas desde perspectivas de xénero e feministas.

OUTROS ÁMBITOS: POLÍTICA DE XESTIÓN DE DOCUMENTOS, ARQUIVO ÚNICO E OUTRAS NORMAS E MODELOS

A política de xestión de documentos e o arquivo único merecen tamén un exame xa que a súa conceptualización e desenvolvemento constitúen un novo desafío para as e os profesionais. Este reto evidencia a necesidade de mudanza, de redefinición da profesión ou incluso de cambio de paradigma.

As administracións atópanse neste momento coa necesidade de deseñar políticas de xestión de documentos e coa obriga de dispoñer dun arquivo único electrónico. Aí están as políticas do Ministerio de Educación, Cultura e

¹⁰⁹ É recomendable a lectura do artigo de Alicia J. Todaro e Ana María Martínez titulado «La mujer en una lista de encabezamiento de materia en español». Nel identifícanse e contabilízanse as epígrafes da lista de encabezamentos que se aplica ás mulleres, así como as súas correspondencias para o varón, de acordo cos criterios de alteridade, confinamento e omisión, que adoitan empregarse nos estudos de discriminación. O artigo está publicado en *Investigación bibliotecológica* (2006), v. 20, 41, 195-206. Dispoñible en http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0187-358X2006000200009 [Última consulta: 10/04/2018].

Deporte, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ou as das comunidades autónomas como Aragón, Cataluña, Asturias e Castela-A Mancha. Estas políticas de xestión deben axustarse á lexislación vixente e garantir a presenza e a visibilidade das mulleres. Cando falan de actores ou actrices, de trazabilidade dos documentos, de usuarios e usuarias, é imprescindible dispoñer de datos non condicionados polo androcentrismo e o sexismo dominantes.

O arquivo único en Galicia aparece definido na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia e regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Mais o seu desenvolvemento comeza antes da promulgación destas leis e concrétese no proxecto ARPAD. Trátase dunha iniciativa de cooperación interadministrativa que permitirá reducir o uso do papel na actividade das administracións públicas traballando en dúas vías: a xestión documental electrónica coa creación do Arquivo Dixital Integrado de Galicia e o desenvolvemento de servizos dixitais administrativos e de interoperabilidade. Este proxecto estrutúrase en catro eixes, segundo consta na páxina web da AMTEGA¹¹⁰:

EIXE 1. Deseño e construción do Arquivo Dixital Integrado de Galicia.

EIXE 2. Servizos de interoperabilidade transfronteiriza: desenvolvemento dunha rede de rexistros interconectados e impulsando a modo de experiencia piloto o rexistro administrativo da Eurocidade Tui-Valença.

EIXE 3. Servizos dixitais de supresión de papel.

EIXE 4. Conservación e promoción do patrimonio documental: extensión do arquivo dixital cara á conservación do patrimonio histórico e accións de difusión do patrimonio documental da Eurorrexión.

Aínda que os documentos que definen este proxecto non recollen este obxectivo, o Arquivo Dixital Integrado de Galicia e o Arquivo Electrónico Patrimonial, que forma parte do primeiro, deberán pór á disposición información relativa ás mulleres.

A implantación do Arquivo Dixital e a adopción de políticas de xestión de documentos poden ou deberían ser o detonante dun cambio na profesión de arquivista, que afectará á concepción futura dos arquivos públicos, xa que arquivistas e arquivistas, ante a recepción e a custodia de documentos, pasarán de ter unha posición pasiva a desempeñar un rol activo. Terán que deseñar procesos, controlar uns documentos que poden formar parte de varios expedientes, facilitar información, intervir nos procesos de transparencia activa e pasiva etc. Isto supón case unha revolución na configuración do traballo e nesa nova configuración debe estar presente unha visión de xénero e feminista.

Quedarían máis normas e modelos por analizar, como todas as ISO relacionadas coa xestión de documentos ou o Modelo de Requisitos para a Xestión de Documentos Electrónicos de Arquivo (MoReq), mais a exposición realizada ata agora foi suficientemente ilustrativa para dar conta da necesidade de comezar a busca dun plan de actuación que mude as realidades expostas e se adecúe, cando menos, a Lei de igualdade vixente.

¹¹⁰ <https://amtega.xunta.gal/es/proyectos-europeos/proyecto-arpad> [Última consulta: 11/04/2018].

REFLEXIONANDO SOBRE USUARIAS E USUARIOS DE ARCHIVOS

As discriminacións das mulleres están presentes en todos os espazos e ámbitos das sociedades e culturas occidentais. Sen que isto signifique a ausencia de iniciativas destinadas a pór en práctica capacidades que permitan modificar esta situación, foi e segue a ser lugar común ao desenvolvemento dos estudos de xénero e feministas, concretamente os que centran a súa atención nas relacións e producións das mulleres, que, entre as páxinas de presentación ou entre as liñas dedicadas aos métodos e técnicas de investigación, as investigadoras e investigadores expresen as dificultades atopadas no proceso de recollida de datos. A maioría das fontes bibliográficas consultadas para a realización deste informe revelan que entender e explicar a muller, as mulleres e os feminismos nos arquivos públicos non escapa a esta realidade. Este informe, tampouco.

Desde o seu rol de usuarias, o equipo de investigación encargado da realización destas páxinas atopouse con importantes faltas de efectividade que sinalan as formas en como se atende á información e á documentación que compón os fondos dos arquivos públicos. Constatouse que, a pesar da lexislación vixente e do incremento do espazo ocupado en materia de igualdade, muller, mulleres e xénero na letra das axendas das políticas públicas, nos procesos ligados ao tratamento arquivístico dos arquivos públicos, as e os arquivistas adoitan reproducir deformacións androcéntricas da realidade. Semellan non cuestionalas e, de facelo, polo xeral non están a incorporar propostas que aumenten e axilicen as posibilidades de acceso e obtención de datos de e sobre mulleres ou feminismos para o seu coñecemento, a súa difusión, o seu emprego en investigación, nas análises sobre o estado da cuestión, como a presentada nestas páxinas, ou na realización de propostas políticas vinculadas. O acontecido no arquivo do Congreso dos Deputados en 2017 ante os preparativos da celebración do Día Internacional das Mulleres ilustra a sombra que escurece a presenza das mulleres na historia e nos centros da memoria das institucións públicas. As deputadas Lola Galovart e Ángeles Álvarez explican o antedito no artigo «El 8 de marzo puede ser un gran día, no lo dejes escapar»¹¹¹.

Nese artigo, ambas as autoras falan como usuarias. Sinalan que no espazo web do arquivo do Congreso¹¹²:

[...] no encontramos rastro del acceso de quince mujeres a la Asamblea Nacional de 1927 durante el Directorio del General Primo de Rivera (entre ellas María de Maeztu, Micaela Díaz Rabaneda o Concepción Loring Heredia —que fue la primera mujer que habló en el hemicycle—). No hay busto, cuadro, ni placa alguna que recuerde y rinda homenaje al hito histórico de la primera ocupación por parte de las mujeres de quince escaños en el Parlamento.

Continúan lamentándose do pouco recoñecemento a Clara Campoamor:

[...] ha de señalarse que son escasas y poco visibles las muestras permanentes de reconocimiento en el Parlamento: un busto en lugar no relevante, su escritorio y enseres y una aséptica y apartada sala que lleva su nombre, pasando prácticamente desapercibida una placa conmemorativa del sufra-

¹¹¹ Publicado no *Huffingtonpost*. Accesible en http://www.huffingtonpost.es/lola-galovart/el-8-de-marzo-puede-ser-un-gran-dia-no-lo-dejes-escapar_a_21872847/ [Última consulta: 27/01/2018].

¹¹² <http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso> [Última consulta: 05/03/2018].

gio feminino en homenaxe a quienes lo hicieron posible y de manera particular a la diputada Campoamor.

E continúan o relato dicindo que no Congreso, excepto no arquivo, no web e na biblioteca do Congreso «parece que no hubiesen existido las parlamentarias».

Efectivamente, saben que a información sobre as parlamentarias está no arquivo do Congreso e que, se se accede ao sitio web do propio arquivo, se poden facer buscas sobre os e as deputadas no caso que se coñeza o seu nome e tamén consultar unha lista alfabética cos nomes das súas señorías. Esta presenta quince carencias e non fornece datos que permitan saber o número total de deputadas ou en que lexislatura as houbo¹¹³.

No tocante á rede de goberno das políticas públicas en Galicia, coa excepción da puntual solicitude anual efectuada pola Secretaría Xeral de Cultura aos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia de información relativa ás actuacións levadas a cabo polos centros vinculadas aos plans de igualdade, descoñécese se realiza algunha petición vinculada ás cuestións de interese nestas páxinas. E, en todo caso, hoxe en día non se conseguiu saber con exactitude a finalidade da antedita petición... Prosigamos coas persoas usuarias.

Os centros de arquivo obxecto deste estudo dispoñen de rexistros das persoas que consultan os documentos, pero desbotouse solicitar eses datos a todo o conxunto debido ás dificultades para o seu acceso, xa que, polo que sabemos, ningún arquivo ofrece información sistemática sobre mulleres nos seus instrumentos de descrición. Optouse por empregar unha única cata e realizar unha pequena achega ás cuestións suscitadas cos datos sobre usuarias e usuarios obtidos do Arquivo Histórico Provincial de Lugo ao longo do ano 2017.

Persoas atendidas no AHP de Lugo en 2017, desagregadas por sexos

Varóns	Mulleres	Total
1152	688	1840

Cadro nº 14. Usuarias e usuarios do AHP de Lugo en 2017.

A información recollida na táboa revela que este arquivo prestou servizos a un total de 1840 persoas e foi significativamente maior, case o dobre, o número de consultas realizadas por homes que as efectuadas por mulleres. A propia organización dos datos non permite determinar cal é a causa desta diferenza. En troques, si se recollen aquí as percepcións no día a día da directora do centro relativas ao tipo de usuarios e usuarias que acoden a este centro.

Por unha parte, hai un elevadísimo número de consultas relacionadas coa defensa de dereitos de propiedade, que se concretan fundamentalmente na busca de datos catastrais. En 2017, o AHP de Lugo atendeu 4601 solicitudes de documentos en sala; 3099 foron consultas catastrais e 1502 doutros documentos, algún destes relacionados tamén coa acreditación da propiedade. As consultas sobre este tipo de temas realízanas homes maioritariamente. Isto leva a pensar que, neste caso, son eles os que seguen a exercer o rol asignado tradicionalmente, sendo quen de se ocupar deste tipo de asuntos relacionados coa casa, mais iso si, «importantes». Neste contexto é cousa de mulleres delegar neles.

¹¹³ Finalmente, o 8 de marzo trasladouse o busto de Clara Campoamor a un lugar máis solemne do edificio histórico do Congreso.

En canto ás persoas usuarias que realizan traballos de tipo cultural ou de investigación, xeralmente vinculados ás universidades, a percepción é dunha maior paridade. É preciso indicar, iso si, que os «eruditos locais» que se achegan a este arquivo son maioritariamente homes.

Sábese tamén que no arquivo non se ten constancia de que ningunha consulta referise un interese específico por información relacionada coas mulleres, o feminismo, o xénero ou a igualdade. Pregúntaselle á súa directora que ocorrería no caso de se producir esa consulta. Está este centro dotado de instrumentos que permitan responder a unha posible demanda con rapidez e axilidade? A resposta é:

Non, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo non incorpora sistematicamente nos seus instrumentos de descrición datos que reflectan a presenza de mulleres nos documentos.

Tampouco existían, ata o ano 2017, datos que permitisen coñecer o número de usuarios e tamén de usuarias. Procedeuse pois, recentemente, a incorporar un indicador de sexo na táboa de persoas usuarias, que en adiante vai permitir ter constancia polo menos do número de persoas que consultan diferenciados por sexo.

Se os e as usuarias quixesen acceder á información especificamente sobre mulleres, ao igual que ocorre noutros arquivos, o AHP de Lugo conta con algunhas descrições de documentos individuais que permiten acceder aos nomes das persoas que participan nos expedientes. Estes nomes poderían proporcionar información relativa a mulleres, mais é preciso mirar os rexistros un a un, xa que non existe ningún campo que sinale o sexo e que, como consecuencia, permita proceder a unha busca sistemática desagregada por sexo.

As limitacións relativas á descrición documental nos arquivos públicos dificultan a procura documental no conxunto. Supón un emprego de tempo considerable, mais é necesario que a documentación estea ben catalogada no centro no que se custodia; é necesario contar con marcadores relativos ás mulleres nas descrições e nas aplicacións informáticas utilizadas. O primeiro elemento, fundamental, é poder desagregar por sexo e tamén se deberían pór en práctica tesauros ou linguaxes controladas capaces de facer visibles os asuntos relacionados coas mulleres que poidan constar nos documentos¹¹⁴.

En todas as fases do tratamento arquivístico é importante introducir elementos de visibilización das producións de e sobre mulleres, priorizando por exemplo desde a recollida ata a achega de documentos producidos e máis vinculados a elas. Tamén é importante incorporar durante a organización e a descrición marcadores útiles nos instrumentos de descrición, de xeito que permitan acceder á información de e sobre mulleres contida nos arquivos.

No servizo dos arquivos tamén se inclúen as tarefas de divulgación cultural, unhas tarefas que consisten en achegar o patrimonio documental ao público en xeral. Exposicións, conferencias, visitas etc. conforman estes labores. É outra área de traballo na que se poden introducir criterios de xénero e feministas ao definir temas e contidos que mostrar.

Se non sabemos cales son os intereses de quen consulta os documentos, de quen visita as exposicións dos arquivos, como planificar os traballos? Como saber onde van dirixidos os esforzos? É necesario que os arquivos se sensibilicen e incorporen instrumentos para paliar esta eiva.

¹¹⁴ Véxase como orientación de linguaxe controlada válida para este propósito o xa citado traballo de Alicia J. Todaro e Ana M^a Martínez (2006).

En calquera caso, entendese aquí que as accións de visibilización poderían xerar a ampliación dos temas de investigación e tamén completar os existentes. Presumiblemente, facilitar o acceso aos datos podería contribuír a aumentar o número de usuarias e usuarios con interese en desenvolver investigacións centradas nas mulleres. Axudarían tamén a non excluír as mulleres «por falta de datos» en calquera investigación interesada en analizar a realidade social, histórica, cultural, política, económica... de xeito axustado.

FORMACIÓN E PLANS DE ESTUDOS

En xeral, nos arquivos públicos, as arquiteiras e os arquiteiros pertencen aos grupos máis altos do funcionariado da Administración pública. Isto significa que un dos aspectos que caracteriza a formación de profesionais de arquivos é, ou cando menos debería ser, a esixencia da súa capacitación a través de estudos universitarios.

Ata época ben recente, e máis concretamente en Galicia ata a segunda metade dos anos noventa do século xx, a carreira privilexiada na formación de profesionais de bibliotecas e arquivos era a Licenciatura de Historia. Hoxe en día segue tendo o seu lugar e, á hora de analizar o momento actual, lévanos a atender aquí aos datos relativos ao Grao de Historia impartido na Universidade de Santiago de Compostela.

A Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación implantouse no sistema universitario galego, máis concretamente na Universidade da Coruña (Campus Esteiro), no curso 1996-1997. Logo, no curso 2003-2004, engadiuse a Licenciatura como segundo ciclo, mais, desde hai escasos anos, concretamente a partir do curso 2013-2014, implantouse o Grao en Información e Documentación, de lóxico interese nestas páxinas. Na mesma universidade e campus concrétese no curso 2015-2016 outra proposta de formación que ter en conta, trátase do Mestrado Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas. Existe ademais unha formación paralela creada e constituída nas contornas do asociacionismo profesional¹¹⁵ e das distintas administracións públicas. Aténdese neste caso aos datos dos cursos organizados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e aos dos preparados pola Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia (BAMAD-Galicia).

As xornadas, dirixidas ao mundo da documentación e da arquivística, teñen tamén o seu lugar na in/formación e no intercambio de coñecementos entre o estudantado e as e os profesionais deste campo, mais neste caso non se vai afondar neles. A tarefa excede as nosas capacidades.

ESTUDOS UNIVERSITARIOS

Recollemos neste apartado a información relativa ás tres titulacións universitarias referidas máis arriba. Unha delas impartida na Universidade de Santiago de Compostela e as outras dúas na Universidade da Coruña.

Grao en Historia (USC)

Segundo se recolle na información sobre o actual Grao en Historia no web da USC¹¹⁶, a principal saída laboral desta titulación «é a docencia, aínda que destacan ademais o traballo arqueolóxico e o relacionado con arquivos e bibliotecas».

O plan de estudos deste grao, publicado no BOE o 5 de marzo de 2010, é de catro anos; apenas fai mención a arquivos e arquivística e son só cinco as materias relacionadas co campo que nos ocupa.

¹¹⁵ É importante lembrar aquí que a formación dunha parte importante dos e das arquivistas en activo na actualidade en Galicia se realizou a través do programa Escolas Obradoiro do Ministerio de Cultura. Organizáronse tres en todo o Estado. En Galicia impartíuse no Arquivo do Reino de Galicia grazas ao empeño persoal de Pedro López, por entón director deste.

¹¹⁶ <http://www.usc.es/es/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651> [Última consulta: 16/04/2018].

Conceptos fundamentais das Ciencias Humanas e Sociais é unha materia do segundo semestre do primeiro curso e ten entre os seus obxectivos xerais o de «ordenar, organizar, definir e sintetizar a información de fontes documentais e bibliográficas». Por outro lado, Introducción ao Estudo da Cultura Escrita inclúe formación en paleografía e impártese no primeiro semestre do segundo curso. Metodoloxía da historia impártese no cuarto curso e di no punto oito do programa: «O Estado e a Historia: a xénese da idea de patrimonio nacional e o nacemento dos arquivos, museos e bibliotecas». Outra materia de cuarto curso é Patrimonio histórico e usos sociais da historia e centra a súa primeira parte no patrimonio documental e bibliográfico. Tendencias historiográficas é tamén materia do cuarto curso e no programa destacan dúas cuestións: 1) O punto 9 ocúpase da diversificación das estratexias na investigación recente e contén unha epígrafe titulada «A abordaxe dos problemas da identidade de xénero» e 2) O punto 11 ocúpase dos novos camiños e contén a epígrafe titulada «A deconstrución do arquivo». O expresado no punto 9 converte a materia Tendencias historiográficas na única das cinco analizadas na que se inclúen de xeito explícito cuestións vinculadas co xénero.

Segundo a base de datos de matrícula proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións da USC, a evolución do alumnado matriculado no Grao de Historia en cifras totais e por cursos lectivos desde a súa implantación en 2010 ata o curso 2017-2018 é a que segue:

Curso lectivo	Alumnos/as matriculados/as
2010-2011	138
2011-2012	278
2012-2013	445
2013-2014	489
2014-2015	484
2015-2016	484
2016-2017	470
2017-2018	458

Cadro nº 15. Alumnado matriculado no Grao de Historia da USC, 2010-2018.

Atendendo á táboa, pódese afirmar que o alumnado matriculado no Grao en Historia da USC experimenta un importante crecemento desde a súa implantación ata o curso lectivo 2013-2014, cando acada un total de 489 matrículas. Seguen a este dous cursos lectivos, o 2014-2015 e o 2015-2016, nos que a matrícula, aínda que se reduce lixeiramente (cinco persoas menos), se mantén en 484 alumnas e alumnos. A partir de aquí a caída de matrículas é máis significativa. No curso 2016-2017 son catorce persoas menos que no curso anterior e respecto a este o curso 2017-2018 presenta vinte e dúas persoas menos.

En canto á evolución do alumnado matriculado segregado por sexos no grao que nos ocupa, correspóndese, segundo a fonte indicada máis arriba, cos seguintes datos¹¹⁷:

¹¹⁷ Base de datos actualizada na fin de curso académico, agás no curso 2017-2018, que foi actualizada o 15 de marzo de 2018.

Curso	2010-2011		2011-2012		2012-2013		2013-2014		2014-2015		2015-2016		2016-2017		2017-2018	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
1	62	61	66	49	67	40	76	33	75	40	67	40	67	41	69	35
2	69	46	53	58	62	46	74	44	74	42	76	35	65	38	57	35
3	-	-	74	58	52	64	57	54	74	40	75	36	76	35	62	39
4	-	-	-	-	62	52	70	81	68	71	89	66	97	51	109	52
Totais	131	107	193	155	243	202	277	212	291	193	307	177	305	165	297	161

Cadro nº 16. Alumnos e alumnas matriculadas no Grao de Historia da USC, 2010-2018.

Obsérvase na táboa que, en todos e cada un dos cursos lectivos, é máis alto o número de matriculados que o número de matriculadas e que, segundo pasan os anos e ata o curso 2016-2017, as diferenzas van en aumento. Así, no 1º ano lectivo o número de alumnos supera en 24 ao número de alumnas, no 2º fano en 38, no 3º en 41, no 4º en 65, no 5º en 98, no 6º en 130 e no 7º en 140. Esta progresión fréase lixeiramente no curso lectivo 2017-2018, xa que neste caso eles son 136 máis ca elas.

Vexamos o que ocorre co profesorado deste grao. A táboa de evolución deste grupo que nos proporciona a USC¹¹⁸ segregada por sexos amosa o seguinte:

Curso	2010-2011		2011-2012		2012-2013		2013-2014		2014-2015		2015-2016		2016-2017		2017-2018	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
1	13	8	11	7	14	6	14	10	17	9	15	7	19	12	19	12
2	14	7	17	9	15	8	17	8	15	10	16	5	19	7	18	10
3	-	-	12	9	17	11	10	14	10	12	10	7	10	7	11	8
4	-	-	-	-	46	31	55	32	32	18	40	17	19	10	20	8
Totais	27	15	40	25	92	56	96	64	74	49	81	36	67	36	68	38

Cadro nº 17. Profesoras e profesores no Grao de Historia da USC, 2010-2018.

Segundo se nos indicou, ao facermos a lectura destes datos hai que ter en conta que a segmentación por curso académico ten como consecuencia que o profesorado se repita en diferentes cursos porque imparte materias de distintos niveis. De todos os xeitos, pódese sinalar que, en todos os anos lectivos e nos catro cursos en que se divide este grao, o número de profesores é maior que o de profesoras.

Grao en Información e Documentación (UDC)

Esta titulación impártese na Facultade de Humanidades e Documentación da UDC e ten unha duración de catro anos. Segundo información recollida no web¹¹⁹, «ofrece a formación necesaria para desenvolver con éxito as tare-

¹¹⁸ Base de datos de recursos humanos proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións, actualizada o 31 de decembro de cada ano.

¹¹⁹ <http://estudios.udc.es/gl/study/start/710g02v02> [Última consulta: 05/03/2018].

fas que se esperan dos profesionais nos ámbitos relacionados coa clasificación de libros e documentos, as normas de catalogación e clasificación, a organización de bibliotecas e o uso de diversas fontes de información bibliográfica».

Hoxe en día, esta titulación está a pasar por un proceso de reconfiguración do plan de estudos coa intención de orientalo cara ao mundo dixital. Segundo se nos indicou, espérase que o novo formato estea implantado no curso 2019-2020.

Interesa neste caso prestar atención ao plan de estudos que se vén impartindo desde a creación deste grao en 2013 ata o de agora. É preciso comezar dicindo que nada hai nel que permita afirmar que foi pensado desde perspectivas feministas e/ou de xénero. No tocante ás materias especificamente vinculadas ao campo da arquivística impartidas actualmente neste grao, estas ascenden a un total de catro e cada unha delas equivale a seis créditos. Dúas destas materias son de carácter obrigatorio: Arquivística, que se imparte no segundo cuatrimestre do primeiro curso, e Xestión de documentos administrativos, que é materia do primeiro cuatrimestre do terceiro curso. As outras dúas, Arquivos municipais e Administración de arquivos históricos, son optativas e impártense no primeiro cuatrimestre do cuarto curso.

Sería preciso falar tamén doutras tres materias obrigatorias de seis créditos impartidas no segundo curso, que, se ben non están exclusivamente orientadas á arquivística, si están moi vinculadas a este campo. Dúas delas, Documentación xeral e Análise documental, impártense no primeiro cuatrimestre, mentres que a terceira, Análise documental do contido, no segundo.

Entrando xa na cuestión da distribución do profesorado e do alumnado en función dos sexos, é preciso dicir que o profesorado que imparte materias específicas de arquivo para o conxunto do grao se compón de sete docentes —seis mulleres e un home—. É indiscutible que a presenza delas é moito maior que a deles. Canto ao alumnado, recollemos os datos da matrícula dos cinco anos lectivos desenvolvidos desde 2013 ata a actualidade no cadro que segue.

Matrícula do alumnado do Grao de Información e Documentación. UDC			
Curso	Alumnas	Alumnos	Totais
2017-2018	18	5	23
2016-2017	23	4	27
2015-2016	30	3	33
2014-2015	29	4	33
2013-2014	27	3	30

Cadro nº 18. Alumnas e alumnos matriculados no Grao de Información e Documentación da UDC, 2013-2018.

Segundo a información recollida na táboa, pódese indicar que, desde a súa implantación existe moi pouca variación no número de discentes matriculados no curso 2013-2014. Ascende lixeiramente no curso 2014-2015, mantense no seguinte e, a partir deste último, comeza a baixar. Rexístranse seis matrículas menos no curso 2016-2017. No curso 2017-2018 a caída é menor xa que se rexistran catro matrículas menos respecto ao ano lectivo anterior.

No tocante á distribución do alumnado por sexos, é importante dicir que, en todos os anos lectivos analizados, o número de alumnas é ben superior ao de alumnos. O curso que presenta menor diferenza no número de matrículas por sexos é o 2017-2018, e aínda así a diferenza é ben significativa porque o número de alumnas cuadriplica o de alumnos. O curso no que a diferenza foi maior é o 2015-2016, xa que neste caso o número de alumnas foi dez veces superior ao de alumnos.

Mestrado Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas (UDC)

Coma o grao do que se acaba de falar, esta titulación impártese na Facultade de Humanidades e Documentación da UDC. Segundo a información recollida no seu web¹²⁰, entre os seus obxectivos está o de «formar a profesionais no campo da investigación, conservación e difusión do patrimonio cultural, bibliográfico e documental; e o de instruír na xestión e organización de museos, arquivos e bibliotecas».

O mestrado divídese en cinco módulos. No primeiro impártese tres materias vinculadas ao mundo dos arquivos de carácter obrigatorio: Patrimonio bibliográfico documental e arquivística, Sistema español de museos, arquivos e bibliotecas e Seminarios sobre tendencias actuais en museos, arquivos e bibliotecas. No terceiro módulo son cinco as materias optativas vinculadas ao campo que nos ocupa: Historia dos arquivos e as bibliotecas, Arquivos, bibliotecas e novas tecnoloxías, Organización e xestión de arquivos históricos e bibliotecas patri-moniais, Paleografía e diplomática, Arquivos municipais e historia local. Da información manexada sobre estas materias infírese que ningunha delas foi articulada desde perspectivas feministas e/ou de xénero.

É importante sinalar acerca do profesorado desta titulación que é o mesmo que o do grao do que se falou máis arriba, isto é, seis mulleres e un home.

A distribución do alumnado en función dos sexos é a que segue:

Matrícula do alumnado do Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas (UDC)

Curso	Alumnas	Alumnos	Totais
2017-2018	21	10	31
2016-2017	14	8	22
2015-2016	14	4	18

Cadro nº 19. Alumnos e alumnas matriculadas no Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da UDC, 2015-2018.

Se observamos a táboa, parece claro que a matrícula tende a un crecemento exponencial segundo transcorren os cursos. É evidente tamén que nos tres cursos aquí analizados o número de alumnas matriculadas é maior que o de alumnos. E que o número deles aumenta moderadamente no decorrer dos anos, mentres que o número delas, se ben se mantén nos dous primeiros cursos, rexistra no curso 2017-2018 un crecemento moi superior ao indicado no caso dos homes.

OUTROS CURSOS

Escola Galega de Administración Pública

Segundo a información recollida no seu web¹²¹, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

¹²⁰ <http://estudios.udc.es/gl/study/start/4521v01> [Última consulta: 05/03/2018].

¹²¹ <https://egap.xunta.gal/presentacion> [Última consulta: 14/02/2018].

que ten como finalidade principal formar e especializar o persoal ao servizo da Administración pública de Galicia. Máis concretamente, a acción formativa deste centro oriéntase á actualización permanente dos coñecementos dos e das empregadas públicas co obxectivo de acadar unha maior profesionalización do persoal ao servizo das administracións públicas e garantir así que a formación continua redunde na mellora da prestación dos servizos.

Interesa neste caso prestar a atención á oferta de cursos promovidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dirixidos ao persoal traballador de unidades de xestión documental. Optouse por acouitar a mostra aos cursos impartidos entre os anos 2015 e 2017, ambos os dous incluídos. É obrigado agradecer desde aquí a atención prestada por parte da EGAP á petición que se lle realizou neste sentido e a súa rápida resposta. Tivemos acceso aos programas dos cursos impartidos no devandito período, aos datos numéricos e desagregados por sexos relativos ao alumnado solicitante dos cursos —non ás persoas que realmente asistiron— e aos datos numéricos relativos ao profesorado que impartiu os citados cursos.

Entre o mes de marzo de 2015 e o mes de outubro de 2017, a EGAP ofertou un total de dous cursos dirixidos a profesionais de bibliotecas e arquivos: Realización de titoriais e presentacións en vídeo para xestores da información e A preservación de documentos electrónicos. Outros tres, no mesmo período, son os dirixidos unicamente a arquivistas: Os arquivos e o patrimonio documental: un recurso didáctico, Recursos arxivísticos en Internet e Xestión de proxectos en arquivos.

Hai que indicar aquí que nada hai nos programas propostos que faga supoñer que as cuestións de interese neste informe sexan tidas en conta; isto é, non parece que ningún deles sexa elaborado desde olladas críticas feministas e/ou de xénero.

No que atinxe á distribución anual dos cursos e do alumnado e profesorado segundo o sexo, cos datos proporcionados pola EGAP, elaborouse o cadro que segue:

Nome do curso	Data	Alumnado		Profesorado	
		H	M	H	M
Realización de titoriais e presentacións en vídeo para xestores da información	Abril 2015	2	7	1	0
A preservación de documentos electrónicos	Abril 2016	4	11	0	2
Os arquivos e o patrimonio documental: un recurso didáctico	Abril 2017	5	16	?	?
Recursos arxivísticos en Internet	Mai 2017	7	14	1	1
Xestión de proxectos en arquivos	Outubro 2017	6	12	1	0
Cinco cursos ofertados	2015-2017	34	117	6 (?)	5 (?)

Cadro nº 20. Profesorado e alumnado, desagregado por sexos, dos cursos de interese para arquivistas organizados pola EGAP entre 2015 e 2017.

O número de cursos ofertados para o ano 2015 ascende a un total de un. Esta cifra mantense no ano 2016 e triplícase no ano 2017, cando se imparten tres cursos.

No que respecta ao alumnado solicitante dos cursos, é importante explicar que en todos eles é maior o número de mulleres que o de homes. Nos casos en que a diferenza é menor —Recursos arxivísticos en Internet e Xestión

de proxectos en arquivos—, as solicitantes dobran o número dos solicitantes, mais polo xeral o número de mulleres triplica o número de homes.

Canto ao profesorado, unicamente podemos fornecer datos reais de catro dos cinco cursos impartidos. Obsérvase que os campos H(ome) e M(uller) relativos ao curso Os arquivos e o patrimonio documental: un recurso didáctico foron completados cun interrogante. Débese isto a que a única información proporcionada para este campo desde a EGAP é que se trata de «Arquiveiros profesores de ensino secundario». Descoñécese, polo tanto, o número de persoas encargadas de impartir este curso e se realmente a linguaxe empregada é a axeitada e remite unicamente a varóns. É preciso dicir entón dos catro cursos restantes que o número de docentes varóns é lixeiramente superior ao número de mulleres.

Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia

A Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia (BAMAD-Galicia), creada en 2008, dá continuidade ás liñas de traballo iniciadas pola ANABAD-Galicia hai trinta anos.

Ten entre os seus obxectivos a promoción dunha formación de calidade das e dos profesionais que desenvolven o seu traballo en bibliotecas, arquivos, museos e centros de documentación. Neste sentido, organiza cursos pensados para actualizar os coñecementos de profesionais con varios anos de percorrido neste eido e tamén como complemento na formación das persoas recentemente licenciadas. Trátase de cursos dirixidos en primeira instancia ás socias e aos socios, que coas súas cotas fan posible a existencia da organización e das súas actividades.

Ocuparémonos aquí de analizar os datos proporcionados por esta organización relativos aos cursos de formación ofertados nos anos 2016 e 2017 dirixidos a arquivistas e presentarémolos divididos en dous bloques. No primeiro deles ocuparémonos dos cursos dirixidos indistintamente a persoal de arquivos e bibliotecas e, no segundo, atenderase a aqueles cursos destinados exclusivamente a arquivistas.

Cómpre deixar anotado aquí que, ao igual que ocorre nos cursos ofertados pola EGAP, non parece que ningún deles fose elaborado desde olladas críticas feministas e/ou de xénero.

Cursos dirixidos a persoal de bibliotecas e arquivos

O número de cursos dirixidos a profesionais de bibliotecas e arquivos en 2016 e 2017 ascende a un total de sete.

A oferta en 2016 é de tres cursos: Cloud Computing, Conservación preventiva de documentos e taller Políticas de Información.

Catro, isto é, un máis, son os cursos ofertados no ano 2017: Curso Auxiliares USC (1ª edición), Curso Auxiliares USC (2ª edición), Taxación de Documentos e taller Políticas da Información (2ª edición).

Aténdese agora aos datos numéricos das persoas matriculadas nestes cursos desagregadas segundo sexos e anos e aos datos do profesorado segundo os mesmos criterios.

Cursos ofertados en 2016 para profesionais de bibliotecas e arquivos	Matrícula por sexos		
	Mulleres	Homes	Totais
Cloud Computing	10	4	14
Conservación preventiva de documentos	11	5	16
Taller Políticas de Información	20	8	28

Cadro nº 21. Matriculadas e matriculados nos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2016.

Cursos ofertados en 2016 para profesionais de bibliotecas e arquivos	Profesorado por sexos	
	Mulleres	Homes
Cloud Computing	1	1
Conservación preventiva de documentos	1	0
Taller Políticas de Información	0	1
Totais	2	2

Cadro nº 22. Profesoras e profesores dos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2016.

Cursos ofertados en 2017 para profesionais de bibliotecas e arquivos	Matrícula por sexos		
	Mulleres	Homes	Totais
Curso Auxiliares USC (1ª edición)	26	4	30
Curso Auxiliares USC (2ª edición)	27	3	30
Taxación de documentos	19	7	26
Taller Políticas de Información (2ª edición)	20	3	23

Cadro nº 23. Matriculadas e matriculados nos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2017.

Cursos ofertados en 2017 para profesionais de bibliotecas e arquivos	Profesorado por sexos	
	Mulleres	Homes
Curso Auxiliares USC (1ª e 2ª edición)	2	0
Taxación de documentos	2	0
Taller Políticas de Información (2ª edición)	0	1
Totais	4	1

Cadro nº 24. Profesoras e profesores dos cursos organizados pola BAMAD-Galicia para profesionais de bibliotecas e arquivos en 2017.

Tanto se se establecen comparacións curso a curso coma se se teñen en conta as cifras totais, 2017 supera ao ano anterior, amais de na oferta de cursos, en número de matrículas e de profesorado. Así, en 2016 a cifra total de matrículas é de 58 persoas e en 2017 de 109. No tocante ao profesorado, as diferenzas acúrtanse, xa que son catro as persoas que imparten as materias en 2016 e cinco as que o fan en 2017.

Sobre o taller Políticas de Información ofertado nos dous anos consecutivos, chama a atención que, mentres o número de mulleres se mantén nos dous anos —son 20—, o número de homes presenta unha caída considerable —son oito homes os que realizan o curso en 2016 e unicamente tres os que o fan no ano 2017—. Entendemos que, con toda probabilidade, isto se debe a que os arquivistas xa realizaran este curso no primeiro ano e non quedou ningún para facelo na segunda quenda. Cómpre dicir, ademais, que este taller no ano 2016, e en comparación cos outros dous ofertados nese ano —Cloud Computing e Conservación preventiva de documentos—, é o que presenta o maior número de matrículas: o dobre no caso das mulleres e lixeiramente máis alto no caso dos homes.

Tendo en conta os datos de matrícula desagregados por sexos, é preciso dicir que en ambos os dous anos a asistencia de mulleres é bastante superior á de homes. Elas representan algo máis do dobre no primeiro ano analizado e superan con moito esta porcentaxe no segundo.

O curso Taxación de documentos, impartido en 2017, é o que presenta menos diferenza entre matriculados e matriculadas —elas triplican o número deles—. O Curso Auxiliares USC (2ª edición) é o que amosa maiores diferenzas entre o número de alumnas e o de alumnos. Elas presentan unha cifra nove veces superior á que corresponde aos alumnos. Con todo, estas diferenzas non resultan sorprendentes e explícanse atendendo ao feito de que, nos arquivos, como xa se veu no capítulo «Arquivistas», e tamén nas bibliotecas, é maior o número de traballadoras que de traballadores.

No tocante aos datos desagregados segundo os sexos do profesorado, é importante indicar que nos cursos ofertados en 2016 atopamos o mesmo número de mulleres que de homes —dous—. En 2017 encárganse de impartir as materias dos tres cursos ofertados cinco persoas —catro mulleres e un home—, porque dous dos cursos impartidos —o Curso Auxiliares USC (1ª e 2ª edición) e o curso Taxación de documentos— contaron con dúas docentes.

Cursos dirixidos a arquivistas

No ano 2016 non se ofertou ningún curso específico para persoal de arquivos e en 2017, un: Política de xestión de documentos.

No cadro que segue recóllese o número matrículas deste curso desagregadas segundo os sexos. Obviamos engadir a táboa relativa ao profesorado porque os datos proporcionados indican que foi un home o encargado de impartir esta materia.

Curso ofertado en 2017 para profesionais de arquivos	Matrícula por sexos		
	Mulleres	Homes	Total
Política de xestión de documentos	12	4	16

Cadro nº 25. Matriculadas e matriculados no curso organizado pola BAMAD-Galicia para profesionais de arquivos en 2017.

O total da matrícula remite a un total de dezaseis arquivistas e, neste caso, o número de matriculadas triplica o número de matriculados. Aínda que tamén aquí a maioría da asistencia son mulleres, a proporción de homes é maior que nos cursos analizados anteriormente. Isto confirma a tendencia dun maior interese dos homes polos arquivos que polas bibliotecas.

**PARA UN USO NON SEXISTA
DA LINGUA NOS ARQUIVOS**

Os traballos de busca e localización de datos realizados na elaboración deste informe puxeron de manifesto que, a pesar da lexislación vixente nesta materia e da contundencia da presenza das mulleres no sistema arquivístico da Xunta de Galicia, o uso da linguaxe acostuma ser sexista. Ocorre isto mesmo nas obras de consulta xerais, como por exemplo nos dicionarios especializados, e tamén na xeneralidade da literatura profesional publicada en Galicia e no conxunto do Estado español. Sucede o mesmo nunha esmagadora maioría da escrita producida tanto por arquivistas coma na producida por arquivistas.

Presentan tamén esta eiva as ferramentas arquivísticas, as que veñen de vello e tamén as máis actuais, que se están a empregar en Galicia, no Estado e internacionalmente.

É importante que as autoridades arquivísticas galegas tomen consciencia desta realidade, como tamén o é que o propio colectivo profesional de arquivistas individual e colectivamente —con asociacións como BAMAD-Galicia, tan afeita a cubrir na medida das súas posibilidades as lagoas deixadas polas administracións públicas— o faga tamén.

É de interese, pois, reivindicar que se revisen e se corrixan os usos lingüísticos discriminatorios, sexistas e invisibilizadores das mulleres e adoptar usos inclusivos e non discriminatorios tanto na denominación dos postos de traballo coma nos requisitos, titulacións e descricións de funcións, como xa o fan algunhas outras institucións, aínda que ningunha vinculada a arquivos nin a arquivistas. Trátase de accións que son xa unha cuestión pendente na rede de arquivos do conxunto do Estado. Accións estas de baixo custo económico e que polo tanto non poden ser freadas por razóns orzamentarias. É simplemente unha cuestión de convicción e vontade política, e pódese acometer de xeito inmediato. Hai ferramentas para informarse, como por exemplo as que se recollen máis abaixo, e unidades na propia Xunta de Galicia, como a Secretaría Xeral de Igualdade, capaces de impulsar este proxecto en colaboración con arquivistas.

Da revisión do uso da linguaxe nas ferramentas que servirán para os novos modelos de descrición deriva tamén a elaboración de ferramentas informáticas e aplicacións que contemplan non só a linguaxe inclusiva, senón tamén a posibilidade de desenvolver instrumentos para a descrición e a organización de fondos máis adecuados á realidade social, dando resposta así, a través da acción profesional, a outra necesidade básica dos arquivos públicos galegos.

Sen ánimo de exhaustividade, recóllense no que segue algúns recursos dispoñibles na actualidade para o galego e o castelán, ferramentas de utilidade á hora de adoptar usos lingüísticos non sexistas nos arquivos.

RECURSOS

APLICACIÓN para unha linguaxe non sexista Exeria. Xunta de Galicia e Tagen Ata (<http://www.exeria.net/que.php>) [Última consulta: 09/02/2018].

CRITERIOS de *linguaxe non sexista*. Oficina de Igualdade de Xénero e Servizo de Normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (http://www.usc.es/es/servizos/oix/modules/news/news_0009.html) [Última consulta: 26/03/2018].

GUÍA de boas prácticas no web da Universidade da Coruña (https://www.udc.es/oficinaigualdade/Recursos/guia_boas_practicas.html?language=es) [Última consulta: 26/03/2018].

- Guía para un uso da linguaxe non sexista nas relacións laborais e no ámbito sindical.* Sindicato Nacional de Comisións Obreiras (http://www.ccoo.gal/comunes/recursos/11/pub155164_Guia_para_un_uso_da_linguaxe_non_sexista_nas_relacions_laborais_e_no_ambito_sindical.pdf) [Última consulta: 09/02/2018].
- Guía rápida de linguaxe inclusiva. Deputación de Pontevedra (<https://www.depo.gal/documents/1076146/2925522/gu%C3%ADa+de+linguaxe.pdf/22a650a9-1a4b-4efa-bc1d-2b8792d0435d>) [Última consulta: 09/02/2018].
- INSTITUTO Nacional de Administración Pública (1990): *Manual de estilo del lenguaje administrativo.*
- LINGUAXE non sexista/Inclusiva.* Concello de Santiago de Compostela (http://tm.santiagodecompostela.gal/sites/all/files/public/docs/guia_linguaxe_non_sexista_1.pdf) [Última consulta: 26/03/2018].
- «LINGUAXE non sexista». No web *Mulleres en Galicia*. Secretaría da Igualdade, Xunta de Galicia (<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/linguaxe-non-sexista>) [Última consulta: 08/02/2018].
- LLEDÓ CUNILL, Eulalia (2007): *Las profesiones de la A a la Z. En femenino y en masculino*, Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (<http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/lasprofesiones.pdf>) [Última consulta: 08/02/2018].
- MANUAL de linguaxe inclusiva no ámbito universitario.* Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, 2012 (https://research.aston.ac.uk/portal/files/19732869/Castroetal2012_ManualDeLinguaxeInclusiva.pdf) [Última consulta: 26/03/2018].
- MANUAL de linguaxe non sexista.* Confederación Nacional do Traballo, 2011 (http://cnt.es/sites/default/files/Manual_de_linguaxe_non_sexista.pdf) [Última consulta: 09/02/2018].
- MÉNDEZ MIRAS, Ana e Itxaso ASIAIN VILLANUEVA (coords.) (2006): *Nombra.en.Red. En femenino y en masculino*, Instituto de la Mujer. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (<http://www.upm.es/sfs/Rectorado/Gerencia/Igualdad/Lenguaje/Nombra%20en%20red.pdf>) [Última consulta: 08/02/2018].
- MENÉNDEZ MENÉNDEZ, M^a Isabel (2006): *Lenguaje administrativo no sexista*, Instituto Andaluz de la Mujer (http://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/13317296938_Mxdulo_7.Lenguaje_administrativo_no_sexista.pdf) [Última consulta: 08/02/2018].
- I PLAN de Igualdad entre Mujeres y Hombres del Ayuntamiento de Madrid y sus Organismos Autónomos (2016) (<http://www.madrid.es/UnidadesDescentralizadas/UDCMedios/noticias/2016/12Diciembre/14Mi%C3%A9rcoles/NotasdePrensa/PlanIgualdad/ficheros/Plan%20de%20igualdad.pdf>) [Última consulta: 08/02/2018].
- RECOMENDACIÓNS para o uso dunha linguaxe non sexista.* Confederación Intersindical Galega, 2007 (<http://www.cig-ensino.gal/files/Documentos/Linguaxe%20non%20sexista.pdf>) [Última consulta: 26/03/2018].
- RECOPILATORIO de recursos web sobre lenguaje no sexista.* Proyecto Web con Género, 2008 (http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/recopilatorio_lenguajenosexista.pdf) [Última consulta: 26/03/2018].
- UNED (2002): *Guía de lenguaje no sexista*, UNED. Oficina de Igualdad (https://www.udc.es/export/sites/udc/oficinaigualdade/_galeria_down/documentos/GUIA_LINGUAJE.PDF) [Última consulta: 08/02/2018].
- UNESCO (s.d.): *Recomendaciones para un uso no sexista del lenguaje* (<http://unesdoc.unesco.org/images/0011/001149/114950so.pdf>) [Última consulta: 08/02/2018].

A MODO DE CONCLUSIÓN E PROPOSTAS

Coñecemos que son os arquivos públicos e a súa transcendencia social, tamén sabemos que son unidades que reflicten as actividades dunhas administracións que afectan ao conxunto da cidadanía, de aí o interese en realizarmos esta análise. Un traballo na procura de melloras non só no sistema arquivístico público galego, xa que as conclusións extraídas aquí se poden extrapolar ao conxunto dos arquivos públicos do Estado que están a pasar polo mesmo ou moi similar estado de cousas.

Como non deixamos de lembrar ao longo do informe, os datos, na maioría dos casos, revelan importantes eivas no conxunto da rede de arquivos públicos con actividade en Galicia, non só no tocante ao estado da cuestión en materia de muller, mulleres, xéneros e feminismos, senón na totalidade do mundo dos arquivos e dos e das arquivistas.

A Administración do Estado xa non ten responsabilidades en materia de xestión dos arquivos galegos, nin das restantes comunidades autónomas; aínda así, as unidades de coordinación, como o Consello de Cooperación Arquivística, poderían ser unha potente ferramenta de posta en común, que conviría potenciar e na que se deberían corresponsabilizar as administracións con vistas a obter beneficios comúns.

A totalidade da responsabilidade dos sistemas recae sobre as institucións autonómicas, que xa contan con máis de 25 anos de existencia e deben asumir as consecuencias dos seus propios feitos. A galega incumpre leis propias, tanto a de igualdade como a de arquivos, e segue así unha liña frecuente no ámbito dos arquivos en todo o Estado que debe ser mudada.

Agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nos web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galicia incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas. É importante que as administracións públicas articulen e poñan en servizo un directorio do persoal técnico dos seus arquivos que incorpore os datos arriba indicados, de acceso libre e fácil localización nos seus espazos web. As asociacións profesionais poderían participar na creación e mantemento deses directorios.

Existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións.

Tanto nos servizos centrais coma nos periféricos da Administración autonómica, a falta de dotacións ou os baixos graos e niveis dos profesionais non logran sacar adiante o traballo que lles compete. A creación e dotación dos arquivos centrais das consellarías, pezas fundamentais na engrenaxe do sistema, son tamén urxentes.

No caso dos concellos, as eivas son aínda maiores: faltan arquivos e arquivistas. Ata o momento, as poucas medidas de apoio ás administracións locais non ofrecen os resultados esperados. As Deputacións de Lugo, Ourense e A Coruña parecen desocuparse dun ámbito que se está revelando vital para a supervivencia dos arquivos dos pequenos e medianos concellos no ámbito da Administración electrónica, que xa está aquí. A de Pontevedra, a que máis leva traballado nesta materia, tras a recuperación do patrimonio e a organización dos arquivos municipais, ten aínda por diante o reto de buscar a maneira de corresponsabilizar os propios concellos da dotación das súas prazas con arquivistas e incorporar o rico acervo municipal aos novos paradigmas de identificación, selección e difusión.

Os arquivos xudiciais arrancan por fin a súa andaina pero os responsables políticos precisan tomar conciencia de que é indispensable dotar as prazas de maior nivel e grao superior, recoñecendo o traballo das persoas para sacalo adiante pola fonda dificultade técnica do proceso de identificación e valoración en marcha.

É necesario abordar a política de selección documental desde criterios profesionais sólidos, sen proceder á destrución case indiscriminada de documentos en procesos apresurados e pouco transparentes que privan a memoria de fontes primarias.

Hai que acometer a elaboración dun verdadeiro Plan de Arquivos de Galicia que, dando cumprimento ao mandato recollido na Lei de arquivos e documentos de Galicia, desenvolva un verdadeiro proxecto estruturado para a configuración, organización, integración, servizo e difusión dos arquivos de Galicia, e poña o acento naqueles que precisen accións urxentes. Un plan que, ademais, debe ser pensado desde perspectivas de xénero e feministas. Cómpre lembrar unha vez máis que as críticas xurdidas desde análises feministas amosan que as sociedades e culturas occidentais en xeral, e tamén a galega en concreto, de vello participan e reproducen lóxicas androcéntricas e patriarcais que discriminan e invisibilizan as mulleres e as súas producións, espazos e relacións, e que isto non encaixa ben cos postulados das sociedades democráticas.

A arquivística e os arquivos comezan a ser analizados desde perspectivas feministas e de xénero moi recentemente. A revisión realizada aquí descobre que, incluso a nivel internacional, as iniciativas pioneiras foron articuladas desde Galicia, máis concretamente desde a Comisión de Igualdade do CCG. Isto permite falar de algo máis de dez anos de actividades, que son insuficientes xa que segue sendo preciso promover máis propostas neste eido e, sobre todo, procurar que estas sexan trasladadas a accións concretas nos plans de formación e nos arquivos. Neste senso é necesario que as administracións públicas e os organismos internacionais, nas ferramentas de busca e difusión do patrimonio documental (PARES, Europeana, Hispana, Galiciana...) incorporen perspectivas de xénero e feministas e definan marcadores ad hoc. É necesario tamén que incorporen as ditas perspectivas nos instrumentos técnicos de organización e descrición de fondos documentais, e moi especialmente nos modelos conceptuais que se están a construír: NEDA, Normas internacionais de descrición, RIC, e-EMEGDE, proxectos de arquivo único...

Vimos ao longo das páxinas deste informe que as e os arquivistas parecen estar a traballar, en materia de xénero ou igualdade, de costas á sociedade á que serven e á lexislación vixente nas citadas materias, xa que as perspectivas feministas e/ou de xénero están totalmente ausentes nas unidades da rede do sistema de arquivos de Galicia e tamén nos plans de formación. A linguaxe empregada é sexista e hai ferramentas de utilidade para mudar esta situación. Salvo actos puntuais e pouco significativos vinculados a días concretos, ningún arquivo puxo en marcha ningunha iniciativa neste sentido. Fai falta un compromiso profesional, admitir responsabilidades, reflexionar sobre esta situación e espertar o interese en expoñer e amosar a existencia de documentos de e sobre mulleres. É preciso facelo dunha maneira sistemática e planificada, máis alá de actuacións puntuais ligadas a efemérides (8 de marzo, 25 de novembro...) ou a outros eventos. É conveniente levalo a cabo ademais como colectivo profesional con capacidade de influír e de actuar para cambiar actitudes, xeitos de ver e interpretar a realidade e conseguir esa visibilidade. Neste sentido, pode ser interesante poñer en marcha programas de acción conxunta.

As arquivistas e os arquivistas asumen cada vez máis, cando menos en teoría, o papel social que a nova arquivística lles asigna aos arquivos, a importancia do dereito á información, á transparencia administrativa, á Administración electrónica, á concepción dos arquivos como institucións abertas que rompen coa visión tradicional de contedores de documentos valiosos, antigos e raros. Se vulgamos a literatura profesional, maioritariamente a escrita por mulleres, estase a apoiar cada vez máis a corrente do arquivo social. Non obstante, isto non está a producir os cambios de perspectiva esperables na rede de arquivos públicos con actividade en Galicia. Faise patente que é a preguiza institucional a que frea un proceso posible e desexable, como o de comezar a introducir sistematicamente indicadores non discriminatorios nos arquivos públicos.

Os postulados da denominada arquivística posmoderna, ao rexeitar a idea de que os arquivos e os seus documentos son imparciais e que o seu contido tradicional é sempre auténtico e verificable, sitúan o conxunto de profesionais de arquivos nun papel central, cunha tarefa que vai máis alá da custodia de documentos; como activistas que teñen o deber e o poder de xestionar e configurar a memoria, decidir que ou quen será recordado ou recordada, que ou quen será esquecida ou esquecido. Fan fincapé en como a selección da documentación xerada por diversos colectivos é un proceso afectado polo sexo, a clase e a etnicidade, polas subxectividade das persoas e pola natureza das institucións. As actuacións sobre a información non son neutras e precísase unha actitude proactiva para asegurar que a memoria preservada nos arquivos sexa xusta, equitativa e democrática.

Os arquivos públicos forman parte dos denominados depósitos documentais das institucións e son reflexo dunhas entidades que teñen o poder para controlar, ordenar, describir e clasificar os documentos de forma que reflectan os seus valores. Mais, polo xeral, tenden a silenciar as disidencias cos modelos instituídos e evitan así as interpretacións da xestión documental desde, entre outras, perspectivas feministas e/ou de xénero nas técnicas de recuperación da información, nos criterios de valoración e selección de documentos...

É necesario que os arquivos públicos e os plans de formación dirixidos a arquivistas incorporen outras perspectivas. No tocante á memoria das mulleres, poderíase incrementar a incorporación de perspectivas feministas interaccionando con mulleres vinculadas ao feminismo organizado ou non, coas vinculadas ao movemento asociativo ou ás universidades colaborando na captación e recolección da memoria, na identificación e descrición dos documentos, complementando a información escrita existente con outro tipo de rexistros como os procedentes da memoria oral... Tratando, en definitiva, de dar voz á diversidade, á sociedade, á multiplicidade. Talvez sexa esta a andaina para propoñer outra mirada sobre os arquivos e os documentos e camiñar cara ao que Eric Ketelaar (1997) describiu como «arquivos do pobo, para o pobo, incluso polo pobo». É posible aplicar outra mirada e outra sensibilidade aos arquivos para, dese xeito, empezar a establecer pautas que favorezan o equilibrio e tendan á igualdade e á equidade.

Precisamos que as arquivistas tomen conciencia do seu número e da súa importancia para que non esquezan as primeiras arquivistas que, coa forza da súa valía intelectual, do seu tesón e do seu traballo profesional, se abriron paso nun ámbito que lles estaba vedado e que pertencía en exclusiva aos varóns. Precisamos que os arquivistas asuman, xunto coas arquivistas, a súa capacidade e que entendan que transformando os arquivos en clave feminista estarán a participar tamén na transformación da sociedade coa eliminación das discriminacións en función dos sexos. Sería importante tamén que os arquivos incorporasen elementos para suprimir as discriminacións establecidas en función das clases, da etnicidade, da sexualidade ou das razas.

A responsabilidade de abordar estes proxectos e cambios de perspectiva corresponderíalles ás distintas administracións públicas, mais para encarar proxectos deste tipo deben contar co apoio de profesionais e precisarían tamén dun liderado técnico que acepte e asuma como propio o obxectivo de conseguir a representación equitativa de homes e mulleres na información ofertada polos arquivos. As e os profesionais deberían demandar este plan na Administración en que traballan, nas asociacións de profesionais nas que participan e nos foros profesionais —cursos, xornadas, congresos ou conferencias—. «Sen igualdade de datos non hai igualdade de xénero. Só se melloramos os datos sobre mulleres poderemos promover realmente a igualdade, aliviar a pobreza e progresar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)». Son palabras de Emily Courey Pryor (2017) a respecto da iniciativa sobre datos de xénero da Fundación ONU, que convén ter en conta.

Todos os cambios supoñen un esforzo e este tamén: necesítase reflexión, deseñar ferramentas, proxectar resultados...; un esforzo engadido a outros que as e os arquivistas xa están a asumir —menos recursos económicos, menos persoal, máis traballo— pero necesario: responsabilizarse na esixencia de medidas de igualdade.

Insistimos, os arquivos públicos son produto de decisións e claves culturais, sociopolíticas e ideolóxicas dominantes en cada momento, e as e os arquivistas non se dedican unicamente a custodiar, ordenar e conservar docu-

mentos de forma ecuánime, senón que participan na construción da memoria das institucións reproducindo lóxicas desigualitarias e discriminatorias. Correspóndelles ás e aos profesionais da arquivística aceptar como un trazo inherente da profesión a actuación como axentes que participan na configuración dunha memoria social conscientemente construída e é importante que este proceso de cambio sexa tamén asumido polas administracións incluíndoo no Plan de Arquivos de Galicia, un plan que debe elaborar a Consellería de Cultura e Turismo e que prevé a Lei de arquivos e documentos de Galicia. Incorporar a perspectiva de xénero a este plan suporía colocar a Galicia nunha posición de preeminencia, ser pioneira neste eido.

**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS,
DOCUMENTAIS E WEBGRÁFICAS**

- ÁLVAREZ, Ángeles / Lola GALOVART (2017): «El 8 de marzo puede ser un gran día no lo dejes escapar», *Huffingtonpost*, 03/03/2017 (http://www.huffingtonpost.es/lola-galovart/el-8-de-marzo-puede-ser-un-gran-dia-no-lo-dejes-escapar_a_21872847/) [Última consulta: 17/04/2018].
- ÁLVAREZ, Rosario (2016): «Presentación», en Anselmo López Carreira, *Documentos do arquivo da catedral de Ourense (1289-1399)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016, 8-9.
- CODINA-CANET, María Adelina / Rosa SAN SEGUNDO (2015): «Centro de Archivo para la memoria del feminismo: Un proyecto pendiente», en Javier González Cachafeiro (dir.), *Jornadas Archivando. Valor, sociedad y archivos*, León, Fundación Sierra Pambley (https://archivosierrapambley.files.wordpress.com/2015/12/maria-adelina_master_archivando_2015.pdf) [Última consulta: 17/04/2018].
- CODINA-CANET, María Adelina / Rosa SAN SEGUNDO (2016): «Propuesta de un centro de archivo del feminismo tras el análisis de los fondos documentales del movimiento feminista», *Revista española de Documentación Científica*, 39:1 (<http://redc.revistas.csic.es/index.php/redc/article/view/920>) [Última consulta: 17/04/2018].
- COOK, Terry (2007): «Archivística y posmodernismos: nuevas fórmulas para viejos conceptos», en Luis Hernández Olivera / Terry Cook (eds.), *Combates por la memoria. Archivística de la posmodernidad*, León, ACAL, 59-60. (Tabula, 10).
- COUREY PRYOR, Emily (2017): «Igualdad de datos para la igualdad de género. Una corriente global promueve más y mejores datos sobre mujeres para avanzar en los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS)», *El País*, 18/01/2017 (http://elpais.com/elpais/2017/01/18/planeta_futuro/1484755796_990437.html) [Última consulta: 17/04/2018].
- DÍAZ VÁZQUEZ, Beatriz (2017): «Las personas: archiveras y archiveros en los archivos públicos de Galicia y en las unidades en las que se insertan», en Dolores Pereira Oliveira (coord.), *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200568>) [Última consulta: 17/04/2018].
- EPELDE PAGOLA, Edurne / Miren ARANGUREN ETXARTE / Iratxe RETOLAZA GUTIÉRREZ (2015): *Gure genealogia feminista. Euskal Herriko Mugimendu Feministaren kronikabat*, Nafarroa, Emagin Dokumentazio eta Ikerkuntza Zentro feminista.
- GALLEGO, Olga (2008): *Historia da muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVII*, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- GARCÍA AMADOR, Eva (2017): «La presencia de la mujer en los fondos documentales. Nueva mirada de los usos en la investigación», en Dolores Pereira Oliveira (coord.), *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200568>) [Última consulta: 17/04/2018].
- JORNET BENITO, Nuria / Núria TUSET PÁEZ (2016): «Construyendo la memoria de los feminismos: archivos, bibliotecas y centros de documentación. Una mirada al pasado, una reflexión para el futuro», *BiD: textos universitaris de biblioteconomía i documentació*, 36 (<http://bid.ub.edu/es/36/jornet.htm>) [Última consulta: 17/04/2018].
- KEETELAR, Eric (1997): «Archives of the people, by the People, for the people», en Eric Keetelar (ed.), *The Archival Image. Collected essays*, Hilversum, Verloren.

- LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia (2016): «Os arquivos municipais de Galicia e os profesionais: onde están, onde estamos?», en VV. AA, *Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. Os arquivos da Administración local: política, planificación e sistemas fronte ao cambio* (<http://fundacionolgagallego.gal/actividades/xornadas/2016.htm;jsessionid=BF94F302EC16801AOC24DABC50AE0E13>) [Última consulta: 17/04/2018].
- LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia (2017): «Arquivos públicos: procesos de traballo e visibilidade das mulleres. A cara oculta da lúa», en Dolores Pereira Oliveira (coord.): *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200568>) [Última consulta: 17/04/2018].
- LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia / M^a Dolores PEREIRA OLIVEIRA (2000): «Una institución franquista en la provincia de Lugo: La Junta Provincial de Protección a la Mujer», en *Actas de las IV Jornadas de Castilla-La Mancha sobre Investigación en Archivos. El Franquismo: el régimen y la oposición*, Guadalajara, ANABAD / Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, v. I, 159-172.
- MARIÑO COSTALES, Mariám (2007): «Álbum de mulleres», en Carmen Pérez Pais / Mariám Mariño Costales (coord.), *Xénero e documentación. Unha ferramenta de achega ao tratamento documental*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://culturagalega.org/xeneroedocumentacion/>) [Última consulta: 17/04/2018].
- MARTICORENA GALLEGUILLOS, Francisca Luna (2017): «Archivo mujeres y géneros del Archivo Nacional de Chile. Desafíos a partir de su creación y crecimiento», en Dolores Pereira Oliveira (coord.), *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200568>) [Última consulta: 17/04/2018].
- MARTÍNEZ, Ana María / Alicia J. TODARO (2006): «La mujer en una lista de encabezamiento de materia en español», *Investigación Bibliotecológica*, 20:41, 195-206 (http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0187-358X2006000200009) [Última consulta: 17/04/2018].
- MARTÍNEZ GARCÍA, Luis (1999): «El sistema español de archivos en la Constitución. Confrontación entre teoría y realidad», en *Actas VII Congreso Nacional de ANABAD: información y derechos de los ciudadanos: teoría y realidad en el XX aniversario de la Constitución*, Madrid, Boletín de ANABAD, XLXIX:3-4, 166-192.
- MARTÍNEZ GARCÍA, Luis (2017): «Archivar en femenino: presencia de la mujer y del feminismo en la gestión de los archivos públicos españoles desde principios del siglo xx hasta nuestros días», en Dolores Pereira Oliveira (coord.), *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200568>) [Última consulta: 17/04/2018].
- NATIONAL DIGITAL STEWARDSHIP ALLIANCE (2017): «“Archives have never been neutral”. An NDSA Interview with Jarrett Drake», febreiro de 2017 (http://nds.org/2017/02/15/archives-have-never-been-neutral-an-nds-interview-with-jarrett-drake.html?utm_content=bufferd6b4b&utm_medium=social&utm_source=twitter.com&utm_campaign=buffer) [Última consulta: 17/04/2018].
- PEREIRA OLIVEIRA, Dolores (2017): «Presentación», en Dolores Pereira Oliveira (coord.), *Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: estado da cuestión desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200568>) [Última consulta: 17/04/2018].
- PÉREZ PAIS, Carmen (2007): «Mapas de fontes de información para estudos de xénero», en Carmen Pérez Pais / Mariám Mariño Costales (coord.), *Xénero e documentación. Unha ferramenta de achega ao tratamento documental*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://culturagalega.org/xeneroedocumentacion/>) [Última consulta: 17/04/2018].

- PÉREZ PAIS, Carmen / Mariám MARIÑO COSTALES (2013): *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2013_Recuperacion-da-documentacion-e-memoria-do-Movemento-Feminista-Organizado-en-Galicia.pdf) [Última consulta: 17/04/2018].
- PERPINYÁ MORERA, Remei (2016): «La mujer, la gran ausente en los archivos», *Blogue factor GDA*, 19/04/2016 (<https://esaged.wordpress.com/2016/04/19/la-mujer-la-gran-ausente-en-los-archivos/>) [Última consulta: 17/04/2018].
- SUBDIRECCIÓN GENERAL DE LOS ARCHIVOS ESTATALES (1995): *Diccionario de terminología archivística* (<https://www.mecd.gob.es/cultura/areas/archivos/mc/dta/portada.html>) [Última consulta: 17/04/2018].
- TURRIÓN GARCÍA, María José (2012): «Memoria e visibilización da muller a través dos fondos documentais e de xénero. Experiencias no Centro Documental de la Memoria Histórica», en Carmen Pérez Pais / Mariám Mariño Costales (eds.), *Xénero e documentación II. A recuperación da memoria do movemento feminista*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/mediateca/evento.php?id=359>) [Última consulta: 17/04/2018].

DOCUMENTOS

- Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega, DOG nº 150, 5/08/2008 (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/decreto_162.pdf) [Última consulta: 17/04/2018].
- Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, DOG nº 21, 02/02/2010 (http://noticias.juridicas.com/base_datos/CCAA/ga-d7-2010.t2.html) [Última consulta: 17/04/2018].
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, DOG nº 32, 17/02/2016 (<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOG-g-2015-90667>) [Última consulta: 17/04/2018].
- Decreto 25/2016, do 3 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia, DOG nº 57, 23/03/2016.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, BOE nº 101, 28/04/1981 (<https://www.boe.es/buscar/pdf/1981/BOE-A-1981-9564-consolidado.pdf>) [Última consulta: 17/04/2018].
- Lei 8/1983, do 8 de xullo, de creación do Consello da Cultura Galega, BOPG nº 140, 13/07/1983; DOG nº 102, 09/08/1983; BOE nº 13, 15/01/1985 (<http://consellodacultura.gal/paxina.php?id=4678>) [Última consulta: 17/04/2018].
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, DOG nº 191, 07/09/2014 (http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei_07_2014.pdf) [Última consulta: 17/04/2018].
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, BOE nº 236, 02/10/2015 (<http://www.boe.gob.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-10565&p=20151002&tn=2&lang=fr>) [Última consulta: 17/04/2018].
- Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, BOE nº 25, 29/01/2010 (<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2010-1331>) [Última consulta: 17/04/2018].

WEBS

Álbum de mulleres: <http://culturagalega.gal/album/>

ADHUC: <http://www.ub.edu/adhuc/es>

AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia):

<https://amtega.xunta.gal/>

Archivo de Feminismos de León: <http://www.archivofeminismosleon.org/>

Archivo Mujeres y Géneros: <http://www.archivonacional.cl/sitio/Secciones/Mujeres-y-generos/>

Arquivo da Deputación da Coruña: <http://arquivo.dacoruna.gal/?lang=es>

Arquivo da Deputación de Pontevedra: <http://arquivos.depo.gal/?1,5213>

Arquivo da Emigración Galega: <http://consellodacultura.gal/aeg/>

Arquivo Sonoro de Galicia: <http://consellodacultura.gal/asg/>

Arquivos de Galicia: <http://arquivosdegalicia.xunta.gal/portal/>

Asociación de Archiveros de Castilla y León: <http://www.acal.es/>

Censo-guía de Archivos de España e Iberoamérica:

<http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/archivodetail.htm?id=35899>

Centro de Documentación de Mujeres «Maite Albiz»: <http://www.emakumeak.org/es>

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia: <http://consellodacultura.gal/cds/>

Centro de Pesquisa e Formación. Sesc São Paulo:

<http://centrodepesquisaeformacao.sescsp.org.br/atividade/i-seminario-internacional-arquivos-mulheres-e-memorias>

CNEDA: <https://www.mecd.gob.es/cultura/areas/archivos/mc/cneda/presentacion.html>

Congreso dos Deputados: <http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso>

Consello da Cultura Galega: <http://consellodacultura.gal/>

Contenedor de feminismos: <http://contenedordefeminismos.org/es>

Data 2X: <http://www.data2x.org/>

Epistolario de Rosalía de Castro: <http://epistolarios.consellodacultura.gal/rosalia.php>

Fundación Olga Gallego:

<http://www.fundacionolgallego.gal/inicio.htm;jsessionid=E118346436E9EB93D13F8DCDC307B8BE>

Galiciana. Arquivo dixital de Galicia:

<http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/inicio/presentacion.cmd>

Gallaeciae Monumenta Historica: <http://gmh.consellodacultura.org/>

Grupo de Trabajo de Archiveros de Diputaciones, Consejos Insulares y Cabildos:

<http://www.archiverosdiputaciones.com/>

Mulleres e historia. Olga Gallego Domínguez: http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=1054

Olga Gallego Domínguez [cartografía]:

<http://culturagalega.gal/album/detallectografia.php?id=232>

Red Iberoamericana de Investigación en Historia, Mujeres y Archivos:

<https://riihma.wordpress.com/>

A Saia. Publicacións periódicas feministas:

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050

Subdirección Nacional de Archivos Estatales:

<https://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/archivos/informacion-general/gestion-de-archivos-estatales-en-el-ministerio/subdireccion-general-de-los-archivos-estatales.html>

Vento que zoa: <http://consellodacultura.gal/ventoquezoa/>

Xénero e documentación II. A recuperación da memoria do movemento feminista:

http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=446

Xénero e documentación III. Hemeroteca Feminista Galega A Saia:

http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=1058

